



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 28 de ABRIL de 2022 (1203/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e oito de abril de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego (RA 28/04/2022) por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa de Asesoramento de Asesoría Xurídica, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(290).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de abril e extraordinaria do 22 de abril de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(291).- SUBVENCIÓN DIRECTA A FUNDACIÓN UNICEF – COMITÉ ESPAÑOL (C.A. DE GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “RESPOSTA DE UNICEF ÁS NECESIDADES HUMANITARIAS DERIVADAS DA CRISE DE UCRANIA”. EXPTE. 233094/301.**

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 31/03/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunta á Xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

I.1. En data 23.03.2022 (Docums. Núms. 220060293, 220060316, 220060343 e 220060351) a Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario dirixido á protección da infancia no contexto da guerra en Ucraia.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 24.03.2022, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de UNICEF para a execución dese proxecto.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.



## Concello de Vigo

- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.
- Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023.

### III. INFORME

III.1. A Convención Internacional sobre os dereitos do neno, ratificada por España en 1990, consagra, entre outros, o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación orientada a desenvolver a súa personalidade e capacidades, ó descanso e o lecer, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e tamén o deber dos Estados de adoptar todas as medidas posibles para asegurar a protección e o coidado dos/as nenos/as afectados/as por un conflito armado (Arts. 28-31, 38 e ccetes.).

III.2. UNICEF, Axencia da ONU para a infancia, fundada en 1946, é a organización líder mundial neste ámbito e conta con presenza activa en máis de 190 países. Para responder ás crecentes necesidades humanitarias en Ucraia e entre os refuxiados nos países veciños, UNICEF está a traballar para ampliar rápidamente a súa resposta humanitaria multisectorial aproveitando a presenza e experiencia na zona e as alianzas preestablecidas, en coordinación cos seus aliados e con outros organismos das Nacións Unidas en Ucraia e nos países veciños que acollen ás persoas refuxiadas.

III.3. Tal como se indica no proxecto presentado para este ano 2022:

*«La importante escalada del conflicto armado en Ucrania ha provocado un aumento de las necesidades humanitarias y desplazamientos de población dentro y fuera del país. La situación está evolucionando rápidamente y las hostilidades han provocado la destrucción de infraestructuras clave y la interrupción de los servicios sociales básicos y la actividad económica. Varios niños han quedado atrapados en el fuego cruzado y han resultado heridos y muertos, lo que pone de manifiesto la situación de extrema vulnerabilidad en la que se encuentran los niños. El conflicto en Ucrania supone una amenaza inmediata y creciente para la vida y el bienestar de los 7,5 millones de niños y niñas del país.*

*UNICEF está ampliando rápidamente su respuesta multisectorial ante las crecientes necesidades humanitarias tanto en Ucrania como entre las personas refugiadas en los países vecinos. Garantizar la protección y el bienestar de las mujeres y los niños es la clave para los esfuerzos de respuesta de UNICEF. Se realizarán transferencias de efectivo para apoyar a los hogares vulnerables con niños. UNICEF también proporcionará agua potable, saneamiento e higiene, y trabaxará para recuperar los servicios de atención primaria de salud y nutrición, así como para incorporar a los niños y niñas desplazados en los programas locais de educación...».*

III.4. Estímase en 2,9 millóns os/as nenos/as en estado de necesidade e en 2,2 millóns o total dos/as nenos/as por atender. Como se informa no Proxecto presentado:

*“ (...) La protección de los niños afectados es el núcleo de la respuesta de UNICEF a los refugiados en los países vecinos. La respuesta tiene como objetivo abordar las necesidades humanitarias en materia de protección de la infancia, agua, saneamiento e higiene (WASH), salud y nutrición, educación y desarrollo de la primera infancia y protección social en Polonia, la República de Moldavia, Rumania, Hungría, la República Eslovaca, la República Checa y Bielorrusia, así como en los países vecinos (...) Dentro de Ucrania, UNICEF trabajará con sus aliados para reanudar los servicios de protección de la infancia y reproducirá los espacios amigos de la infancia "Blue Dot" para el apoyo crítico a los niños y las familias en movimiento (...)*

*UNICEF trabajará con sus aliados para poner en marcha transferencias de dinero en efectivo con fines múltiples para apoyar a los hogares vulnerables con niños, y para satisfacer una amplia gama de necesidades financieras. UNICEF reanudará el transporte de agua en camiones donde la infraestructura está dañada, y trabajará con sus aliados para proporcionar suministros de agua, saneamiento e higiene, y restablecer los servicios de agua y saneamiento en las comunidades y en los lugares donde la gente busca refugio.*

*En educación, UNICEF trabajará con sus aliados para que los niños y niñas desplazados y los que están en tránsito retomen el aprendizaje (...) UNICEF apoyará la reanudación de los servicios de salud y nutrición en las instalaciones locales de salud, incluyendo la atención primaria de salud en las comunidades y a través de equipos móviles de salud. El apoyo adicional incluirá la provisión de suministros sanitarios y la compra y entrega segura de vacunas esenciales.*

*En los países vecinos que acogen a los refugiados, UNICEF está reactivando los espacios seguros "Blue Dot" que proporcionan un apoyo crucial a las familias que se desplazan. UNICEF también ampliará el apoyo en materia de salud y nutrición, centrándose en la prestación de servicios esenciales para los niños y la prevención de brotes de enfermedades (...) realizará transferencias humanitarias en efectivo a los hogares vulnerables con niños, incluidos los que están en tránsito. UNICEF tiene previsto realizar intervenciones de saneamiento en los refugios, y distribuirá kits de higiene, además de apoyar la formación en materia de prevención y control de infecciones. UNICEF apoyará el acceso continuado de los niños a la educación mediante el apoyo a las actividades recreativas, la integración de los niños en el sistema educativo nacional y el suministro de kits educativos para los niños en tránsito...”*

III.5. UNICEF está a solicitar á comunidade internacional (“*Chamamento humanitario de UNICEF para a infancia de Ucrania*”) 349 millóns de dólares (uns 319 millóns de euros) para proporcionar apoio vital ós/ás nenos/as e ás súas familias: 276 millóns de dólares (uns 252 millóns de euros) para respostar ás necesidades inmediatas dentro de Ucrania e 73 millóns de dólares (uns 67 millóns de euros) para as necesidades humanitarias nos países veciños. Este financiamento permitiría apoiar a máis de 3,5 millóns de persoas, entre elas 2,2 millóns de nenos/as.

III.6. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de UNICEF por esa mesma cantidade (10.000€) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior



## Concello de Vigo

pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

III.7. O procedemento para a concesión destas subvencións iníciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.8. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, reconece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación para o desenvolvemento*” (Art. 96.3.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións

motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.9. O proxecto presentado ó Concello de Vigo por UNICEF estaría en coherencia, tanto coas políticas de acción humanitaria da “*Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo*” (AECID), dependente do *Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación* («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»), como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.10. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Arts. 133 e 136 LRBRL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.11. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto: «*RESPOSTA DE UNICEF ÁS NECESIDADES HUMANITARIAS DERIVADAS DA CRISE DE UCRANIA*», co que se pretende abordar as necesidades humanitarias en materia de protección da infancia, auga, saneamento e hixiene, saúde, nutrición, educación e protección social, de acordo co documento e a proposta presentadas ó Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia), CIF G – 84451087.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de UNICEF: «*RESPOSTA DE UNICEF ÁS NECESIDADES HUMANITARIAS DERIVADAS DA CRISE DE UCRANIA*», co que se pretende contribuír ó cumprimento do dereito á supervivencia e ó desenvolvemento dos/as nenos/as e as súas familias, afectados pola guerra en Ucraia, garantíndolles o acceso ós servizos básicos.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: estímase en 2,9 millóns os/as nenos/as en estado de necesidade e en 2,2 millóns o total dos/as nenos/as por atender. UNICEF ten previsto realizar transferencias humanitarias en efectivo ás familias vulnerables con nenos/as para atender ás súas necesidades básicas e prestarlles outros servizos en materia de auga, hixiene, saneamento, educación, saúde, nutrición e protección social.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (10.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.12 (“*Convenio Axuda UNICEF*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (UNICEF), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («*Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior*»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

S.ord. 28/04/2022

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de UNICEF, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2022 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español de UNICEF, con indicación expresa do doante, a cantidade e o proxecto ó que se destinan (“*Remittance Advice*”).
- Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en New York, onde se reflicte o tipo de cambio (“*Official Receipt*”).
- Certificado da subvención recibida asinado pola directora de Administración e Finanzas de UNICEF – Comité español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos.

En xuño de 2023 entregarase, ademais, un informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2022.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan





**Concello de Vigo**

a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

8ª.- *Réxime xurídico aplicable:* A concesión da subvención rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023 do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(292).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CENTROS EDUCATIVOS PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS DE COMEDOR NO MARCO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA. (CURSOS 2022/2023, 2023/2024, 2024/2025 E 2025/2026). EXPTE. 233418/301.**

Visto o informe xurídico do 11/04/2022 e o informe de fiscalización do 25/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/04/2022, asinado polo xefe de Áread e Benestar Social e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**

I.1. Na súa sesión do 20.04.2009, a Xunta de Goberno Local aprobou un Convenio marco de colaboración entre o Concello de Vigo e os centros de ensino público e privados con concerto pleno, no marco da convocatoria para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor (Exp. nº 40204/301), o que lles permitiría actuar como entidades colaboradoras para os efectos do disposto nos Arts. 12, 13, 15, 16 e ccdtes. da L.38/2003 e 9, 10, 12, 13 e ccdtes. da L.9/2007, respectivamente.

S.ord. 28/04/2022

En desenvolvemento dese Convenio marco, asináronse posteriormente un total de 82 convenios de colaboración con centros educativos da cidade para a xestión das axudas municipais escolares de libros e comedor. Da súa sinatura deuse conta nas sesións da XGL do 08.06.2009 e do 19.10.2009 (Exp. nº 45209/301).

I.2. Finalizada a vixencia deses convenios, no ano 2014 elaborouse polo Servizo de Benestar social un novo proxecto actualizado que foi tamén aprobado pola XGL, na súa sesión do 25.04.2014, conxuntamente coas Bases da convocatoria anual 2014/2015 (Exp. nº 93407/301). Este convenio incluía, coas correspondentes adaptacións, os contidos mínimos relacionados nos Arts. 16.3 da LXS e 13.2 da LSG para os convenios entre os órganos administrativos concedentes e as entidades colaboradoras.

A duración inicial destes Convenios era de catro (4) anos, podendo ser obxecto de prórroga por mútuo acordo das partes antes da súa finalización ata o máximo previsto no Art. 16.2 da LXS (L.38/2003), que é de seis (6) anos.

I.3. No ano 2018 a Xunta de Goberno Local aproba, na súa sesión ordinaria do 10.05.2018, o novo (e último ata agora) “PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E OS CENTROS EDUCATIVOS PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS DE COMEDOR NO MARCO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO” (Exp. nº 153149/301), que estaría vixente nos cursos 2018/2019 - 2021/2022.

En desenvolvemento deste último Convenio marco, asináronse posteriormente un total de 67 convenios de colaboración con centros educativos da cidade para a xestión das axudas municipais escolares de libros e comedor. Da súa sinatura deuse conta na sesión da XGL do 25.10.2018 (Exp. nº 153149/301).

## II. INFORME

II.1. De acordo co disposto na cláusula sexta, a duración inicial deses Convenios era tamén de catro (4) anos, podendo ser obxecto de prórroga por mútuo acordo das partes antes da súa finalización ata o máximo previsto no Art. 16.2 da LXS: seis (6) anos.

II.2. A valoración da colaboración establecida cos centros educativos para a xestión destas axudas é, a xuízo do Servizo de Benestar social, positiva. Con todo, a necesidade de introducir algunhas variacións no seu contido, basicamente para mellorar o proceso de xustificación das axudas de comedor e a incidencia da L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que modificou o Art. 2.2 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aconsellarían aprobar un novo convenio para outro periodo igual de catro (4) anos (Cursos 2022/2023, 2023/2024, 2024/2025 e 2025/2026), coa mesma posibilidade de prórroga por dous (2) anos máis mediando acordo expreso entre as partes.

II.3. A teor desa modificación legislativa, as axudas escolares do Concello de Vigo tramitadas pola Concellería de Política de Benestar Social non terían xa a consideración propiamente de “subvencións” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, en ausencia dunha normativa



**Concello de Vigo**

específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico de referencia, tal como se prevé nas súas Bases reguladoras.

II.4. As pequenas variacións/adaptacións introducidas agora no texto do Convenio marco afectarían unicamente ás cláusulas segunda (“*Ámbito de aplicación*”), cuarta (“*Obrigas da entidade colaboradora*”), quinta (“*Xustificación*”), sexta (“*Duración, vixencia, modificación e denuncia do convenio*”) e oitava (“*Protección de datos*”).

II.5. Recabouse xa dos representantes dos colexios a súa conformidade co novo convenio de colaboración. Constan no Servizo de Benestar Social os escritos dos directores dos respectivos centros de ensino manifestando a súa vontade de continuar actuando como entidades colaboradoras na xestión das axudas de comedor.

### III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de «Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e os centros educativos para a xestión das axudas de comedor no marco da convocatoria para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello e Vigo» (Cursos 2022/2023, 2023/2024, 2024/2025 e 2025/2026). A vixencia inicial deste Convenio será de catro (4) anos (Cursos 2022/2023 – 2025/2026), con posibilidade de prórroga por dous (2) anos máis mediando acordo expreso entre as partes.

SEGUNDO: Dispoñer o necesario para a inmediata sinatura dos respectivos convenios de colaboración, notificándolles este acordo ós colexios participantes e informándolles de que pon fin á vía administrativa e que contra el pódese interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

TERCEIRO: Unha vez asinados os convenios, darase conta deles á Xunta de Goberno Local».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL E O CENTRO EDUCATIVO.....  
PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS DE COMEDOR NO MARCO DA CONVOCATORIA  
PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR  
E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E  
PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN  
PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO.

---

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2022

**COMPARECEN**

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, Dª. Susana Gallardo Fariña.

Doutra,

D./Dª ..... Director/a do Centro.....

**INTERVEÑEN**

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D./Dª....., actuando en representación do Centro educativo.....,  
segundo así resulta de .....

Dª. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira – Delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,



**Concello de Vigo**

## **EXPOÑEN**

I. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

II. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

III. Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. e atribúelles competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

IV. O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai uns vintecinco anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Ámbalas dúas partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir a mellor prestación do servizo ós/as beneficiarios/as das axudas, procede a sinatura deste convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA: Obxecto do convenio.**

Este convenio ten por obxecto fixar o marco xeral de colaboración entre as partes asinantes para a mellor xestión das axudas municipais de comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e

S.ord. 28/04/2022

privados concertados do Concello de Vigo de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e educación secundaria.

### **SEGUNDA: Ámbito de aplicación.**

Quedan incluídas no presente convenio as actuacións derivadas das convocatorias anuais do Concello de Vigo, nas que os centros de ensino actuarán como entidades colaboradoras, nos mesmos termos e condicións que as acordadas nos anteriores convenios ó abeiro da normativa reguladora das subvencións públicas, na que se prevé a posibilidade de asinar convenios de colaboración entre os órganos administrativos concedentes e as entidades que actuarán como colaboradoras na súa xestión (Arts. 12 a 16 da LXS e 9 a 13 da LSG).

### **TERCEIRA: Obrigas do Concello de Vigo.**

No marco do presente convenio, correspóndelle ó Concello de Vigo como órgano concedente das axudas, a través do seu Servizo de Benestar Social:

- a) Comunicar ós centros a relación de beneficiarios/as das axudas así como a información relativa ós cambios que poidan producirse durante a súa vixencia.
- b) Aboar ó centro escolar a axuda concedida ós/as beneficiarios/as das mesmas, de acordo co seguinte procedemento:

Os pagamentos realizaranse mediante transferencias desde a conta habilitada do Servizo de Benestar Social á conta corrente de cada un dos centros cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

As propostas de aboamento ós centros educativos faranse en tres prazos:

- 1) O primeiro, ó longo do primeiro trimestre do curso escolar, por un importe máximo do **50%** do importe correspondente á resolución definitiva de beneficiarios/as.
- 2) O segundo, no segundo trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ó 80% de todas as bolsas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades abonadas no primeiro pagamento.
- 3) O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100% do importe total de todas as bolsas, en función das necesidades reais satisfeitas.

### **CUARTA: Obrigas da entidade colaboradora.**

Serán obrigas do centro educativo, que actuará en nome e por conta do Concello de Vigo, as seguintes:

- Asumir a condición de entidade colaboradora, para todos/as os/as beneficiarios/as ós/ás que lles sexan concedidas as axudas incluídas no ámbito de aplicación deste convenio.



## Concello de Vigo

- Comunicar as baixas e incidencias que se produzan en relación co centro educativo. De non facelo así, o Concello poderá resolver non continuar co convenio de colaboración co centro no seguinte curso escolar.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida polo Servizo de Benestar Social, someterse ás actuacións de comprobación e control da xestión dos fondos previstas na normativa aplicable e, de ser o caso, reintegrar os fondos nos casos previstos nela.

Non se establecen condicións de depósito dos fondos. Estes só poderán utilizarse para o fin previsto nas bases: o aboamento do servizo de comedor dos/as beneficiarios/as.

Non existe *entrega monetaria* ós/ás beneficiarios/as, que recibirán como axuda os menús escolares; o que se xustificará coa certificación mensual do/a director/a do Centro establecida nas bases da convocatoria.

Non se establece a necesidade de dispoñer de libros ou rexistros contables específicos por non existir realmente entrega de fondos ós/as beneficiarios/as. A axuda entenderase xustificada coa certificación dos/as directores/as dos Centros, de aboamento das comidas dos/as beneficiarios/as á empresa subministradora (catering).

### **QUINTA: Xustificación.**

O Concello enviará mensualmente ás direccións dos centros un modelo de certificación que acreditará a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as e que a axuda concedida foi destinada para os fins previstos e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

Se a Dirección do centro considera conforme eses certificados, o Concello os porá a súa disposición na sala de sinaturas.

No pagamento do segundo e terceiro aboamento regularizaranse, por parte das entidades colaboradoras, os correspondentes axustes debidos ós posibles traslados ou renuncias dos/as alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso, as cantidades que correspondan ás baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de agarda.

O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Servizo de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a se trasládase, sen finalizar o mes, a outro centro, será a familia a que se faga cargo do aboamento do comedor.

De producírense baixas entre os/as beneficiarios/as das axudas de comedor, estas serán cubertas por outros/as alumnos/as que, téndoa solicitada por calquera das modalidades previstas, se atopen na lista de agarda con maior puntuación, independentemente do colexio ó que pertencen, sempre que exista crédito.

Para os efectos de acadar unha mellor xestión dos datos relativos á xustificación das axudas e dos/as beneficiarios/as, as partes concretarán a forma de intercambiar a información en formatos electrónicos.

#### **SEXTA: Duración, vixencia, modificación e denuncia do convenio.**

Este convenio terá unha duración inicial de catro (4) anos (Cursos 2022/2023, 2023/2024, 2024/2025 e 2025/2026) e entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura. Poderá ser prorrogado por mútuo acordo das partes antes da súa finalización por dous (2) anos máis.

As súas cláusulas poderán ser parcial ou totalmente modificadas por acordo das partes. As modificacións acordadas achegaranse como *Addenda* ó texto do convenio orixinal.

Calquera das partes asinantes poderá denunciar o convenio cun preaviso de seis (6) meses. Neste caso, comprométense a manter os compromisos adquiridos ata a finalización do período completo das axudas concedidas ós/ás beneficiarios/as.

#### **SÉTIMA: Natureza e xurisdicción competente.**

Este convenio ten natureza e carácter xurídico-administrativo e as cuestións relativas á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Con todo, para resolver amigablemente calquera cuestión litixiosa que poida xurdir na interpretación, modificación ou resolución do convenio, as partes acordan constituir unha Comisión mixta de Seguimento, que estará integrada polo/a Director/a do centro e un/ha funcionario/ técnico/a do Servizo de Benestar Social e presidida pola Concelleira da Área de Política de Benestar Social. A falta de acordo, as partes poderán acudir á xurisdicción contencioso-administrativa.

#### **Oitava. Protección de datos**

As partes obríganse a cumprir a normativa sobre protección de datos de carácter persoal (Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais) respecto ós datos obtidos das persoas beneficiarias, recabando destas as autorizacións relativas ó seu uso que sexan necesarias.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración municipal, dou fe.

#### **4(293).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXENDA URBANA NO CONCELLO DE VIGO E A ANÁLISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS. EXPTE. 6743/241.**

Visto o informe xurídico do 20/04/2022 e o informe de fiscalización do 21/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 18/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:





## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (PPT)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 8 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais

**Segundo.-** O 16 de xullo de 2021 a XGL adoptou o seguinte acordo:

1. “Tomar razón da exclusión adoptada o 21 de xuño de 2021 pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de GRUPO CONSIDERA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 9 de xuño de 2021.
2. Adxudicar a UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 261.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 45.297,52 euros, cos seguintes prezos unitarios (IVE incluído) para cada un dos “niveis de execución” definidos no PPTP:
  - Nivel de execución a.1: 32,80 €/hora
  - Nivel de execución a.2: 35,12 €/hora
  - Nivel de execución a.3: 38,59 €/hora
  - Nivel de execución a.4: 39,43 €/hora
- Propón un incremento da experiencia laboral do Director/a Proxectos con respecto ao mínimo esixido de 5 anos (total 11 anos).
- O/a Director/a Proxectos ou o/a Consultor/a Senior teñen formación específica en xestión pública.
- Comprométese á realización dunha acción formativa online dirixida o persoal técnico das distintas xefaturas de servizos municipais sobre o marco conceptual, principios, obxectivos e plans de implantación da AXENDA 2030 e AXENDA URBANA ESPAÑOLA.
- Comprométese a achegar unha ferramenta online para resolver consultas e preguntas frecuentes.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

O prazo do contrato previsto no PCAP era de tres anos, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo e estaba contemplada unha prórroga de un ano.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse en data 11 de agosto de 2021

**Cuarto.-** En data 16 de febreiro de 2022 o Xefe da Area de Investmentos solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da concesión da subvención de 250.000,00 €, outorgada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo no marco da Orde TMA/957/2021 de 7 de setembro, que regula as bases e convocatoria para os Plans de Acción da Axenda Urbana identificados como proxectos piloto. Este informe foi modificado en data 30 de marzo de 2022.

**Sétimo.-** Con data do 31 de marzo de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

***“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais, por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.***

***2º.- A modificación consiste en:***

***a.- Un incremento das horas de prestación do servizo, motivado pola necesidade de axilizar os prazos de execución para poder cumprir coa obriga de ter finalizado o proceso de elaboración do proxecto Piloto antes do 13 de setembro de 2022. Este incremento de horas implica un incremento do importe total do contrato de 97.181,04 euros, (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria***



**1532.227.06.02 e a súa bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 37,23% do prezo do contrato.**

**b.- Incluir no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, en relación a subvención do Proxecto Piloto da Axenda Urban, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:**

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.
- Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Para efectos de auditoría e control e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais do prezo do contrato.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E de forma específica o cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- Obriga de que, na execución das actuacións contratadas, non se vexa prexudicado de forma significativa o medio ambiente, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Cumprimento da Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), así como do resto de normativas ambientais da Unión e nacional.
- O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais da normativa relativa ao PRTR e o que resulte de aplicación en materia de contratación, cumprimento obriga de achega específica por parte do contratista e dos subcontratistas, da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2022.

**c.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:**

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos

terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

**3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.**

**4º.- Dar audiencia ao adxudicatario, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.**

**Oitavo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 31 de marzo de 2022.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

**-II-**

### **Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato no apartado 15 do Anexo I -FEC- nos seguintes termos:

**“15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

- A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si
- B) ASPECTOS A MODIFICAR: o prezo do contrato
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: cando as necesidades reais sexan superiores as estimadas inicialmente para a determinación do prezo máximo do contrato e sempre que sexan

- consideradas de interese e sexa oportuno estudar e desenvolver os proxectos de candidatura
- D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato”

A **modificación** proposta consiste en:

**1.- Incremento das horas de prestación do servizo, motivado pola necesidade de axilizar os prazos de execución para poder cumprir coa obriga de ter finalizado o proceso de elaboración do proxecto Piloto antes do 13 de setembro de 2022.** Este incremento das horas de prestación do servizo implica un incremento do prezo do contrato de 97.181,04 € para a anualidade 2022, o que supón un incremento dun 37, 23% do mesmo.

**2.- Incluir no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, en relación a subvención do Proxecto Piloto da Axenda Urban,** de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.
- Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Para efectos de auditoría e control e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais do prezo do contrato.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E de forma específica o cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- Obriga de que, na execución das actuacións contratadas, non se vexa prexudicado de forma significativa o medio ambiente, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Cumprimento da Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), así como do resto de normativas ambientais da Unión e nacional.
- O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais da normativa relativa ao PRTR e o que resulte de aplicación en materia de contratación, cumprimento obriga de achega específica por parte do contratista e dos subcontratistas, da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.



- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2022.

**3.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP** incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

Compre analizar a continuación se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificacións prevista no PCAP. Informa ao respecto o responsable do contrato o seguinte:

*“II.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA PARA A SOLICITUDE DO MODIFICADO:*

*A vista da concesión da subvención de 250.000,00 €, outorgada polo MITMA ao Concello de Vigo no marco da Orde TMA/957/2021 de 7 de setembro, que regula as bases e convocatoria para os Plans de Acción da Axenda Urbana identificados como proxectos piloto, débese identificar a obriga de finalizar o proxecto piloto antes do prazo dun ano dende a súa publicación, establecendo a data do 13 de setembro de 2022 como límite. Este condicionantes obriga a unha reprogramación, adiantando as actuacións inicialmente previstas para a execución do contrato de servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441), e de forma específica naquelas prestacións identificadas no marco da implementación do modelo da Axenda Urbana en Vigo.*

*O proxecto presentado polo Concello de Vigo para a implantación do proxecto PILOTO da Axenda Urbana en Vigo, correspondese na súa globalidade cos procesos necesarios que desenvolve o modelo AUE, e de forma específica queda identificado no seguinte mapa de traballo:*

Accións	2021T		2022T			
	3T	4T	1T	2T	3T	4T

1. Elaboración de Axenda Urbana e Plan de Acción Vigo "Human City" -						
1.1. Contratación Asistencia Técnica						
1.2. Curso de formación a empregados públicos sobre a AUE						
1.3. Identificación e análise de plans e proxectos estratéxicos por áreas de servizo						
1.4. Elaboración diagnóstico DAFO da cidade de Vigo						
1.5. Formulación de retos Axenda Urbana Vigo						
1.6. Deseño de Plan de Acción da Axenda Urbana Vigo						
1.7. Deseño de plan de etapas para a avaliación e seguimento da Axenda Urbana Vigo						
1.8. Plan de implementación da Axenda Urbana Vigo. Folla de ruta cara a 2030						
1.9. Plan de Comunicación da Axenda Urbana de Vigo						
1.10. Implementación accións de acordo co modelo de gobernanza e participación						
2. Accións de Comunicación da Axenda Urbana de Vigo -						
2.1. Páxina web Axenda Urbana de Vigo e redes sociais						
2.2. Pezas audiovisuais para radio e televisión para público adulto e novos						
2.3. Pezas gráficas para prensa, revistas e medios dixitais						
2.4. Talleres divulgativos: Axenda Urbana de Vigo no teu distrito						
2.5. Celebración congreso sobre a Humanización das cidades						
2.6. Participación en xornadas e eventos						
3. Observatorio Urbana da Axenda Urbana de Vigo -						
3.1. Definición e monitorización de conxunto de indicadores estratéxicos						
3.2. Definición e monitorización de conxunto de indicadores operativos						
3.3. Plan de avaliacións: inicial, intermedias, final						
4. Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable de Vigo -						
5. Fortalecemento da Gobernanza Multinivel -						
5.1. Reforzar a presenza de Vigo en redes de cidades vinculadas á Axenda Urbana de Vigo						
5.2. Accións preparatorias para a firma de pactos e/ou acordos para a adhesión de novas redes (p.ex. Contrato neutralidade climática, Adhesión ao Pacto de Alcaldes, etc.)						
5.3. Impulso dunha area de estudo sobre á Axenda Urbana e rexeneración urbana						

*A vista dos antecedentes indicados e dos condicionantes para a execución do proxecto subvencionado polo Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda*





## Concello de Vigo

*Urbana, propónse solicitar unha modificación do contrato adxudicado a UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962) para os servizos de desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441), formalizado con data de 11/08/2021, de acordo cos seguintes xustificacións:*

*Primeiro: Identificación dos servizos contratados no marco do expediente 671/441 co proxecto piloto subvencionado polo MITMA:*

*O obxecto do contrato formalizado no marco do expediente 671/441, identifica nas prestacións a executar; “aqueles traballos técnicos para a conformación dos diversos instrumentos que possibiliten una mellora na planificación e desenvolvementos dos plans de acción do Concello de Vigo no marco da Axenda Urbana Española”. Así mesmo este contrato desenvólvese en base as necesidades de acordo os prezos unitarios adxudicados, sendo obrigatoria para o adxudicatario a prestación dos servizos que procedan en relación os proxectos a desenvolver.*

*Da aprobación por parte do MITMA da subvención de 250.000,00 € ao Concello de Vigo para o desenvolvemento do proxecto Piloto para a implantación da Axenda Urbana de Vigo, se derivan entre outras as seguintes obrigas:*

*Desenvolver os traballos técnicos que conforman os diversos bloques da programación técnica do proxecto presentado que se resumen nos seguintes:*

1. Elaboración de Axenda Urbana e Plan de Acción Vigo “Human City” -
2. Accións de Comunicación da Axenda Urbana de Vigo -
3. Observatorio Urbana da Axenda Urbana de Vigo -
4. Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable de Vigo -
5. Fortalecemento da Gobernanza Multinivel -

*Identificacións dos traballos técnicos a desenvolver no marco do expediente 671/441 e alcance económico das actuacións:*

1. Elaboración de Axenda Urbana e Plan de Acción Vigo “Human City” -
--

### Fase I do bloque de traballo I

1.1. Contratación Asistencia Técnica	Análise de contidos e identificación de equipo interno para elaboración PAU.
1.2. Curso de formación a empregados públicos sobre a AUE	Xa esta en execución
1.3. Identificación e análise de plans e proxectos estratéxicos por áreas de servizo.	Actualización e revisión da planificación estratéxica do Concello de Vigo e vinculación coa AUE.
1.4. Elaboración diagnóstico DAFO da cidade de Vigo	Desenvolver diagnóstico actualizado cidade de Vigo e conformación DAFO
1.5. Formulación de retos Axenda Urbana Vigo	Identificación dos retos da cidade

	relacionados coa AUE e os proxectos de cidade.
1.6. Deseño de Plan de Acción da Axenda Urbana Vigo	Deseño e elaboración das propostas do Plan de acción para a AUV

#### Fase II do bloque de traballo I

1.7. Deseño de plan de etapas para a avaliación e seguimento da Axenda Urbana Vigo
1.8. Plan de implementación da Axenda Urbana Vigo. Folla de ruta cara a 2030
1.9. Plan de Comunicación da Axenda Urbana de Vigo
1.10. Implementación accións de acordo co modelo de gobernanza e participación

### 3. Observatorio Urbana da Axenda Urbana de Vigo -

3.1. Definición e monitorización de conxunto de indicadores estratéxicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise metodolóxico para a creación dun Observatorio do Plan de Acción da AUV</li> <li>• Análise das fontes de datos existentes no portal de datos abertos do Concello de Vigo para su integración no observatorio de datos.</li> <li>• Identificación de outras bases de datos a incluír</li> <li>• Desenvolver una metodoloxía que permita responder e superar os requisitos mínimos que exige a AU para o seguimento e avaliación.</li> </ul>
3.2. Definición e monitorización de conxunto de indicadores operativos	
3.3. Plan de avaliacións: inicial, intermedias, final	

### 4. Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable de Vigo -

Análise das emisións, riscos e vulnerabilidades de Vigo e deseño de accións de mitigación e adaptación a incluír no Plan de Acción da AUV	Estudo e análise pormenorizado de las emisións e riscos e vulnerabilidades del Concello de Vigo que ofrezan datos que para avaliar a situación de Vigo en relación Obxectivos Estratéxicos da AUE, relacionados coa acción para o Clima e a enerxía sostible.
---	---

*Segundo: Necesidade de axilizar os prazos de execución para poder cumprir coa obriga de ter finalizado o proceso de elaboración do proxecto Piloto antes do 13 de setembro de 2022.*



## Concello de Vigo

*A execución dos traballos vinculados os 5 bloques da programación do Proxecto Piloto, require dunha reprogramación sobre a previsión de execución do expediente 671/441. Este contrato ten na súa programación unha capacidade de execución vinculada directamente no marco orzamentario aprobado no propio expediente, e contempla para o exercicio 2022 un importe máximo de 87.000,00 €.*

*A execución dos traballos técnicos incluídos no proxecto piloto da Axenda Urbana, teñen unha relación directa co obxecto do contrato do expediente 671/441, polo cal dende unha perspectiva técnica e funcional, débese indicar a necesidade de vincular estes ao expediente adxudicado xa que a natureza dos contidos a desenvolver para dar cumprimento o proxecto piloto da axenda urbana teñen unha relación directa co obxecto do contrato vixente o que orienta a necesidade de ser realizados de forma conxunta, xa que o coñecemento e o análise xa desenvolto no marco deste contrato e unha documentación básica, necesaria e esencial para a elaboración de propostas e traballos que posibiliten cumprir coas obrigas vinculadas ao proxecto piloto. En relación a esta condición iniciar unha nova contratación para o desenvolvemento destes traballos ademais de dilatar no tempo a súa execución, levaría implícito unha posible duplicidade de traballos sobre os que xa están feitos que xustifica claramente a condición de desenvolver estas actuacións no marco do contrato vixente do expediente 671/441 .*

*Terceiro: Alcance económico das propostas do proxecto Piloto da AU, a desenvolver no marco do contrato 671/441:*

*Atendendo os contidos do proxecto piloto da AUV, considerase os seguintes para a súa execución no marco do expediente 671/441:*

1. Elaboración de Axenda Urbana e Plan de Acción Vigo "Human City" -		
Fase I do bloque de traballo I		
		Horas
Obx (1)	Análise de contidos e identificación de equipo interno para elaboración PAU.	48
Obx (2)	Actualización e revisión da planificación estratéxica do Concello de Vigo e vinculación coa AUE.	365
Obx (3)	Desenvolver diagnóstico actualizado cidade de Vigo e conformación DAFO	296
Obx (4)	Identificación dos retos da cidade relacionados coa AUE e os proxectos de cidade.	160
Obx (5)	Deseño e elaboración das propostas do Plan de acción para a AUV	454
Estimación máxima horas		1.323
Estimación custe (IVE incluído)		52.110,07 €
Fase II do bloque de traballo I		
1.7.	Deseño de plan de etapas para a avaliación e seguimento da Axenda Urbana Vigo	395
1.8.	Plan de implementación da Axenda Urbana Vigo. Folla de ruta cara a 2030	116
1.9.	Plan de Comunicación da Axenda Urbana de Vigo	136
1.10.	Implementación accións de acordo co modelo de gobernanza	40

e participación	
Estimación máxima horas	687
Estimación custe (IVE incluído)	27,012,32 €

### 3. Observatorio Urbana da Axenda Urbana de Vigo -

<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise metodolóxico para a creación dun Observatorio do Plan de Acción da AUV</li> <li>Análise das fontes de datos existentes no portal de datos abertos do Concello de Vigo para su integración no observatorio de datos.</li> <li>Identificación de outras bases de datos a incluír</li> <li>Desenvolver una metodoloxía que permita responder e superar os requisitos mínimos que exige a AU para o seguimento e avaliación.</li> </ul>	445
Estimación máxima horas	445
Estimación custe (IVE incluído)	17.514,21 €

### 4. Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable de Vigo -

Estudo e análise pormenorizado de las emisións e riscos e vulnerabilidades del Concello de Vigo que ofrezan datos que para avaliar a situación de Vigo en relación Obxectivos Estratéxicos da AUE, relacionados coa acción para o Clima e a enerxía sostible.	700
Estimación máxima horas	700
Estimación custe (IVE incluído)	27.544,44 €

Resumen económico:

### 1. Elaboración de Axenda Urbana e Plan de Acción Vigo "Human City" -

Fase I do bloque de traballo I	52.110,07 €
Fase II do bloque de traballo I	27,012,32 €

### 3. Observatorio Urbana da Axenda Urbana de Vigo -

Estimación custe (IVE incluído)	17.514,21 €
---------------------------------	-------------

### 4. Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable de Vigo -

Estimación custe (IVE incluído)	27.544,44 €
---------------------------------	-------------

ESTIMACIÓN TOTAL MAXIMA (IVE incluído)	124.181,04 €
--	--------------



## Concello de Vigo

*Cuarto: Estimación das necesidades reais de execución do expediente 671/441 para o ano 2022:*

*Atendendo a que o contrato do expediente 671/441, contempla entre o seu obxecto o desenvolvemento das memorias técnicas necesarias para ser presentadas a distintas convocatorias de subvencións europeas debese ter en conta que para o ano 2022, en base a publicación das distintas convocatorias anunciadas polo Estado (<https://planderecuperacion.gob.es/ejecucion/calendario-de-proximas-convocatorias>) dende o Concello de Vigo estimase necesario contemplar como previsión básicas as seguintes:*

<i>Desenvolvemento de propostas e memorias a diversas convocatorias de proxectos de subvencións. Se prevén como mínimo 4 o 5 proxectos a presentar:</i> <ul style="list-style-type: none"><li><i>• Plan de reforma de edificios de titularidade Municipal.</i></li><li><i>• Convocatoria 2022 zonas de baixas emisións.</i></li><li><i>• Administración electrónica.</i></li><li><i>• Proxectos comercio.</i></li><li><i>• Turismo en relación a rede de cidades intelixentes.</i></li></ul>	<i>Estimación económica:</i>  <i>Entre 50.000,00 e 60.000,00 €</i>
--	--

*A vista destas estimacións as necesidades económicas para a modificación do contrato alcanza o seguinte importe:*

<i>Convocatorias Europeas</i>	<i>60.000,00 €</i>
<i>Piloto Axenda Urbana</i>	<i>124.181,04 €</i>
	<i>184.181,04 €</i>
<i>Anualidade do ano 2022</i>	<i>87.000,00 €</i>
<i>Diferenza</i>	<i>97.181,04 €</i>
<i>Importe total do contrato</i>	<i>261.000,00 €</i>
<i>% de incremento</i>	<i>37,23 %</i>

(...)

*“a.- o apartado c) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN, ven a indicar que a previsión que se realiza atende a que as “necesidades reais sexan superiores as estimadas inicialmente para a determinación do prezo máximo do contrato e sempre que sexan consideradas de interese e sexa oportuno estudar e desenvolver os proxectos de candidatura”, do cal desprendese que esta condición unicamente ten referencia a posibilidade de ter que atender a presentación de mais proxectos de candidatura para novas subvencións, e no caso que se ven a xustificar neste informe, o obxecto da modificación, non se refire a necesidade de ter que presentar mais proxectos de candidaturas, senón que atendendo a resolución da convocatoria sobre o Piloto da Axenda Urbana, o Concello de Vigo necesita ampliar a capacidade de execución do contrato en relación os estudos técnicos que desenvolven o proxecto da Axenda Urbana, e que forman parte do obxecto do contrato pero non foron contemplados como criterio no PCAP para a modificación do contrato.*

*O obxecto deste modificado, atopase relacionado a unha situación extraordinaria, derivada da convocatoria de subvención publicada polo MITMA con data do 13 de setembro de 2021, co obxecto de acelerar os prazos para a implantación dos modelos de Axenda Urbana nas administracións locais. Esta convocatoria non era coñecida cando o Concello de Vigo iniciou a licitación do expediente 671/441, (o 18/03/2021 a XGL aprobou o expediente de licitación), e a previsión de execución dos traballos para a Axenda Urbana do Concello de Vigo, foron estimados a desenvolver no marco dun contrato con tres anos de duración.*

*Así mesmo a condición temporal da axuda concedida únese o requisito de que os proxectos piloto subvencionados deben executarse cun prazo de tempo moi curto, deben estar aprobados antes do 13 de setembro de 2022, en base os procesos que o MITMA ten establecidos no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia aprobados polo Estado. Este requisito que provoca a necesidade de realizar tarefas que inicialmente están previstas no marco do contrato do expediente 671/411, nun período de tempo moito mais curto, condición imposible de ter prevista cando foi licitado dito contrato, e neste momento requirise como unha necesidade básica para dar cumprimento a obriga de execución deste proxecto Piloto da AUV”.*

Á vista destas circunstancias, temos que concluír que a modificación pretendida non ten encaixe no suposto de modificación prevista no prego, polo que teremos que analizar se ten encaixe nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

Establece o citado artigo 205, que as as modificacións non previstas no PCAP só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
  1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
  2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
  3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.



## Concello de Vigo

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2.b *“Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”*.

Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever:
  - A aprobación do Plan español de Recuperación, Transformación e Resiliencia por acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, publicado no BOE do 30 de abril, derivado da aprobación do Regulamento (UE) 2021/241 del Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021 do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
  - O adiamento dos traballos relativos á implantación da axenda urbana, ao vincularlos ao citado plan, establecendo uns prazos breves e perentorios que impedirían alcanzar os obxectivos previstos se fora necesario iniciar unha nova licitación, pois obrigan a ter finalizado o proceso de elaboración do proxecto Piloto antes do 13 de setembro de 2022, mentres que o contrato previa a súa finalización en agosto de 2024. Esta circunstancia, tal e como indica o responsable do contrato no seu informe *“obriga a unha reprogramación, adiantando as actuacións inicialmente previstas para a execución do contrato de servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441), e de forma específica naquelas prestacións identificadas no marco da implementación do modelo da Axenda Urbana en Vigo (páxina 3) ”*. Con relación ao número de horas necesario para cumprir cos novos prazos, do citado informe se deduce que para cada fase son necesarias as seguintes (páxinas 7 e 8):

### 1. Elaboración de Axenda Urbana e Plan de Acción Vigo “Human City”:

- Fase I do bloque de traballo I: 1.323 horas con un importe de 52.110,07 € (con IVE)
- Fase II do bloque de traballo I: 687 horas con un importe de 27.012,32 € (con IVE)

### 3. Observatorio Urbana da Axenda Urbana de Vigo:

Fase única con un total de 445 horas e un importe de 17.514,21 € (con IVE)

### 4.- Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable de Vigo

Fase única con un total de 700 horas e un importe de 27.544,44 € (con IVE)

Podemos concluír que estas actuacións suman un total de 3.155 horas, as que hai que engadir 1.500 horas para os traballos vinculados ás diversas convocatorias europeas a desenvolver no ano (por un importe de 60.000,00 €), o que supoñe 4.655,00 horas para o ano 2022. No entanto, o contrato para esta anualidade so ten previstos 87.000,00 euros que equivalen a 2.210 horas.

Con relación as obrigas instrumentais a cargo do contratista e os seus subcontratistas e do responsable do contrato derívanse, tal e como manifesta o responsable do contrato de que a *“modificación conleva a execución de actuacións financiadas no marco dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e*

*Resiliencia-Next GenerationEU, e polo tanto, ademais das normas xerais de contratación pública lle serán de aplicación o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030. /2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria. e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.*

*Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos do beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar o documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.*

*Así mesmo o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas de ser o caso e garantirán o respecto ao principio de "non causar dano Significativo" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento do axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e os seus normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar dano significativos", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.*

Estas obrigas non supoñen a realización de novas prestacións nin implican custe, refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que os únicos aspectos a modificar son o número de horas que, ao ser un contrato de servizos segundo necesidades implica un incremento do seu prezo, e o engadir obrigas instrumentais tanto a cargo do contratista e os seus subcontratistas como do responsable do contrato en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

Informa ao respecto o responsable do contrato no citado informe que supón unha ampliación do prezo do contrato nos seguintes termos:

Previsión das necesidades xustificadas neste informe para a anualidade 2022	184.181,04 €
---	--------------





**Concello de Vigo**

Anualidade do ano 2022	87.000,00 €
Diferenza - Incremento do contrato proposto para a anualidade 2022	97.181,04 €
Importe total do contrato	261.000,00 €
% de incremento	37,23 %

**-III-**

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: aprobar os proxectos piloto subvencionados no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia vinculados á axenda urbana antes do 13 de setembro de 2022, para non perder as subvencións.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón variación do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5

S.ord. 28/04/2022

días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

#### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

#### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

#### **-VI-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

***“1º.- Modificar o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais, por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.***

***2º.- A modificación consiste en:***



***a.- Un incremento das horas de prestación do servizo, motivado pola necesidade de axilizar os prazos de execución para poder cumprir coa obriga de ter finalizado o proceso de elaboración do proxecto Piloto antes do 13 de setembro de 2022. Este incremento de horas implica un incremento do importe total do contrato de 97.181,04 euros, (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 e a súa bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 37,23% do prezo do contrato.***

**b.- Incluir no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, en relación a subvención do Proxecto Piloto da Axenda Urban, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:**

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.
- Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Para efectos de auditoría e control e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais do prezo do contrato.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E de forma específica o cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- Obriga de que, na execución das actuacións contratadas, non se vexa prexudicado de forma significativa o medio ambiente, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Cumprimento da Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), así como do resto de normativas ambientais da Unión e nacional.
- O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais da normativa relativa ao PRTR e o que resulte de aplicación en materia de contratación, cumprimento obriga de achega específica por parte do contratista e dos subcontratistas, da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.

- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2022.

**c.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP** incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

**3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.**

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(294).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DO SÁRDOMA CLUB DE FÚTBOL, COMO ENTIDADE DE ELITE DE VIGO, POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA 2021-2022. EXPTE. 21195/333.**

Visto o informe xurídico do 11/04/2022 e o informe de fiscalización do 22/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/04/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 23.000,00 € prevista na partida



## Concello de Vigo

orxamentaria 3410.4890019 a favor da entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva SÁRDOMA CLUB FÚTBOL conta cun equipo de elite na modalidade de fútbol feminino na categoría primeira (1ª División Nacional Feminina G1). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría primeira hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos



## Concello de Vigo

con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.4890019 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva SÁRDOMA CLUB FÚTBOL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 23.000,00 € a favor da entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL co CIF: G36615607 e enderezo social en Camiño da Feira, s/n, (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21195-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890019 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SÁRDOMA CLUB FÚTBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPTE. 21195/333).**

S.ord. 28/04/2022

## **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D<sup>a</sup> Begoña Aldao Matilla como presidenta da entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL CIF: G36615607 e enderezo social en Camiño da Feira, s/n, (36214), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21195/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría primeira (1<sup>a</sup> División Nacional Feminina G1), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol feminino en etapas de formación, contribuindo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.





## Concello de Vigo

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890019 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 23.000,00 €, a favor da entidade deportiva SÁRDOMA CLUB FÚTBOL.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL na tempada deportiva 2021-2022.

**VI.-** Que a entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21195-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o SÁRDOMA CLUB FÚTBOL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol feminino na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade SÁRDOMA CLUB FÚTBOL unha subvención por importe de 23.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890019 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas



## Concello de Vigo

federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e

imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das



**Concello de Vigo**

actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**6(295).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL, COMO ENTIDADE DE ELITE DE VIGO, POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA 2021-2022. EXPTE. 21199/333.**

Visto o informe xurídico do 11/04/2022 e o informe de fiscalización do 22/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/03/2022, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 21199-333 sobre a subvención nominativa a favor de entidades deportivas sen ánimo de lucro polo desenvolvemento de proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na

S.ord. 28/04/2022

tempada deportiva 2021-2022 e atendendo ás observacións transmitidas pola Intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

Corrixíuse a aplicación orzamentaria obxecto de imputación, substituíndose a aplicación: 3410.489.0003, que non se corresponde con esta subvención nominativa no orzamento en vigor (2022) pola aplicación: **3410.480.0003**, que se corresponde coa dotación de crédito para subvención nominativa a favor da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL. Deste modo os parágrafos corrixidos quedan tal e como se detalla:

*“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 28.000,00 € prevista na partida orzamentaria **3410.480.0003** a favor da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.”*

*“Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria **3410.480.0003** consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.”*

*“SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000,00 € a favor da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL co CIF: G36686376 e enderezo social en Avenida Aeroporto, 432 (36315), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21199-333. Este crédito é con cargo á partida **3410.480.0003** do vixente orzamento.”*

*“IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida **3410.480.0003** prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000,00 €, a favor da entidade deportiva ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL.”*

*“3º.- Conceder directamente á entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL unha subvención por importe de 28.000,00 € con cargo á partida orzamentaria **3410.480.0003** do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.”*

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

## ANTECEDENTES





## Concello de Vigo

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 28.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480003 a favor da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL conta cun equipo de elite na modalidade de balonmán feminino na categoría segunda (División de Honra Prata Feminina). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría segunda hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- a) O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e



## Concello de Vigo

axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.480003 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000,00 € a favor da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL co CIF: G36686376 e enderezo social en avenida Aeroporto, 432 (36215), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21199-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480003 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPTE. 21199/333).

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. José Barciela Cabaleiro como presidente da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL CIF: G36686376 e enderezo social en avenida Aeroporto, 432 (36215), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21199/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría segunda (División de Honra Prata Feminina), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do balonmán feminino en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



## Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- b) Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000,00 €, a favor da entidade deportiva ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL na tempada deportiva 2021-2022.

**VI.-** Que a entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21199-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.

- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de balonmán feminino na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.



## Concello de Vigo

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL unha subvención por importe de 28.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.480003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade

subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.





## Concello de Vigo

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



**Concello de Vigo**

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(296).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONES DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 21185/333.**

Visto o informe xurídico de data 12/04/2022 e do 25/04/2022, e o informe de fiscalización do 22/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 25/04/2022, asinado

S.ord. 28/04/2022

polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 21185/333 sobre as Bases e a Convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo, e atendendo á observación detallada pola Intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideración observada e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Corrixíuse a cláusula 20ª, das bases da convocatoria, quedando a mesma como se detalla a continuación:

## **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- A construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, o período durante o que o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención será de 5 anos, para o caso de bens inscribibles nun rexistro público e de dous para o resto de bens. O incumprimento desta obrigaón de destino será causa de reintegro
- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan *incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición* estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou, na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2019, o plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo, Liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023.

Este plan de dinamización inclúe entre outras cuestións o desenvolvemento da promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo, que ten entre os obxectivos fundamentais a dinamización dunha oferta deportiva ampla e diversa e a optimización dos recursos destinados á promoción do deporte, incluíndo o desenvolvemento de estratexias de colaboración do tecido deportivo asociativo da cidade que permita implementar sinerxías orientadas á optimización dos usos dos espazos deportivos.

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia dunha significación extraordinaria en relación á participación do tecido deportivo, asociativo e educativo en todas as facetas do deporte, e de forma moi considerable no ámbito do fútbol.

A Concellería de Deportes, está a impulsar proxectos de dinamización deportiva, que potencien as posibilidades para o acceso á práctica deportiva á poboación en xeral da cidade nunhas condicións óptimas. Neste ámbito, destácase a gran importancia que ten o tecido asociativo-deportivo e educativo como axente dinamizador do sistema deportivo nun municipio, os cales promoven sinerxías moi importantes para dinamizar actividades deportivas.

A Concellería de deportes considera necesario coadjuvar no fomento de proxectos de inversión que teñan por obxecto a mellora das condicións dos campos de fútbol de titularidade privada nos que se



## Concello de Vigo

desenvolven proxectos de gran interese para a cidade. A proposta trata de dar resposta a unha necesidade detectada nos derradeiros anos pola Concellería de deportes, xa que se entende que os proxectos de inversión de certa envergadura requiren a implicación das administracións públicas, co fin de establecer sinerxías que permitan o desenvolvemento de proxectos de interese para a cidade.

É por isto que esta convocatoria ten por obxecto o financiamento de obras de primeiro establecemento, ou reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación de bens inmobles xa existentes. Nestes conceptos se contemplarían, tal como se detalla no artigo 232 da Lei 9/2007, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, actuacións que cumpriran as seguintes características:

- Obras de primeiro establecemento, que dan lugar á creación dun ben inmovle.
- Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovle xa existente.

Estas cuestións fundamentan que dende a Concellería de deportes do Concello de Vigo se considere adecuado colaborar na mellora e adecuación das instalacións deportivas da cidade, en concreto ás vinculadas ó ámbito do fútbol, vinculadas ó desenvolvemento de proxectos deportivos fundamentalmente relacionados co deporte de base, que se desenvolven en campos de fútbol de titularidade privada, pero que supoñen un importante impulso á práctica deportiva na cidade e que permiten que un gran número de deportistas da cidade teñan espazos necesarios de adestramento e competición.

O desenvolvemento da proposta fundaméntase na propia actividade das distintas entidades dinamizadoras do fútbol da cidade, que veñen impulsando proxectos deportivos de gran arraigo en Vigo, que inclúen tanto a dinamización do deporte afeccionado en categoría absoluta, como o desenvolvemento de programas de dinamización e fomento do fútbol base, a través da promoción de escolas de fútbol que acollen fundamentalmente a xóvenes deportistas vigueses.

A relación de colaboración que se establece entre o Concello e o tecido impulsor do deporte fundaméntase basicamente na relevancia que para a cidade de Vigo supón o desenvolvemento de proxectos deportivos arraigados na cidade, dinamizados por entidades sen ánimo de lucro que contribúen ó fomento do deporte nesta cidade, e representan unha importante parte da actividade deportiva da poboación.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades copartícipes da promoción e fomento do deporte na cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadanas.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.

- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

Tendo en conta o que vai dito, o Concello de Vigo ten interese en colaborar na implantación e mellora das instalacións e equipamentos dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados na cidade de Vigo contribuíndo ao financiamento das seguintes actuacións:

- Liña 1: Actuacións de inversión en centros educativos privados e concertados ubicados na cidade de Vigo que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol en concepto de inversións orientadas a:
  - Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.
  - Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.
- Liña 2: Actuacións de inversión en campos de fútbol de titularidade privada nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, en concepto de inversións orientadas a:
  - Iluminación dos terreos de xogo.
  - Cambio de sistemas de xeración de auga quente sanitaria.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no apartado 2.1 do artigo 25, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas a “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre”.

Da mesma forma a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos apartados a) e b) do artigo 86.1 establece que para a xestión dos seus intereses e unha vez se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras administracións Públicas e, en particular, as relativas “á educación” e “á cultura, a xuventude e o deporte” respectivamente.

A proposta de financiamento a través desta convocatoria das actuacións de inversión en centros educativos de carácter privado excluíndo os centros públicos, fundaméntase da mesma forma en que a cooperación dos municipios co Ministerio de Educación e Ciencia sobre necesidades de ampliación ou modificación da rede escolar de centros docentes públicos non universitarios e a súa xestión, realízase mediante convenio con este, quen determina as condicións xerais á que deberán axustarse este tipo de convenios, sendo o propio Ministerio de Educación e Ciencia o que procederá ó seu financiamento, con suxeición ós prezos límite establecidos ás prescricións técnicas vixentes e ó contido do convenio, tal como establecen os artigos 2, e 5.4 do Real Decreto 2274/1993, de 22 de decembro, de cooperación das corporacións locais co Ministerio de Educación e Ciencia.

En base a todos os aspectos expostos, o obxecto do presente expediente, busca fomentar unha colaboración entre o CONCELLO DE VIGO e o tecido asociativo-deportivo e educativo do ámbito privado da cidade de Vigo para subvencionar a mellora e adecuación dos campos de fútbol da cidade, que mellore as condicións de práctica deportiva, en base á relación de complementariedade das actuacións de Concello e entidades que impulsan e colaboran na promoción do deporte da cidade, o cal constitúe unha importante ferramenta de traballo para o desenvolvemento de calquera programa de dinamización e actuación no sistema deportivo na cidade de Vigo.



## Concello de Vigo

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas destinadas ó fomento de proxectos de dinamización deportiva na cidade de Vigo na mellora das condicións dos campos de fútbol de titularidade privada na cidade de Vigo, o Concello de Vigo obrígase a achegar a seguinte contía:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2022
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2022

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

*Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.*

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de

decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á mellora e adecuación de campos de fútbol da cidade Vigo e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 215.000,00 € (Dous centos quince mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás seguintes partidas orzamentarias en función das liñas a subvencionar:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2022
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2022

Vigo, na data da sinatura dixital

O Xefe do servizo de deportes-director deportivo. Rubén Peña Barceló  
Vº e praxe,

O concelleiro-delegado de Deportes. José Manuel Fernández Pérez.

O Concelleiro de Orzamentos e Facenda. Jaime Aneiros Pereira

#### **BASES DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACÍONS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO.**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a inversión na mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo, mediante a entrega dunha axuda económica ás entidades propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de novembro de 2022, actuacións de inversión na mellora en campos de fútbol.

Esta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN. LIÑAS SUBVENCIONABLES.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa inversión en actuacións orientadas á mellora de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa





## Concello de Vigo

competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A actividade deportiva desenvolvida en xeral na cidade de Vigo é extraordinaria, e particularmente no caso do fútbol. A evolución desta modalidade supera a capacidade do actual parque de instalacións municipais para atender esta enorme demanda, o que motiva a necesidade de establecer novas fórmulas que permitan complementar a oferta de forma eficiente para o Concello, que conta nos seus orzamentos cos recursos necesarios nas aplicacións orzamentarias 3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos" e 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. Deportivas", que tal como se establece na clasificación económica de gastos das administracións públicas (Orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais), correspóndense con Transferencias de capital a "Empresas Privadas" e a "Familias e institucións sen fins de lucro" respectivamente.

Actuacións de inversión subvencionables:

- Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.
- Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.

Liñas de subvención:

- Liña 1: Actuacións de inversión en centros educativos privados e concertados ubicados na cidade de Vigo que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol en concepto de inversións orientadas a:
  - Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.
  - Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.
- Liña 2: Actuacións de inversión en campos de fútbol de titularidade privada nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, en concepto de inversións orientadas a:
  - Proxectos de mellora da eficiencia enerxética na iluminación dos terreos de xogo.
  - Proxectos de cambio de sistemas de xeración de auga quente sanitaria.
  -

Non serán subvencionables actuacións relacionadas con obras de reparación simple, obras de conservación e mantemento ou obras de demolición.

### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables as actuacións aqueles realizados entre o 1 de xaneiro e o 1 de novembro de 2022, que de xeito determinado correspondan á execución das actuacións subvencionables, incluídos os gastos financeiros derivados do investimento.

Serán gastos subvencionables a execución das obras na instalación deportiva nos terreos onde se desenvolva a actuación subvencionada. Os honorarios profesionais correspondentes á redacción do proxecto, dirección de obra e execución, a coordinación de seguridade, os actos previos ó proxecto como, no seu caso, a realización de estudos xeotécnicos, levantamentos topográficos, etc., aínda que se incorporen ó mesmo para a súa realización en obra, serán subvencionables so ata o 5 % do importe total da axuda concedida.

En todo caso, non serán gastos subvencionables:

- Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
- Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
- Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 215.000,00 € (Douscentos quince mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás seguintes partidas orzamentarias en función das liñas a subvencionar:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2022
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2022

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS, CONDICIÓNS DOS TERREOS E AS EDIFICACIÓNS E LIÑAS SUBVENCIONABLES:**

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas:

- Liña 1: Centros educativos privados e concertados que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, con personalidade xurídica propia, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.



## Concello de Vigo

- Liña 2: Entidades titulares de instalacións privadas nas que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:
- As federacións deportivas.
  - Institucións e organismos oficiais.
  - Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
  - Na liña 2, entidades con ánimo de lucro.
3. Condicións dos terreos, as edificacións e os proxectos:
- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
  - Os proxectos que se presenten serán por importe superior a 40.000,00€, e deberán contar coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística, incluída a xestión medioambiental
  - Os proxectos deberán incluír medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación.
  - A instalación deberá cumprir cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e deberá estar inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia.
4. Que a entidade solicitante teña a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios en que se pretende realizar as actuacións. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarse mediante escritura pública ou calquera medio válido en dereito
5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.
6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Presentar proxectos de inversión en actuacións orientadas á mellora de instalacións vinculadas con campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.
- b) Executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude.
- c) Dinamizar proxectos deportivos de competición e de formación no ámbito do fútbol vinculados coa instalación obxecto da subvención, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade celebrada na instalación coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- d) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- e) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer na instalación en lugar visible por un período mínimo de cinco anos.
- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- g) Na súa condición de promotora da obra, achegará ao expediente copia dixitalizada do proxecto, da licenza ou título habilitante e das autorizacións que conforme a lexislación sectorial aplicable resulten preceptivas.
- h) Executar as obras de acordo co proxecto en base cal se concedeu licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas
- i) Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde na súa condición de promotor do outorgamento do contrato de execución das obras subvencionadas.
- j) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria, deberá solicitar como mínimo tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA SUBVENCIÓN E UMBRAIS MÍNIMOS.**

1.- Umbrais mínimos de puntuación: Á vista das limitación orzamentarias para obter a condición de beneficiario, o solicitante deberá cumprir os seguintes umbrais mínimos:

- Liña 1:
  - Acadar 100 puntos na valoración dos criterios.
- Liña 2:
  - Acadar 50 puntos na valoración dos criterios.

2.- Para efectuar a proposta de concesión da subvención, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 170 puntos:

- a) Polo tipo de actuación en función da liña subvencionable:
  - Liñas 1 e 2:
    - Obras de primeiro establecemento. Ata 75 puntos.
      - 20 puntos para proxectos de importe de entre 40.000,01€ e 80.000,00€
      - 40 puntos para proxectos de importe de entre 80.000,01€ e 120.000,00€
      - 75 puntos para proxectos de importe superior a 120.000,00€



## Concello de Vigo

- Obras de reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente. Ata 25 puntos.
  - 10 puntos para proxectos de importe de entre 40.000,01€ e 50.000,00€
  - 15 puntos para proxectos de importe de entre 50.000,01€ e 60.000,00€
  - 25 puntos para proxectos de importe superior a 60.000,00€

b) Liñas 1 e 2: Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

b.1. Número de licencias de categorías previas á absoluta. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

b.2. Número de licencias femininas: Ata 15 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 10 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 15 puntos: >50 licencias deportivas.

c) Liñas 1 e 2: Actividade xeral da entidade solicitante: Relevancia do proxecto deportivo no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 30 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2021/2022.

### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.**

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarias, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior, cos seguintes límites en función da liña:

- Liña 1: Un máximo de 150.000,00 euros co límite do 75% do custo efectivo das actuacións realizadas en campos de fútbol ubicados en centros educativos de titularidade privada en concepto de inversións orientadas a:
  - Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.

- Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación , mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmobile xa existente.
- Liña 2: Un máximo de 65.000,00 euros co límite do 75% do custo efectivo das actuacións en concepto de inversións orientadas á mellora da eficiencia enerxética en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, nos seguintes conceptos:
  - Proxectos de mellora da eficiencia enerxética na Iluminación dos terreos de xogo.
  - Cambio de sistemas de xeración de auga quente sanitaria orientados a mellora na eficiencia enerxética e/ou as enerxías limpas.

O importe a subvencionar por beneficiario en ningún caso poderá superar o importe máximo previsto, nin ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actuación subvencionada. No caso de que polo valor dos puntos, o importe dunha subvención supere calquera dos límites, aplicarase o factor de corrección necesario.

Á vista das solicitudes admitidas no procedemento por cumprir cos requisitos establecidos, e no suposto de que o crédito dispoñible sexa insuficiente para atender os importes inicialmente propostos para cada liña, a comisión avaliadora reducirá proporcionalmente por liña estes importes iniciais ata o límite orzamentario da convocatoria, tendo en conta as puntuacións acadadas polas entidades solicitantes admitidas no proceso e o porcentaxe que estas puntuacións supoñan.

Cada beneficiario só pode acollerse a solicitar unha subvención por unha actuación única e vinculada a unha das dúas liñas.

#### **NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

#### **DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente polo/a representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)),

Cada entidade poderá unicamente presentar unha solicitude por unha actuación única.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.



#### **DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo/a representante legal da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Declaración responsable.

B) Outra documentación obrigatoria:

-Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.

-Documentación que acredite a propiedade/Dispoñibilidade da instalación obxecto da actuación.

-No suposto de terreos/instalacións cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberán presentar, igualmente, a autorización expresa de ditos entes para realizar as actuacións obxecto de subvención.

-Certificado actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.

- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

-Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno da entidade xurídica.

-Copia do D.N.I. do/a representante legal da entidade xurídica asinante da solicitude de subvención.

-Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas co proxecto deportivo desenvolvido na instalación na tempada 2021/2022.

-Memoria valorada explicativa da actuación, que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

-Memoria do proxecto deportivo desenvolvido na instalación obxecto da solicitude de subvención.

Ao tratarse de actuacións subvencionables que superan a contía de 40.000,00 euros (IVE excluído), o solicitante deberá achegar como mínimo (no momento da xustificación), tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

A Concellería de deportes poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da

notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo elaborado ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer na instalación en lugar visible por un período mínimo de cinco anos.

#### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.





## Concello de Vigo

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

### **DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actuación subvencionada.

### **DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2022 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

- Liñas 1 e 2:

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.

- Certificados de obras subscritos polo director da obra e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- Só para Liña 1:
  - Nomeamento do/a director/a de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Só para Liña 2:
  - Nomeamento do/a director/a técnico da obra.

Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os



**Concello de Vigo**

xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

2.4.- Outra documentación:

- Anexo II.1. Relación asinada de documentación presentada acreditativa do pago polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable

2.5.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

**DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a cada liña subvencionable será abonado, ás beneficiarias que o soliciten, mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos. Para este pago anticipado establécese que as entidades beneficiarias, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran

declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quiebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

2.- O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención. O pagamento realizarase con cargo ás partidas orzamentarias 3420.780.00.11 e 3420.7700000 do orzamento da Concellería de deportes segundo a liña subvencionable.

3.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

## **VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS.**

### **1.- Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- A construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, o período durante o que o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención será de 5 anos, para o caso de bens inscribibles nun rexistro público e de dous para o resto de bens. O incumprimento desta obrigación de destino será causa de reintegro
- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan *incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición* estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



**Concello de Vigo**

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

#### **VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Xefe do servizo de deportes-director deportivo      Conforme  
O Concelleiro Delegado de Deportes

S.ord. 28/04/2022





## Concello de Vigo

oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dppd.vigo@vigo.org](mailto:dppd.vigo@vigo.org).

Sinatura do representante legal

Vigo, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

**Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES**

**ANEXO I.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don/Dna.		DNI.	
Representante legal da entidade		CIF	

**Declara,**

- Que esta entidade solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións en relación ó proxecto obxecto da subvención solicitada ó Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta no documento ..... de data ....., D/Dna..... con DNI: ....., figura como representante legal da entidade, o que lle outorga, a representación legal da entidade para o trámite obxecto da solicitude.
- A instalación obxecto da solicitude de subvención cumpre cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia.

Vigo, de de 20\_\_

Sinatura do/da representante legal





**Concello de Vigo**

**ANEXOII.1.- CONTA XUSTIFICATIVA-**

Entidade		CIF	
Enderezo		Localidade	
Telf.		E-Mail	

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€	
Importe xustificado	Base Imponible	€	IVE €

**Relación de documentos xustificativos de pago (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):**

	CONCEPTO
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	
13	
14	
15	

TOTAL	Base Imponible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ representante legal da entidade  
 \_\_\_\_\_ CIF: \_\_\_\_\_ certifica que os documentos que se detallan na  
 conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de \_\_\_\_\_ € de base  
 imponible e \_\_\_\_\_ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados  
 directamente coa actuación subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de de 20\_\_

Sinatura do/da representante legal

**ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna.		DNI:	
Repres. legal da Entidade		CIF:	

**DECLARA:**

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que o custo total da actuación que foi obxecto da subvención foi de .....€
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

SÍ	<input type="checkbox"/>
NON	<input type="checkbox"/>
- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20\_\_

Sinatura do/da secretario/a	Conforme do/da Presidente/a	Selo da entidade:



**ANEXO III.1.**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONES DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é contribuir no financiamento dos gastos vinculados coa inversión en actuacións orientadas á mellora de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 215.000,00 € (Douscentos quince mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2022
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2022

**TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas:

- Liña 1: Centros educativos privados e concertados que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, con personalidade xurídica propia, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
- Liña 2: Entidades titulares de instalacións privadas nas que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Na liña 2, entidades con ánimo de lucro.

### 3. Condicións dos terreos, as edificacións e os proxectos:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Os proxectos que se presenten serán por importe superior a 40.000,00€, e deberán contar coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística, incluída a xestión medioambiental
- Os proxectos deberán incluír medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación.
- A instalación deberá cumprir cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e deberá estar inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia.

4. Que a entidade solicitante teña a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios en que se pretende realizar as actuacións. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarase mediante escritura pública ou calquera medio válido en dereito

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presentala solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

### **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

### **SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.



**Concello de Vigo**

#### **SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

#### **OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2022 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

#### **NOVENA.- PAGAMENTO.**

Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a cada liña subvencionable, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos.

O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

#### **ANEXO III.3.**

**Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data ..... (completar unha vez aprobado) de 2022, polo que se aproba a convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo**

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é contribuir no financiamento dos gastos vinculados coa inversión en actuacións orientadas á mellora de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

## **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 215.000,00 € (Douscentos quince mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

<b>Liñas</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Importe</b>	<b>Anualidade</b>
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2022
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2022

## **TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

- Liña 1: Centros educativos privados e concertados que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, con personalidade xurídica propia, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
- Liña 2: Entidades titulares de instalacións privadas nas que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

## **CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

## **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

## **SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

## **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2022 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**8(297).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONFEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA PARA A ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XORNADA INFORMATIVA “FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CULTURA EMPRESARIAL” DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. EXPTE. 18970/77.**

Visto o informe de fiscalización do 20/04/2022 e o informe-proposta do 22/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 09/02/2022, Don Jorge A. Cebreiros Arce (DNI: 34.938.573-D), en calidade de presidente da “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)” (CIF: G36615219), achegou escritos (docs. 220030048, 220052561, 220053693, 220054630), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para organizar e executar a xornada informativa “Fomento do emprendemento e a cultura empresarial” do proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), mediante unha axuda económica que se concreta no financiamento dos gastos de deseño, publicidade e difusión, e ponencias de expertos na materia, derivados da planificación da xornada que se levará a cabo nas instalacións da C.E.P. durante a mañá do día 22 de marzo de 2022, xunto sesións personalizadas pola tarde, con exposición de casos específicos e enfocadas a ofrecer axuda a proxectos e ideas de negocios concretas.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Jorge A. Cebreiros Arce, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 10/03/2022.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 11/03/2022.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 10/03/2022.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 10/03/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).

S.ord. 28/04/2022

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS (22/03/2022)</b>	
Honorarios de 3 Poñentes/Expertos	900,00 €
Deseño de imaxe para invitación e cartelería	500,00 €
Deseño e inserción de anuncio en diario de maior tirada	800,00 €
Campaña de difusión e captación en redes sociais ou diarios dixitais	2.150,00 €
Cartelería e ambientación	235,41 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.585,41 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (22/03/2022)</b>	
Convenio de Colaboración Concello de Vigo	4.585,41 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.585,41 €</b>

8. Memoria explicativa do proxecto subvencionado.

IV. En data 09/03/2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)” (CIF: G36615219) achega a documentación acreditativa da capacidade xurídica da entidade, certificado de cargos que ostentan a representación legal, segundo o depósito de Estatutos de Organizacións Empresariais da Consellería de Emprego e Igualdade, Xunta de Galicia, co nº 36000018 e certificado de poderes no que se faculta ó Presidente para subscribir este convenio de colaboración (doc. 220052561). Así mesmo, achega os estatutos da entidade (doc. 220054630).





## Concello de Vigo

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 10/03/2022 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A técnica de administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención directa á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de organizar e executar a xornada informativa “Fomento do emprendemento e a cultura empresarial” dentro do marco do proxecto “Vigo pola inserción laboral”.

A Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra (CEP) é unha entidade asociativa que representa e defende os intereses dos empresarios da provincia (conta coa adhesión de 52 organizacións empresariais de comercio, industria, servizos e territoriais; abrangue máis de 12.000 empresas, de todos os tamaños e sectores de actividade, afiliadas libre e voluntariamente), destacando a súa contribución á sociedade como xeradores de emprego e progreso.

Entre os seus fins e actividades da entidade, atópanse os seguintes:

- Promover o desenvolvemento industrial e comercial, en beneficio do interese xeral.
- Representar e xestionar os intereses xerais e comúns dos seus asociados perante persoas e entidades públicas e privadas, singularmente perante a Administración.
- Representar e xestionar, igualmente, os intereses xerais e comúns dos seus asociados perante as organizacións de traballadores do mesmo ámbito e nivel.
- Fomentar o progreso nas técnicas de dirección das empresas mediante a realización de estudos e a difusión dos medios de formación correspondentes.
- Elaborar recomendacións e principios sobre política salarial e colectivo-contractual.
- Fomentar, programar e realizar plans de formación ocupacional, de parados, e formación continua, dirixidos a traballadores en activo, incluídos os autónomos.
- Fomentar unha educación e unha formación de calidade, incluída a Formación Profesional Dual, respecto da que poderá ser organismo intermedio, co obxectivo de elevar o nivel xeral de cualificación e atender as necesidades e demandas do sistema produtivo.
- Fomentar e promover con carácter prioritario a realización de accións dirixidas a empresarios e traballadores para a prevención de riscos laborais e da saúde no traballo, a igualdade de xénero, a responsabilidade social corporativa ou a internacionalización empresarial.
- Establecer, desenvolver ou promover medidas, accións ou programas de iniciativa, inserción ou intervención social que aborden áreas de actuación como familia, infancia, mocidade, minusvalías, velez, igualdade de xénero, emigración, minorías étnicas, así como calquera outra problemática de marxinación ou risco de exclusión social.
- Promover a innovación tecnolóxica nas empresas.

A gran maioría de itinerarios formativos que compoñen o proxecto “Vigo pola inserción laboral” están relacionados co comercio e marketing; hostalaría e turismo. Estes son sectores que ofrecen unha vía importante no concello de Vigo á hora de xerar emprego. Son sectores cun alto porcentaxe de emprendemento, principalmente coa creación de pequenos negocios. A impartición de metodoloxía Lean Startup para a promoción do autoemprego como formación adicional aos certificados de profesionalidade que integran os itinerarios formativos facilitan técnicas e ferramentas hábiles e innovadoras que permiten a incorporación dos alumnos ao mundo laboral a través do emprendemento.

O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciado co Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, promover as habilidades sociais do alumnado nun marco interpersoal e sociolaboral, e impulsar o espírito emprendedor e o autoemprego co fin de concienciarlos na cultura do emprendemento.

Á súa vez, os axentes sociais máis representativos, UXT, CC.OO., CIG, AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, participaron activamente na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionado e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

Actuando con este proceder búscase dotar de protagonismo aos axentes sociais e dar cumprimento aos compromisos adquiridos e cabida aos mesmos na organización, deseño e implantación do presente proxecto

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto, establece esta canle de cooperación necesaria coa Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra (CEP) para subvencionar os gastos de deseño, publicidade e difusión, e ponencias de expertos na materia, derivados da planificación da xornada informativa “Fomento do emprendemento e a Cultura empresarial” que se levará a cabo nas instalacións da C.E.P. durante a mañá do día 22 de marzo de 2022, xunto sesións personalizadas pola tarde, con exposición de casos específicos e enfocadas a ofrecer axuda a proxectos e ideas de negocios concretas, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800013 “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022” prevista nos vixentes orzamentos municipais.

En definitiva, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación dos axentes sociais no proxecto, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.



**Concello de Vigo**

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Queda facultado para asinar o citado convenio, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, Abel Losada Álvarez, ao amparo da Resolución da Alcaldía – Presidencia, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área , de data 17 de agosto de 2020.

Doutra parte, asinará o convenio Don Jorge A. Cebreiros Arce, con DNI 34.938.573-D, en calidade de Presidente da “Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra (CEP)” (CIF: G36615219), en nome e representación da mesma.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a procura de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b), tal e como ven desenvolvendo a concellería de Cultura e Emprego nos últimos anos, toda vez que a actividade de fomento de emprego é unha actividade considerada coma prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da XGL do 09/03/2012).

Así mesmo e, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira de dita lei, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, corresponde a materias de competencia propias do Concello a promoción e reinserción sociais e a participación na formación de activos e desempregados segundo o previsto nas letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que

S.ord. 28/04/2022

figuran as razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento xeral do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (22 de marzo de 2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen durante o ano 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio, de 4.585,41€ imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800013 "Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á *Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra (CEP)* son gastos de información e publicidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



**Concello de Vigo**

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

#### **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38.5.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **20 de maio de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das

modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 17 de agosto de 2020, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### *ACORDO*

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de **4.585,41€** (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros), con cargo á aplicación orzamentaria nº 2410 4800013, denominada “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.-2022”, incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra” (CIF: G36615219), cuxo obxecto é organizar e executar a xornada “Fomento do Emprendemento e a Cultura Empresarial” do



## Concello de Vigo

proxecto “Vigo pola inserción laboral”, e coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.585,41€ (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros)

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA PARA A ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XORNADA INFORMATIVA “FOMENTO DO EMPREDEMENTO E A CULTURA EMPRESARIAL” DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dos.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Jorge Antonio Cebreiros Arce, en calidade de Presidente da “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)” (CIF: G36615219), con domicilio social na Avda. García Barbón, nº 104 – Planta 1ª, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 18970/77.

E, Dª Susana Gallardo Fariña, secretaria da Administración Municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

S.ord. 28/04/2022

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

II.- Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP) é unha Asociación que representa e defende os intereses dos empresarios da provincia (conta coa adhesión de 52 organizacións empresariais de comercio, industria, servizos e territoriais; abrangue máis de 12.000 empresas, de todos os tamaños e sectores de actividade, afiliadas libre e voluntariamente), destacando a súa contribución á sociedade como xeradores de emprego e progreso.

Entre os seus fins e actividades da entidade, atópanse os seguintes:

- Promover o desenvolvemento industrial e comercial, en beneficio do interese xeral.
- Representar e xestionar os intereses xerais e comúns dos seus asociados perante persoas e entidades públicas e privadas, singularmente perante a Administración.
- Representar e xestionar, igualmente, os intereses xerais e comúns dos seus asociados perante as organizacións de traballadores do mesmo ámbito e nivel.
- Fomentar o progreso nas técnicas de dirección das empresas mediante a realización de estudos e a difusión dos medios de formación correspondentes.
- Elaborar recomendacións e principios sobre política salarial e colectivo-contractual.
- Fomentar, programar e realizar plans de formación ocupacional, de parados, e formación continua, dirixidos a traballadores en activo, incluídos os autónomos.
- Fomentar unha educación e unha formación de calidade, incluída a Formación Profesional Dual, respecto da que poderá ser organismo intermedio, co obxectivo de elevar o nivel xeral de cualificación e atender as necesidades e demandas do sistema produtivo.





## Concello de Vigo

- Fomentar e promover con carácter prioritario a realización de accións dirixidas a empresarios e traballadores para a prevención de riscos laborais e da saúde no traballo, a igualdade de xénero, a responsabilidade social corporativa ou a internacionalización empresarial.
- Establecer, desenvolver ou promover medidas, accións ou programas de iniciativa, inserción ou intervención social que aborden áreas de actuación como familia, infancia, mocidade, minusvalías, vellez, igualdade de xénero, emigración, minorías étnicas, así como calquera outra problemática de marxinación ou risco de exclusión social.
- Promover a innovación tecnolóxica nas empresas.

III.- A gran maioría de itinerarios formativos que compoñen o proxecto “Vigo pola inserción laboral” están relacionados co comercio e marketing; hostalaría e turismo. Estes son sectores que ofrecen unha vía importante no concello de Vigo á hora de xerar emprego. Son sectores cun alto porcentaxe de emprendemento, principalmente coa creación de pequenos negocios. A impartición de metodoloxía Lean Startup para a promoción do autoemprego como formación adicional aos certificados de profesionalidade que integran os itinerarios formativos facilitan técnicas e ferramentas hábeis e innovadoras que permiten a incorporación dos alumnos ao mundo laboral a través do emprendemento.

IV.- O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciado co Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, promover as habilidades sociais do alumnado nun marco interpersonal e sociolaboral, e impulsar o espírito emprendedor e o autoemprego co fin de concienciarlos na cultura do emprendemento.

O proxecto busca dotar de protagonismo aos axentes sociais na organización, deseño e implementación do presente proxecto, tendo presenza activa as entidades máis representativas coma UXT, CC.OO., AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, que participaron na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionando e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

V.- O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto e para organizar e executar a xornada informativa “Fomento do emprendemento e a cultura empresarial” do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, establece esta canle de cooperación necesaria coa Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra (C.E.P.) mediante o financiamento dos gastos de deseño, publicidade e difusión, e ponencias de expertos na materia, derivados da planificación desta xornada que se levará a cabo nas instalacións da C.E.P. durante a mañá do día 22 de marzo de 2022, xunto sesións personalizadas pola tarde, con exposición de casos específicos e enfocadas a ofrecer axuda a proxectos e ideas de negocio concretas.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2022 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 4800013 “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.-2022”, para a concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, unha subvención directa por razóns do interese público, económico e social do desenvolvemento e cumprimento de obxectivos do proxecto “Vigo pola inserción laboral” organizando e executando a xornada informativa “Fomento do emprendemento e cultura empresarial” para favorecer o emprendemento e autoemprego.

Entre os motivos que acreditan o carácter singular desta subvención, así como as razóns de interese público e social que dificultan a concorrencia e convocatoria pública, débese indicar o seguinte:

- ✓ a necesidade da mellora de accións de promoción do autoemprego e o fomento do emprendemento.
- ✓ a singularidade desta entidade beneficiaria no termo municipal de Vigo na coordinación, representación, xestión, fomento e defensa dos intereses xerais e específicos dos empresarios da provincia.
- ✓ o interese e compromiso de organizar esta xornada informativa que compón o proxecto “Vigo pola inserción laboral”, para propiciar o fomento do autoemprego e emprendemento dos participantes nos itinerarios de inserción.
- ✓ a especificidade da subvención proposta e a oportunidade de cumprir co obxectivo de organizar e executar a xornada de “Fomento do Emprendemento e Cultura Empresarial”.
- ✓ a participación activa na planificación do proxecto “Vigo pola inserción laboral” da Asociación como un dos axentes sociais máis representativos e principais coñecedores da realidade laboral da cidadanía viguesa.

En definitiva, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación dos axentes sociais no proxecto, senón tamén a promovela activamente.

Neste convenio establécense as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é organizar e executar a xornada informativa “Fomento do emprendemento e a cultura empresarial” do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é de 4.585,41 €.

VII.- Que a entidade “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, público, formativo, informativo, reivindicativo e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, cultural, formativo e informativo, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## **PACTOS**

**Primeiro.**- A entidade “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)” comprométese a colaborar coa concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:



## Concello de Vigo

1. Organizar e executar a xornada informativa “Fomento do emprendemento e a cultura empresarial” que fundamenta a concesión da subvención, co contido e nos termos da memoria achegada ao expediente, contando coa presenza destacada dos logotipos oficiais, cuxos modelos estarán a disposición da entidade no servizo de Desenvolvemento Local e emprego, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
2. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento da actividade.
3. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
4. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Cultura e Emprego, e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio.
5. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
8. Dispor da cobertura dun seguro de responsabilidade civil xeral nas instalacións onde se leve a cabo a xornada, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)” unha subvención por importe de 4.585,41€ (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros), con cargo a partida orzamentaria nº 2410 4800013 denominada “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022” do vixente orzamento municipal, co obxecto de organizar e executar a xornada “Fomento do emprendemento e a Cultura empresarial” do proxecto “Vigo pola inserción laboral” cofinanciado nun 80% polo FSE, o día 22 de marzo de 2022.
2. Respetar a estrutura organizativa da “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)”.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a

concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal e o cofinanciamento do FSE, nas actividades subvencionadas, mediante a inserción dos logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto “Vigo pola inserción laboral” e logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio.

**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **20 de maio de 2022**.



## Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electronicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datás e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Actuacións realizadas.
5. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
6. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
7. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
8. Acreditar, mediante a inserción en lugar destacado dos logotipos oficiais, a difusión pública da colaboración municipal e do FSE no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor, concepto dos gastos,

CIF/NIF do emisor, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.5 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse facturas **electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.



## Concello de Vigo

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electronicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura e Emprego e o Fondo Social Europeo, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto "Vigo pola inserción laboral" e logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento as imaxes corporativas.

**Noveno.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES 78 0081 0388 0200 0193 3594 (Banco Sabadell)

**Décimo .-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2022, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura e Emprego. A xefatura do servizo de Desenvolvemento local e emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Emprego e polo servizo de Intervención Xeral Municipal,

Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).





**Concello de Vigo**

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo sétimo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerouse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.-** O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2022.

**9(298).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XORNADA INFORMATIVA “MOTIVACIÓN E APOIO A PERSOAS CON DIFICULTADES NO ACCESO Ó EMPREGO” DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. EXPTE. 18997/77.**

Visto o informe de fiscalización do 20/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 07/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 22/02/2022, Dona Susana Pérez Iglesias (DNI: 39.451.055-Y), en calidade de presidenta da “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), achegou escrito (doc. 220039736, 220039738, 220056398), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para organizar e executar a xornada informativa “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego” do proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), mediante unha axuda económica que se concreta no financiamento os gastos de deseño, publicidade e difusión, pausa para café, alugueiro de espazos e honorarios dos poñentes, derivados da planificación desta xornada que se levará a cabo nas instalacións do Círculo de Empresarios de Galicia durante a mañá do día 19 de abril de 2022.

S.ord. 28/04/2022

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Susana Pérez Iglesias, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Asociación de Empresarias de Galicia", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 10/03/2022.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 11/03/2022.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 10/03/2022.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 10/03/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS (19/04/2022)</b>	
Alugueiro de sala con medios audiovisuais	950,00 €
Materiais para o curso (Usb, bolígrafos, cadernos...)	1.500,00 €
Honorarios poñentes	590,00 €
Deseño de cartel e publicidade do curso	975,00 €
Pausa café	600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.615,00 €</b>



**Concello de Vigo**

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (19/04/2022)</b>	
Subvención Concello de Vigo	4.585,45 €
<b>Recursos propios</b>	29,55 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.615,00 €</b>

8. Memoria explicativa do proxecto subvencionado.

IV. En data 09/03/2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999) consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 1284-16.

VI. A petición do servizo de Desenvolvemento Local e emprego, expídese certificación de data 10/03/2022 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A técnica de administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención directa á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA (G27826999), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de organizar e executar a xornada informativa “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego” dentro do marco do proxecto “Vigo pola inserción laboral”.

A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional. Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:

- Conseguir a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.

S.ord. 28/04/2022

- Impulsar e axudar á muller emprendedora.
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.
- Fomentar o asociacionismo empresarial.

Habitualmente cando se trata de achegar o emprego ás persoas e colectivos de especial vulnerabilidade téndese a atender aspectos relacionados exclusivamente co ámbito laboral sen intervir noutros aspectos persoais, sociais ou profesionais. Con todo, hai que ter en conta que a realización dun plan vital supón unha dificultade cando as persoas atópanse en situación de desvantaxe social e/ou persoal, o que lles fai máis vulnerables á hora de inserirse no mundo sociolaboral.

É por iso, que o proxecto pretende incidir en que ademais de promover á persoa no ámbito laboral, é necesario traballar todas as esferas da súa vida, posto que a empregabilidade depende de moitos factores non directamente laborais.

O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciado co Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, non só a inserción laboral mediante a impartición de itinerarios formativos, senón tamén mediante a implantación de estratexias orientadas á participación, a integración laboral, o empoderamento, a significación persoal e outras actividades que posibiliten o fortalecemento e a integración da persoa na súa comunidade.

Á súa vez, os axentes sociais máis representativos, UXT, CC.OO., CIG, AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, participaron activamente na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionado e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

Actuando con este proceder búscase dotar de protagonismo aos axentes sociais e dar cumprimento aos compromisos adquiridos e cabida aos mesmos na organización deseño e implantación do presente proxecto.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia para subvencionar os gastos de deseño, publicidade e difusión, pausa para café, alugueiro de espazos e honorarios dos poñentes, derivados da planificación da xornada informativa “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego”, que se levará a cabo no Círculo de Empresarios de Galicia, durante a mañá do día 19 de abril de 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800013 “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022” prevista nos vixentes orzamentos municipais.

En definitiva, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación dos axentes sociais no proxecto, senón tamén a promovela activamente.



**Concello de Vigo**

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Queda facultado para asinar o citado convenio, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, Abel Losada Álvarez, ao amparo da Resolución da Alcaldía – Presidencia, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área , de data 17 de agosto de 2020.

Doutra parte, asinará o convenio Dona Susana Pérez Iglesias, con DNI 39.451.055Y, en calidade de Presidenta da “Asociación EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), en nome e representación da mesma.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a procura de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b), tal e como ven desenvolvendo a concellería de Cultura e Emprego nos últimos anos, toda vez que a actividade de fomento de emprego é unha actividade considerada coma prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da XGL do 09/03/2012).

Así mesmo e, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira de dita lei, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, corresponde a materias de competencia propias do Concello a promoción e reinserción sociais e a participación na formación de activos e desempregados segundo o previsto nas letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L

3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran as razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento xeral do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (19 de abril de 2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen durante o ano 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio, de 4.585,41€ imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800013 "Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Empresarias de Galicia son gastos de información e publicidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



**Concello de Vigo**

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

## **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38.5.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **19 de maio de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

S.ord. 28/04/2022

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 17 de agosto de 2020, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de **4.585,41€** (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros), con cargo á **aplicación orzamentaria**





**Concello de Vigo**

nº **2410 4800013** denominada “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022”, **incluída no vixente orzamento municipal de 2022.**

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), cuxo obxecto é organizar e executar o a xornada “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego” do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, e coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.585,41€ (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros).

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XORNADA INFORMATIVA “MOTIVACIÓN E APOIO A PERSOAS CON DIFICULTADES NO ACCESO Ó EMPREGO” DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”.

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dous.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Susana Pérez Iglesias, en calidade de Presidenta da “Asociación de EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), con domicilio social na Praza de Compostela, 23 – 2º dereita, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 18997/77.

S.ord. 28/04/2022

E, D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, secretaria da Administración Municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

II.- A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional. Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:

- Conseguir a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.
- Impulsar e axudar á muller emprendedora.
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.
- Fomentar o asociacionismo empresarial.

III.- Habitualmente cando se trata de achegar o emprego ás persoas e colectivos de especial vulnerabilidade téndese a atender aspectos relacionados exclusivamente co ámbito laboral sen



## Concello de Vigo

intervir noutros aspectos persoais, sociais ou profesionais. Con todo, hai que ter en conta que a realización dun plan vital supón unha dificultade cando as persoas atópanse en situación de desvantaxe social e/ou persoal, o que lles fai máis vulnerables á hora de inserirse no mundo sociolaboral.

É por iso, que o proxecto pretende incidir en que ademais de promover á persoa no ámbito laboral, é necesario traballar todas as esferas da súa vida, posto que a empregabilidade depende de moitos factores non directamente laborais.

IV.- O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciado co Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, non só a inserción laboral mediante a impartición de itinerarios formativos, senón tamén mediante a implantación de estratexias orientadas á participación, a integración laboral, o empoderamento, a significación persoal e outras actividades que posibiliten o fortalecemento e a integración da persoa na súa comunidade.

O proxecto busca dotar de protagonismo aos axentes sociais na organización, deseño e implementación do presente proxecto, tendo presenza activa as entidades máis representativas coma UXT, CC.OO., AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, que participaron na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionando e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

V.- O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto e para organizar e executar a xornada informativa “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego” do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia mediante o financiamento dos gastos de deseño, publicidade e difusión, alugueiro de espazos e honorarios dos poñentes, derivados da planificación desta xornada que se levará a cabo no Círculo de Empresarios de Galicia, durante a mañá do día 19 de abril de 2022.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2022 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 4800013 “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.-2022”, para a concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, unha subvención directa por razóns do interese público, económico e social do desenvolvemento e cumprimento de obxectivos do proxecto “Vigo pola inserción laboral” organizando e executando a xornada informativa “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego” para favorecer a integración sociolaboral.

Entre os motivos que acreditan o carácter singular desta subvención, así como as razóns de interese público e social que dificultan a concorrencia e convocatoria pública, débese indicar o seguinte:

- ✓ a necesidade da mellora de accións orientadas á participación, a integración laboral, a significación persoal que posibiliten o fortalecemento e a integración sociolaboral das persoas con dificultades no acceso ó emprego.
- ✓ a singularidade desta entidade beneficiaria no termo municipal de Vigo na procura da igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- ✓ o interese e compromiso de organizar e executar esta xornada informativa que integra o proxecto “Vigo pola inserción laboral”, para propiciar a inserción social e laboral das persoas con dificultades no acceso ó emprego na súa comunidade.
- ✓ a especificidade da subvención proposta e a oportunidade de cumprir co obxectivo de organizar e executar a xornada “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego”.
- ✓ a participación activa na planificación do proxecto “Vigo pola inserción laboral” da Asociación como un dos axentes sociais máis representativos e principais coñecedores da realidade laboral da cidadanía viguesa.

En definitiva, a mellora da contratación de persoas en situación de desemprego, cara a busca de emprego, mediante a motivación e o apoio.

Neste convenio establécense as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é organizar e executar a xornada informativa “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego” do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é de 4.585,41.-€

VII.- Que a entidade “*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, público, formativo, informativo, reivindicativo e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, cultural, formativo e informativo, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.**- A entidade “*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*” comprométese a colaborar coa concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Organizar e executar a xornada informativa “Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego” do proxecto “Vigo pola inserción laboral” que fundamenta a concesión da subvención, co contido e nos termos da memoria achegada ao expediente, contando coa presenza destacada dos logotipos oficiais, cuxos modelos estarán a disposición da entidade no servizo de Desenvolvemento Local e emprego, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.



## Concello de Vigo

2. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento da actividade.
3. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
4. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Cultura e Emprego, e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio.
5. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
8. Dispor da cobertura dun seguro de responsabilidade civil xeral nas instalacións onde se leve a cabo a xornada, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*" unha subvención por importe de 4.585,41€ (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 2410 4800013 "Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022", do vixente orzamento municipal, co obxecto de organizar e executar a xornada "Motivación e apoio a persoas con dificultades no acceso ó emprego" do proxecto "Vigo pola inserción laboral" cofinanciado nun 80% polo FSE, o día 19 de abril de 2022.
2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Empresarias de Galicia*".
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Sétimo.**- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción dos logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto "Vigo pola inserción laboral" e logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio.

**Oitavo.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **19 de maio de 2022**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das



## Concello de Vigo

modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electronicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Actuacións realizadas.
5. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
6. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
7. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
8. Acreditar, mediante a inserción en lugar destacado dos logotipos oficiais, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e

orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.5 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun **balance** que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse facturas **electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electronicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:





## Concello de Vigo

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura e Emprego, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada dos logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto "Vigo pola inserción laboral" e logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento as imaxes corporativas.

**Noveno.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES46 2080 0714 88 3040040596 (Abanca).

**Décimo .-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2022, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura e Emprego. A xefatura do servizo de Desenvolvemento local e emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Emprego e polo servizo de Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo sétimo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos



**Concello de Vigo**

non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2022.

**10(299).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA O MANTEMENTO OU REFORZAMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 3074/334.**

Visto o informe xurídico do 12/04/2022 e o informe de fiscalización do 26/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 07/04/2022, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O DOG do 30 de marzo (núm. 62) recolle a publicación da Orde do 17 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Universidade) pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (código do procedemento PL400A).

No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe "mantemento: a dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións / reforzamento: incorporación de máis persoal técnico, mediante a súa contratación, a un servizo lingüístico xa existente na data de publicación desta convocatoria".

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.1.c (servizo xa existente), art. 8 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

O SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana, para podermos desempeñar o labor programado anualmente.

S.ord. 28/04/2022

Esta orde de convocatoria de subvencións ábreunos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- "A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística **para o mantemento ou reforzamento do SNL** por un total de 15.000,00 euros.

2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que se desprenden das bases da ORDE do 17 de marzo de 2022."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(300).- SOLICITUDE DE RESTAURACIÓN A-52 DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO DO CONTRATO DA CAFETERÍA CASA DO CONCELLO E INSTALACIÓNS DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS. 19840/240.**

Dáse conta do informe-proposta do 19/04/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

RDL 3/2011 de 14 novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

L 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPACAP).

L 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. (LRXSP)

#### **INFORME - PROPOSTA:**



**Concello de Vigo**

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

PRIMEIRO.- O concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de xuño do 2018, adxudicou a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a explotación da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vendings) na Casa do Concello, consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local, o 27 de xaneiro do 2017, e a oferta presentada.

Dito contrato formalizouse en documento administrativo en data 12 de xuño do 2020.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local, o 11 de novembro do 2021, acordou *Modificar o contrato do servizo de cafetería na casa do concello, complexo deportivo de Samil e instalación de máquinas de "vending" en dependencias municipais por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe. A modificación consistirá en introducir as variacións de obra sinaladas no informe dos arquitectos municipais da oficina de obras e proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 8/4/2021 á "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello" recollida como Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares, que afectan as unidades de obra citadas no fundamento xurídico II deste informe.*

A modificación do contrato formalizouse en documento administrativo en data 29 de novembro do 2021, sinalándose na súa cláusula 4 que, o prazo do contrato é de 5 meses para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; e de 14 anos para a prestación do servizo, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do contrato inicial, o 12 de xuño do 2020.

**TERCEIRO.-** En data 27-01-2022 oficiouse á empresa contratista recordandolle que dacordo co Prego de cláusulas administrativas polo que se rixe o contrato, tiña a obriga de remitir nun prazo de 15 días, a contar dende a adxudicación do contrato, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, o proxecto básico e de execución das obras e posta en funcionamento da cafetería. Polo que, toda vez que no constaba a súa presentación, a pesar do tempo transcurrido, foi requerido para que procederá ao cumprimento do contrato nos seus termos, e remitira nun prazo de 15 días o Proxecto Básico e de Execución para a realización das obras de investimento referidas, coas modificacións de unidades de obra acordadas.

Requerimento notificado á contratista en data 1/02/2022.

S.ord. 28/04/2022

**CUARTO.-** D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L., presentou escrito con data de entrada no rexistro xeral o 3/3/2022, solicitando unha *ampliación del plazo de la fecha límite para la presentación del proyecto básico, ejecución de las obras y puesta en funcionamiento de la cafetería y la instalación de máquinas expendedoras de bebidas y sólidos (vending) en las dependencias municipales, hata o día 30 de Junio de este año 2022, todo ello con la finalidad de que la situación actual pueda normalizarse y que la empresa que represento pueda llevar a cabo la prestación del servicio de forma satisfactoria para todas las partes.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

**PRIMEIRO.-** A modificación do contrato, asinada ó 29 de novembro do 2021 establece na súa Cláusula 4, que o prazo do contrato é de 5 meses para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; e de 14 anos para a prestación do servizo, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do contrato inicial, o 12 de xuño do 2020.

Conseguentemente, fíxase como data de inicio do contrato o 13/6/2020, e polo tanto o momento na que xorde a obriga do contratista de dar cumprimento ao mesmo.

**SEGUNDO.-** O Prego de cláusulas administrativas, como documento que fixa os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato, é "lex contractus" entre estas, a que quedan vencelladas para o seu cumprimento nos propios termos.

Neste senso, na súa Cláusula 31.- Obrigas do contratista -, dispónese, entre outras, no seu apartado primeiro, que ten a obriga:

1.- *Relativas á execución das obras de acondicionamento e instalacións:*

1. *Realizar as obras de investimento recollidas na "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello", redactada en abril de 2016 polos arquitectos da oficina de obras e proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, e que figura como Anexo IV do prego de prescricións técnicas.*

*Para executar as obras, o adxudicatario remitirá nun prazo de 15 días a contar dende a adxudicación do contrato, o proxecto básico de execución que deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local.*

*A execución das obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. O replanteo terá lugar dentro do prazo de 10 días dende a notificación ao adxudicatario da aprobación do proxecto de execución da obra.*



## Concello de Vigo

*O adxudicatario convocará ao responsable do contrato para efectuar a comprobación de replanteo, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas. O prazo de execución das obras será de 60 días.*

A teor disto, tendo en conta a data na que formalizouse a modificación do contrato (29/11/2021), o prazo previsto de 5 meses para presentar o proxecto básico e de execución; realización das obras e instalacións; e posta en funcionamento da cafetería, atopase próximo ao seu vencemento, tendose esgotado o parcial dos 15 días para a presentación do proxecto.

**TERCEIRO.-** O contratista, no seu escrito do 3/3/2022, manifesta a difícil situación na que se encontra o sector da hostalería como consecuencia da pandemia que lle fai complicado, neste momento, cumprir co prazo dos 5 meses, solicitando sua ampliación ata o 30 de xuño.

Sendo de xeral coñecemento as dificultades que a pandemia causou e continúa causando ao sector da hostalería e restauración, non obstante, no presente caso, apreciase unha inactividade e demora no cumprimento das súas obrigas polo contratista, na que ditas circunstancias aínda que puideron ter unha relativa incidencia (non acreditada) na xestión empresarial, en modo algún o exime de responsabilidade.

A data inicial do contrato é do 12 de xuño do 2020, e aínda que foi obxecto da modificación sinalada anteriormente no mes de novembro do 2021, non acometeronse neste período actos significativos na sua execución, encontrándose nunha fase inicial como é, *a relativas á execución das obras de acondicionamento e instalacións* necesarias para a posta en funcionamento do servizo, para o que se require da presentación do correspondente proxecto básico e de execución, obriga á que na actualidade non deu cumprimento a contratista no prazo dos 15 previsto no prego nin tampouco en resposta ó requerimento realizado o 1/02/2022, fronte ao que limitouse a formular unha solicitude de ampliación de prazo, inviable neste intre, ó terse xa vencido o prazo parcial dos 15 días e atoparse igualmente próximo ó global dos 5 meses fixados para a posta en funcionamento da cafetería, resultando polo tanto avocado a seu incumprimento, e incurrindo nunha situación de mora na execución do contrato.

**CUARTO.-** A mora do contratista ven regulada no art. 212 do TR da Lei de Contratos do Sector Público que dispón o efecto:(...)

*2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.*

3. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

4. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, haber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, considérese necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

5. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

6. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previu no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

7. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houberse incumplido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, determínense no prego de cláusulas administrativas particulares.

Neste senso, o Prego de cláusulas administrativas particulares que rixe o contrato, establece na Cláusula 35.2. b). que constitúen infraccións graves (...)4. A demora, en mais de 45 días, non prazo previsto na cláusula 31 para a posta en funcionamento da actividade comercial. E na súa letra c), que constitúen infraccións moi graves (...) 12. A demora, en mais de tres meses, non prazo previsto na cláusula 31 para a posta en funcionamento da actividade comercial. Sancionándose as infraccións graves con multa de 751 ate 1.500 euros, e as moi graves, con multa de 1.501 ate 3.000 euros.

Polo tanto, á constitución en mora do contratista no cumprimento do prazo parcial para a posta en funcionamento da actividade, ou atraso





## Concello de Vigo

en mais de 45 días o dos tres meses, e unha infracción grave ou moi grave de acordo co prego que, non presente caso, tendo en conta que aínda non presentouse o proxecto básico e de execución para a realización das obras e polo tanto non realizáronse os demais tramites de aprobación do proxecto, acta de reformulo, e execución das obras para ou que se establece un prazo de 60 días, e previsible que esta demora prolónguese mais aló, incluso, do prazo solicitado, polo que chegado o caso, deberá resolverse o que proceda en función ó estado de execución do contrato e o interes xeral.

Nas actuais circunstancias, atendendo o interes en acadar a cobertura dunha necesidade como é a de dispoñer dun servizo de cafetería e comedor nas instalacións do Concello e seus anexos para os traballadores municipais e cidadáns en xeral que acceden ás dependencias municipais - servizo que é obxecto do contrato e do que non se dispón dende fai anos, tralo remate do derradeiro contrato-, neste intre, resultaría conveniente instar ó contratista a súa execución e cumprimento, presentando nun prazo de 15 días o proxecto básico e de execución das obras de investimento recollidas na "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello", coas modificacións aprobadas, e sen perxuízo de que se acorde o inicio do correspondente procedemento para a imposición das penalidades a que poidera ter dado lugar o incumprimento das súas obrigas contractuais.

A teor do exposto, propónse á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, de acordo co previsto na DA 2ª da LCAP, a adopción do seguinte acordo:

*"PRIMEIRO.- Denegar a ampliación do prazo da data límite para a presentación do proxecto básico, execución das obras de posta en funcionamento da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, ata o 30 de xuño do 2022, solicitado pola contratista RESTAURACIÓN A-52, S.L .*

*SEGUNDO.- Requerir á RESTAURACIÓN A-52, S.L o cumprimento do contrato asinado o 12/6/2020 (modificado o 29/11/2021), debendo presentar nun prazo de 15 días, o proxecto básico e de execución das obras de investimento recollidas na "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello", de acordo co sinalado na Cláusula 31 do PCAP.*

*TERCEIRO.- Iniciar actuacións previas para determinar o grado de cumprimento do contrato pola contratista - RESTAURACIÓN A-52, S.L. e, no seu caso, da incoación dun procedemento sancionador.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(301).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DO “PROXECTO DO 8º PROGRAMA PARA PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA”. EXPTE. 10661/307.**

Visto o informe xurídico do 11/04/022 e o informe de fiscalización do 20/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/03/2022, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 18 de febreiro de 2022, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO VIII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 18/01/2022, polo que se resolve o seguinte:

“Delegar na concelleira delegada da área de Patrimonio Histórico, dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do OITAVO programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2022, a través do servizo de Patrimonio Histórico:

  - 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.
  - 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
  - 30.000 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.”
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 18 de febreiro de 2022 para o inicio do expediente de contratación.
- PROXECTO DO 8º PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA”, redactado pola arquitecta técnica Xiana Alonso Población e aprobado pola Xunta de Goberno



## Concello de Vigo

Local, en sesión ordinaria de 17 de febreiro de 2022, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.

- Memoria xustificativa asinada o 22 de marzo de 2022 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras para a execución dos murais do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 23 de marzo de 2022.

### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**iii.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VIII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado pola arquitecta técnica Xiana Alonso Población.

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación con data 23 de marzo de 2022.

**3º.- Autorizar o gasto total de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (235.257,24 EUROS)**, sendo o importe correspondente ao IVE de CORENTA MIL OITOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (40.829,77 €) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(302).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO". EXPTE. 698/441.**

Visto o informe xurídico do 04/01/2022 e o informe de fiscalización do 20/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/12/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Antecedentes.**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22 de outubro de 2020, acordou aprobar o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO - CORUXO", subscrito polo Enxeñeiro Forestal Julio Calderón Carrero, polo Enxeñeiro Industrial Alvaro Calderón Carrero e polo Enxeñeiro Civil de Obras



## Concello de Vigo

Públicas David Meijide Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (642.434,46 €), e con data de Agosto de 2020”

2º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 13 de maio de 2021, acordou adxudicar a CALFENSA PROYECTOS, S.L. (B-27.182.682) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao - Coruxo” (698-441) por un prezo total de 561.833,25 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 97.508,25 euros.”

3º.- O Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, con data 24 de maio de 2021 en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019, acordou:

“Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra ao Enxeñeiro de Edificación D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS”

4º.- En data 6 de xullo de 2021, asíñase a Acta de Comprobación de Replanteo.

5º.- Con data 12 de agosto de 2021, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de “RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO – CORUXO”

6º.- Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data, 19.08.21 resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO - CORUXO”.

7º.- Con data 08.09.2021, a Dirección Facultativa emite proposta técnica motivada solicitando a continuación provisional das obras, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 13.09.2021 ditou resolución acordando á continuidade provisional das obras dede"RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO - CORUXO", nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 08.09.2021. En consecuencia emitíuse documento contable AD nº AD nº 202100090347 por importe de 56.183,32 euros.

8º.- Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 27 de decembro de 2021, no seguinte sentido:

“(…)

### **II.- MODIFICACIÓNS**

*Neste apartado descríbense as modificacións contidas no proxecto modificado n.º1.*

### **II.1. Modificacións derivadas da xeotecnia real existente na obra.**

*Na fase de redacción do proxecto, efectuouse un estudio xeotécnico do subsolo, o cal soamente foi posible efectualo fora do perímetro do terreo de xogo, debido a o desenrolo de partidos de alta competición no propio campo, xa que calquera actuación dentro do terreo de xogo ía provocar importantes danos no céspede, que impedirían a continuación da actividade deportiva.*

*Unha vez iniciada a obra e trala explanación do terreo de xogo, puideron realizarse estudos dentro do propio terreo de xogo. Con estes ensaios complementarios detectouse que os materiais de recheo presentan profundidade moi variable e de alta heteroxeneidade (restos de obra, ladrillos, escombros, arcillas, limos, etc) con unha alta aparición de arcillas mezcladas, que alteran os estudos previos efectuados no xeotécnico inicial. Neste sentido as probas de control de calidade sobre a compactación da subbase arroxan resultados menores que en proxecto e que a compactacion esixida no proxecto do 95% non se cumpra, debido a alta heteroxeneidade, apreciándose tamén na fase de obra que a humidade da subbase dispón de variabilidade alta, e que está afectado polas mareas e choivas. Ditas anomalías provocan que a capa de grava drenante a executar co proxecto, se empaquete dentro da alta cantidade de arxila provinte de recheos anteriores, e isto, unha vez executadas todas as capas do novo terreo de xogo e lograda a implantación do novo céspede provocaría unha inestabilidade dimensional do terreo de xogo, é dicir afundimentos do céspede en diversas zonas do campo.*

*Para evitar o anterior proponse a inserción dun elemento tipo xeomalla (xeotextil reforzado de polipropileno con alta tenacidade), que impida que as gravas que conforman o novo terreo de campo de xogos se inserten no paquete de arxilas existentes e doten ao terreo de xogo dunha estabilidade necesaria para a práctica deportiva.*

*En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguintes capítulos do orzamento:*

02. MOVIMIENTO DE TIERRAS

09. ALBALIÑERÍA

### **II.2. Modificacións derivadas das condicións das redes de servizos soterradas de evacuación de augas no entorno**

*Durante o transcurso das obras puido comprobarse o estado das redes existentes de evacuación ocultas ou tapadas no ámbito de actuación e fora deste. Neste sentido puido comprobarse que os tubos onde desaugan as augas xeradas no terreo de xogo en casos de marea alta, encóntranse saturados en todo o entorno da parcela do campo de fútbol, con pendentes de evacuación moi escasas, case nulas, conformando o sistema no seu conxunto un tanque de tormenta en momentos de grandes choivas e coincidencia con marea alta, debido a escasa pendente e cota da rede do entorno do campo.*

*Para elo e a fin de evitar que o campo de xogo coa disposición do novo drenaxe de alta capacidade*



## Concello de Vigo

*de captación proposto no proxecto, non se converta asemade en parte dese conxunto actuando como tanque de tormentas da rede municipal do entorno con grandes choivas, o cal non permitiría o uso e desenvolvemento da actividade, danando o enraizamento do céspede e alterando a súa vez a rasante do campo de xogo, propónse a modificación do sistema conexión recollido en proxecto, xerando un almacenamento mediante depósito de PRFV previo que permita a laminación das avenidas, e posterior instalación de grupo de presión de bombeo a rede, a fin de evitar que entre en carga o sistema de drenaxe proposto na execución do proxecto e poida verse afectado o terreo de xogo en época de grandes choivas.*

*En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguinte capítulo do orzamento:*

### 03. RED DE DRENAJE

### **III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN**

*En relación á xustificación das modificacións citadas indicar que no apartado 14C das FEC (Follas Específicas do Contrato) do PCAP reitor do contrato, enuméranse as circunstancias que determinan a modificación, contemplándose as seguintes:*

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos ou grandes defectos nas existentes, construcións soterradas, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, instalacións, impermeabilizacións e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

*Tendo en conta o anterior, indicar que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente.*

*Aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no PCAP reitor do contrato, as modificacións referentes ás citadas circunstancias (tanto as derivadas da xeotecnia real existente na obra como as derivadas das condicións das redes de servizos soterradas de evacuación de augas no entorno) obrigan a introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos :*

### 02. MOVIMIENTO DE TIERRAS

### 03. RED DE DRENAJE

### 09. ALBALIÑERÍA

*Polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas*

causas obxectivas.

*Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

#### **IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS**

*O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica:*

*1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.*

*2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada”.*

*Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº1 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.*

#### **V.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**

*Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.*

##### **01. TRABAJOS PREVIOS**

*Mantense o importe do proxecto orixinal.*

##### **02. MOVEMENTO DE TERRAS**

*Inclúese neste capítulo a nova unidade de obra (con novos prezos unitarios) para a instalación dunha barreira separadora de alta tenacidade entre a grava e o terreo natural debido os problemas*





xeotécnicos detectados.

CÓDIGO	UD	RESUMEN	PRECIO	MEDIC. OBRA	IMPORTE E.M.
II.1.1	m2	BARRERA SEPARADORA ESTABILIZADORA ENTRE MATERIALES	3,76 €	6.248,56	23.494,59€

Inclúense asemade as variacións do saneo do firme derivadas polas condicións da xeotecnia real existente na obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

UNIDAD DE OBRA		PROYECTO ORIXINAL			PROYECTO MODIFICADO Nº1		DIFERENCIA	
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	
02		MOVIMIENTO DE TIERRAS			17.708,29 €		44.062,93 €	26.354,64 €
02.01	M³	CAJEADO, NIVELACION Y PENDIENTEADO DEL TERRENO Y PERIMETROS	3,95	4.481,35	17.701,34 €	5.076,82	20.053,45 €	2.352,11 €
02.02	M³	EXCAVACION ZANJAS CON ENTIBACIÓN, CARGA Y TRANSPORTE + Foso depósito recogida drenajes +zanjas porterias	4,43 €	1,57	6,95 €	116,23	514,89 €	507,94 €
II.1.1	m2	BARRERA SEPARADORA ESTABILIZADORA ENTRE MATERIALES	0,00 €	0,000	0,00 €	6.248,56	23.494,59 €	23.494,59 €

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 205 da LCSP e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA		Modificación según Art. 205de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL	
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
02		MOVIMIENTO DE TIERRAS			26.354,64 €			0,00 €	26.354,64 €
02.01	M³	CAJEADO, NIVELACION Y PENDIENTADO	595,47	3,95 €	2.352,11 €	0,00	3,95 €	0,00 €	2.352,11 €
02.02	M3	EXC. ZANJAS CON ENTIBACION + Foso depósito drenajes	114,66	4,43 €	507,94 €	0,00	4,43 €	0,00 €	507,94 €
II.1.1	m2	BARRERA SEPARADORA ESTABILIZADORA ENTRE MATERIALES	6.248,56	3,76 €	23.494,59 €	0,00	3,95 €	0,00 €	23.494,59 €

**03 REDE DE DRENAXE**

Inclúese neste capítulo dúas novas unidade de obra (con novo prezo unitario) para a execución do deposito soterrado onde se conectaran os drenaxes así como un grupo de bombeo para evacuar a auga e impedir a súa recirculación cara os drenaxes do terreo de xogo, motivadas polas condicións das redes de servizos soterrados de evacuación de augas no entorno.

CÓDIGO	UD	RESUMEN	PRECIO	MEDIC. OBRA	IMPORTE EM
II.2	UD	DEPÓSITO Horizontal PRFV 10M3 de capacidad. Suministro e instalación de depósito horizontal PRFV 10m3 de capacidad, enterrado a 1,80m, flexado a base de hormigón y aros de refuerzo perimetrales estructurales sobre solera nivelada de Hormigón HA-30	5.180,00€	1,000	5.180,00 €
CÓDIGO	UD	RESUMEN	PRECIO	MEDIC. OBRA	IMPORTE EM
II.2.2	UD	GRUPO PRESIÓN PARA ELEVACION DE AGUA DE DRENAJE ALTURA MANOMÉTRICA 15m Y CAUDAL 1200L/min.	6.725,00€	1,000	6.725,00 €

Inclúense asemade as variacións de medicións das partidas do capítulo para axustarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO N°1		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN N	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	IMPORTE
<b>03.01</b>		<b>RED DE DRENAJE</b>			<b>49.921,40 €</b>		<b>58.702,14 €</b>	<b>8.780,74 €</b>
03.01	ml	TUBER.DREN.PVC CORR.CIRC.D=110mm	5,67 €	1.524,00	8.641,08€	1.366,00	7.745,22 €	-895,86 €
03.02	MI	TUBER.DREN.PVC CORR.CIRC.D=200mm	10,46 €	70,00	732,20 €	70,00	732,20 €	0,00 €
03.03	MI	TUBER.DREN.PVC CORR.CIRC.D=315mm	66,42 €	11,00	730,62 €	0,00	0,00€	- 730,62 €
03.04	m2	TUBERÍA DE COLECTOR DE PLUVIALES PE CORRUGADO DE 110 mm	13,37 €	344,40	4.604,63 €	276,20	3.692,79 €	-911,83 €
03.05	MI	CANAL DREN HOMIGON C/REJILLA	83,95 €	344,00	28.878,80 €	344,00	28.878,80 €	0,00 €
03.06	MI	ZANJAS DRENAJE	2,61 €	1.948,00	5.048,28 €	1.723,50	4.498,33 €	-585,95 €
03.07	M³	HORMIGON LIMPIEZA HL HM-20 10 cm	79,49 €	6,88	546,89 €	6,88	546,89 €	0,00 €
03.08	UD	ARQUETA REGIS.H.PREF.50x50x50cm	140,58 €	5,00	702,90 €	5,00	702,90 €	0,00
II.2	UD	DEPÓSITO Horizontal PRFV 10M3 de capacidad.	5.180,00 €	0,000	0,00 €	1,00	5.180,00 €	5.180,00 €
II.2.2	UD	GRUPO PRESIÓN PARA ELEVACION DE AGUA DE DRENAJE ALTURA MANOMÉTRICA	6.725,00 €	0,000	0,00 €	1,00	6.725,00 €	6.725,00 €

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 205 da LCSP e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 205 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
<b>03.01</b>		<b>RED DE DRENAJE</b>			<b>11.905 €</b>			<b>- 3.124,26 €</b>	<b>8.780,74 €</b>
03.01	ml	TUBER.DREN.PVC CORR.CIRC.D=110mm	0,00	5,67€	0,00 €	-158,00	5,67	-895,86 €	-895,86 €
03.02	MI	TUBER.DREN.PVC CORR.CIRC.D=200mm	0,00	10,46 €	0,00	0,00	10,46 €	0,00 €	0,00 €



03.03	MI	TUBER.DREN.PVC CORR.CIRC.D=315mm	0,00	66,42€	0,00 €	-11,00	66,42 €	- 730,62 €	-730,62 €
03.04	m2	TUBERÍA DE COLECTOR DE PLUVIALES DE 110 mm	0,00	13,37 €	0,00 €	-68,20	13,37 €	- 911,83 €	- 911,83 €
03.05	MI	CANAL DREN HOMIGON C/REJILLA	0,00	83,95 €	0,00 €	0,00	83,95 €	0,00 €	0,00 €
03.06	MI	ZANJAS DRENAJE	0,00	2,61 €	0,00€	-224,50	2,61 €	-585,95 €	-585,95 €
03.07	M³	HORMIGON LIMPIEZA HL HM-20 10 cm	0,00	79,49 €	0,00 €	0,00	79,49 €	0,00 €	0,00 €
03.08	UD	ARQUETA REGIS.H.PREF.50x50x50cm	0,00	140,58 €	0,00 €	0,00	140,58 €	0,00 €	0,00 €
II.2	UD	DEPÓSITO Horizontal PRFV 10M3 de capacidad.	1,00	5.180,00 €	5.180,00 €	0,000	5.180,00 €	0,00 €	5.180,00 €
II.2.2	UD	GRUPO PRESIÓN PARA ELEVACION DE AGUA DE DRENAJE ALTURA MANOMÉTRICA	1,00	6.725,00 €	6.725,00 €	0,000	6.725,00 €	0,00 €	6.725,00 €

#### 04 RED DE RIEGO

Mantense o importe do proxecto orixinal.

#### 05 RED ELÉCTRICA

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIXINAL		PROYECTO MODIFICADO Nº1		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	IMPORTE
05		<b>RED ELECTRICA</b>			<b>71.537,82 €</b>		<b>72.319,50 €</b>	<b>781,68 €</b>
05.01	UD	CIMENTACION COLUMNAS	8.320,94 €	4,00	33.283,76 €	4,00	33.283,76 €	0,00 €
05.02	UD	PILOTES PREFABRICADOS INCADOS	2.720,58 €	4,00	10.882,32 €	4,00	10.882,32 €	0,00 €
05.03	UD	PICA PUESTA A TIERRA	84,74 €	4,00	338,96 €	4,00	338,96 €	0,00 €
05.04	UD	ARQUETA CONEXIÓN PUESTA A TIERRA	142,68 €	4,00	570,72 €	4,00	570,72 €	0,00 €
05.05	UD	ARQUETA CONEXIÓN	151,90 €	5,00	759,50 €	5,00	759,50 €	0,00 €
05.06	ML	DERIVACIÓN (3+N+T) 5x6 mm2 RZ1-K 0.6/1 kV	11,09 €	72,00	798,48 €	72,00	798,48 €	0,00 €
05.07	ML	DERIVACIÓN (3+N+T) 5x10 mm2 RZ1-K 0.6/1 kV	6,87 €	391,00	2.686,17 €	391,00	2.686,17 €	0,00 €
05.08	ML	DERIVACIÓN (3+N+T) 5x16 mm2 RZ1-K 0.6/1 kV	22,39 €	30,00	671,70 €	30,00	671,70 €	0,00 €
05.09	MI	CANALIZACIÓN ELECTRICA	7,78 €	380,00	2.956,40 €	1.520,00	11.825,60 €	8.869,20 €
05.10	UD	CUADRO ALUMBRADO CAMPO	3.947,41 €	1,00	3.497,41 €	1,00	3.497,41 €	0,00 €
05.11	UD	CUADRO SECUNDARIO TORRE DE ILUMINACIÓN	1.199,54 €	4,00	4.798,16 €	4,00	4.798,16 €	0,00 €
05.12	UD	CONEXIONADO A INSTALACIÓN ELÉCTRICA	18,40 €	70,00	1.288,00 €	70,00	1.288,00 €	0,00 €
05.14	ML	ZANJAS ILUMINACIÓN	2,61 €	352,00	918,72 €	352,00	918,72 €	0,00 €
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA
05.2		<b>SUBSANACIÓN INST. ELECTRICA EXISTENTE</b>			<b>8.087,52 €</b>		<b>0,00 €</b>	<b>- 8.087,52 €</b>

05.15	PA	CUADRO GENERAL	1.187,73 €	1,00	1.187,73 €	0,00	0,00 €	- 1.187,73 €
05.16	PA	SUBCUADRO ZONA VESTUARIOS BAJO GRADAS	410,42 €	1,00	410,42 €	0,00	0,00 €	- 410,42 €
05.17	PA	SUBCUADRO LAVANDERÍA	715,88 €	1,00	715,88 €	0,00	0,00 €	- 715,88 €
05.18	PA	ZONA DE TALLER	217,06 €	1,00	217,06 €	0,00	0,00 €	- 217,06 €
05.19	PA	ZONA DE PALCO DE PRENSA	84,40 €	1,00	84,40 €	0,00	0,00 €	- 84,40 €
05.20	PA	ZONA GRADAS	570,88 €	1,00	570,88 €	0,00	0,00 €	- 570,88 €
05.21	PA	VESTUARIO SUR	824,95 €	1,00	824,95 €	0,00	0,00 €	- 824,95 €
05.22	PA	LOCAL DE CALENTADORES DE AGUA	296,87 €	1,00	296,87 €	0,00	0,00 €	- 296,87 €
05.23	PA	CUADRO ZONA DE CARPA	1.252,34 €	1,00	1.252,34 €	0,00	0,00 €	- 1.252,34 €
05.24	PA	ZONA DE TORRETAS DE FOCOS (4 UDS.)	521,00 €	1,00	521,00 €	0,00	0,00 €	- 521,00 €
05.25	PA	CUADRO ZONA DE CAFETERÍA	635,59 €	1,00	635,59 €	0,00	0,00 €	- 635,59 €
05.26	PA	CUADRO ZONA DE OFICINA	487,62 €	1,00	487,62 €	0,00	0,00 €	- 487,62 €
05.27	PA	ZONA VENTANA DE ENTRADAS	441,78 €	1,00	441,78 €	0,00	0,00 €	- 441,78 €
05.28	PA	ZONA DE CONTADORES	441,00 €	1,00	441,00 €	0,00	0,00 €	- 441,00 €

Inclúese a continuación cuadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 205 da LCSP e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 205 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
<b>05</b>		<b>RED ELECTRICA</b>			<b>0,00 €</b>			<b>781,68 €</b>	<b>781,68 €</b>
05.01	UD	CIMENTACION COLUMNAS	0,00	8.320,94 €	0,00 €	0,00	8.320,94 €	0,00 €	0,00 €
05.02	UD	PILOTES PREFABRICADOS INCADOS	0,00	2.720,58 €	0,00 €	0,00	2.720,58 €	0,00 €	0,00 €
05.03	UD	PICA PUESTA A TIERRA	0,00	84,74 €	0,00 €	0,00	84,74 €	0,00 €	0,00 €
05.04	UD	ARQUETA CONEXIÓN PUESTA A TIERRA	0,00	142,68 €	0,00 €	0,00	142,68 €	0,00 €	0,00 €
05.05	UD	ARQUETA CONEXIÓN	0,00	151,90 €	0,00 €	0,00	151,90 €	0,00 €	0,00 €
05.06	ML	DERIVACIÓN (3+N+T) 5x6 mm2 RZ1-K 0.6/1 kV	0,00	11,09 €	0,00 €	0,00	11,09 €	0,00 €	0,00 €
05.07	ML	DERIVACIÓN (3+N+T) 5x10 mm2 RZ1-K 0.6/1 kV	0,00	6,87 €	0,00 €	0,00	6,87 €	0,00 €	0,00 €
05.08	ML	DERIVACIÓN (3+N+T) 5x16 mm2 RZ1-K 0.6/1 kV	0,00	22,39 €	0,00 €	0,00	22,39 €	0,00 €	0,00 €
<b>05.09</b>	<b>MI</b>	<b>CANALIZACIÓN ELECTRICA</b>	<b>0,00</b>	<b>7,78 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>1.140,00</b>	<b>7,78 €</b>	<b>8.869,20 €</b>	<b>8.869,20 €</b>
05.10	UD	CUADRO ALUMBRADO CAMPO	0,00	3.947,41 €	0,00 €	0,00	3.947,41 €	0,00 €	0,00 €
05.11	UD	CUADRO SECUNDARIO TORRE DE ILUMINACIÓN CONEXIONADO A	0,00	1.199,54 €	0,00 €	0,00	1.199,54 €	0,00 €	0,00 €
05.12	UD	INSTALACIÓN ELÉCTRICA	0,00	18,40 €	0,00 €	0,00	18,40 €	0,00 €	0,00 €
05.14	ML	ZANJAS ILUMINACIÓN	0,00	2,61 €	0,00 €	0,00	2,61 €	0,00 €	0,00 €



UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 205 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
05.2		SUBSANACIÓN INST. ELECTRICA EXISTENTE			0,00			- 8.087,52 €	- 8.087,52 €
05.15	PA	CUADRO GENERAL	0,00	1.187,73 €	0,00 €	1,00	- 1.187,73 €	- 1.187,73 €	- 1.187,73 €
05.16	PA	SUBCUADRO ZONA VESTUARIOS BAJO GRADAS	0,00	410,42 €	0,00 €	1,00	- 410,42 €	- 410,42 €	- 410,42 €
05.17	PA	SUBCUADRO LAVANDERÍA	0,00	715,88 €	0,00 €	1,00	- 715,88 €	- 715,88 €	- 715,88 €
05.18	PA	ZONA DE TALLER	0,00	217,06 €	0,00 €	1,00	- 217,06 €	- 217,06 €	- 217,06 €
05.19	PA	ZONA DE PALCO DE PRENSA	0,00	84,40 €	0,00 €	1,00	- 84,40 €	- 84,40 €	- 84,40 €
05.20	PA	ZONA GRADAS	0,00	570,88 €	0,00 €	1,00	- 570,88 €	- 570,88 €	- 570,88 €
05.21	PA	VESTUARIO SUR	0,00	824,95 €	0,00 €	1,00	- 824,95 €	- 824,95 €	- 824,95 €
05.22	PA	LOCAL DE CALENTADORES DE AGUA	0,00	296,87 €	0,00 €	1,00	- 296,87 €	- 296,87 €	- 296,87 €
05.23	PA	CUADRO ZONA DE CARPA	0,00	1.252,34 €	0,00 €	1,00	- 1.252,34 €	- 1.252,34 €	- 1.252,34 €
05.24	PA	ZONA DE TORRETAS DE FOCOS (4 UDS.)	0,00	521,00 €	0,00 €	1,00	- 521,00 €	- 521,00 €	- 521,00 €
05.25	PA	CUADRO ZONA DE CAFETERÍA	0,00	635,59 €	0,00 €	1,00	- 635,59 €	- 635,59 €	- 635,59 €
05.26	PA	CUADRO ZONA DE OFICINA	0,00	487,62 €	0,00 €	1,00	- 487,62 €	- 487,62 €	- 487,62 €
05.27	PA	ZONA VENTANA DE ENTRADAS	0,00	441,78 €	0,00 €	1,00	- 441,78 €	- 441,78 €	- 441,78 €
05.28	PA	ZONA DE CONTADORES	0,00	441,00 €	0,00 €	1,00	- 441,00 €	- 441,00 €	- 441,00 €

### 06 BASE DE ÁRIDOS

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptarse á realidade da obra.

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO Nº1		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	IMPORTE
06		BASE ÁRIDOS			119.124,26 €		109.742,26 €	-9.382,00 €
06.01	M <sup>2</sup>	TRATAMIENTO HERBICIDA	0,37 €	7.072,00	2.616,64 €	6.533,76	2.417,49 €	- 199,15 €
06.02	M <sup>3</sup>	GRAVA SILICEA	22,71 €	744,74	16.913,05 €	684,04	15.579,97€	- 1.333,08 €
06.03	M <sup>3</sup>	GRAVA SILICEA LAVADA 1-4 CAPA DE SELLADO	26,26 €	372,37	9.778,44 €	343,02	9.007,71 €	- 770,73 €
06.04	M <sup>3</sup>	ARENA SILICEA LAVADA 0,1-1,5	42,21 €	2.127,84	89.816,13 €	1.960,13	82.737,09 €	- 7.079,04 €

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 205 da LCSP e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 205 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
06		BASE ÁRIDOS						-9.382,05 €	-9.382,05 €
06.01	M <sup>2</sup>	TRATAMIENTO HERBICIDA	0,00	0,37 €	0,00 €	-538,24	0,37 €	-199,15 €	-199,15 €
06.02	M <sup>3</sup>	GRAVA SILICEA	0,00	22,71 €	0,00 €	-58,70	22,71 €	- 1.333,06 €	- 1.333,06 €
06.03	M <sup>3</sup>	GRAVA SILICEA		26,26 €		-29,35	26,26 €	-770,72 €	-770,72 €

		LAVADA 1-4 CAPA DE SELLADO	0,00		0,00 €				
06.04	M <sup>3</sup>	ARENA SILICEA LAVADA 0,1-1,5	0,00	42,21 €	0,00 €	-167,71	42,21 €	- 7.079,12 €	- 7.079,12 €

## 07 SIEMBRA

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO N°1		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	IMPORTE
07		SIEMBRA			23.238,00 €		21.406,80 €	-1.831,20 €
07.01	M <sup>3</sup>	RECEBADO CON TURBA	68,42 €	106,39	7.279,20€	98,01	6.705,84 €	- 573,36 €
07.02	M <sup>2</sup>	PREPARACION TERRENO PARA RECIBIR SIEMBRA	0,15 €	7.092,80	1.063,92 €	6.533,76	980,06 €	- 83,86 €
07.03	M <sup>2</sup>	SIEMBRA DE CÉSPED	0,73 €	7.092,80	5.177,74 €	6.533,76	4.769,64 €	- 408,10 €
07.04	M <sup>2</sup>	ABONADO DE FONDO	0,55 €	7.092,80	3.901,04 €	6.533,76	3.593,57 €	- 307,47 €
07.05	M <sup>2</sup>	ABONADO DE COBERTERA	0,48 €	7.092,80	3.404,54 €	6.533,76	3.136,20 €	- 268,34 €
07.06	M <sup>2</sup>	TRATAMIENTO FITOSANITARIO	0,34 €	7.092,80	2.411,55 €	6.533,76	2.221,48 €	- 190,07 €

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 205 da LCSP e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 205 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
07		SIEMBRA						-1.831,20 €	-1.831,20 €
07.01	M <sup>3</sup>	RECEBADO CON TURBA	0,00	68,42 €	0,00 €	-8,38	68,42 €	- 573,36 €	- 573,36 €
07.02	M <sup>2</sup>	PREPARACION TERRENO PARA RECIBIR SIEMBRA	0,00	0,15 €	0,00 €	-559,04	0,15 €	- 83,86 €	- 83,86 €
07.03	M <sup>2</sup>	SIEMBRA DE CÉSPED	0,00	0,73 €	0,00 €	-559,04	0,73 €	- 408,10 €	- 408,10 €
07.04	M <sup>2</sup>	ABONADO DE FONDO	0,00	0,55 €	0,00 €	-559,04	0,55 €	- 307,47 €	- 307,47 €
07.05	M <sup>2</sup>	ABONADO DE COBERTERA	0,00	0,48 €	0,00 €	-559,04	0,48 €	- 268,34 €	- 268,34 €
07.06	M <sup>2</sup>	TRATAMIENTO FITOSANITARIO	0,00	0,34 €	0,00 €	-559,04	0,34 €	- 190,07 €	- 190,07 €

## 08 EQUIPAMIENTO DEPORTIVO

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:



## Concello de Vigo

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO N°1		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	IMPORTE
<b>08</b>		<b>EQUIPAMIENTO DEPORTIVO</b>			<b>114.181,82 €</b>		<b>114.019,95 €</b>	<b>-161,87 €</b>
08.01	UD	JUEGO PORTERIAS F-11	2.439,05 €	1,00	2.439,05 €	1,00	2.439,05 €	0,00 €
<b>08.02</b>	<b>UD</b>	<b>BANQUILLO SUPLENTES 10 PLAZAS</b>	<b>2.171,65 €</b>	<b>2,00</b>	<b>4.343,30 €</b>	<b>3,00</b>	<b>6.514,95 €</b>	<b>2.171,65 €</b>
08.03	UD	BANDERINES DE CORNER	53,30 €	4,00	213,20 €	4,00	213,20 €	0,00 €
<b>08.04</b>	<b>ML</b>	<b>BARANDILLA TUBO 60.3 ALUMINIO ANODIZADO</b>	<b>41,67 €</b>	<b>333,00</b>	<b>13.876,11 €</b>	<b>277</b>	<b>11.542,59€</b>	<b>-2.333,52 €</b>
08.05	ML	RED PARABALONES	123,33 €	60,00	7.399,80 €	60,00	7.399,80 €	0,00 €
08.06	UD	PROYECTOR LED 1250W 30°	2.403,62 €	20,00	48.072,40 €	20,00	48.072,40 €	0,00 €
08.07	UD	PROYECTOR LED 1250W 50°	2.455,25 €	4,00	9.821,00 €	4,00	9.821,00 €	0,00 €
08.08	UD	BÁCULO DE 18m para 6 proyectores	7.004,24 €	4,00	28.016,96 €	4,00	28.016,96 €	0,00 €

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 da LCSP e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 205 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
<b>08</b>		<b>EQUIPAMIENTO DEPORTIVO</b>						<b>-161,87 €</b>	<b>-161,87 €</b>
08.01	UD	JUEGO PORTERIAS F-11	0,00	2.439,05 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>08.02</b>	<b>UD</b>	<b>BANQUILLO SUPLENTES 10 PLAZAS</b>	<b>0,00</b>	<b>2.171,65 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>1,00</b>	<b>0,00 €</b>	<b>2.171,65 €</b>	<b>2.171,65 €</b>
08.03	UD	BANDERINES DE CORNER	0,00	53,30 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>08.04</b>	<b>ML</b>	<b>BARANDILLA TUBO 60.3 ALUMINIO ANODIZADO</b>	<b>0,00</b>	<b>41,67 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>-56,00</b>	<b>41,67 €</b>	<b>-2.333,52 €</b>	<b>-2.333,52 €</b>
08.05	ML	RED PARABALONES	0,00	123,33 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €
08.06	UD	PROYECTOR LED 1250W 30°	0,00	2.403,62 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €
08.07	UD	PROYECTOR LED 1250W 50°	0,00	2.455,25 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €
08.08	UD	BÁCULO DE 18m para 6 proyectores	0,00	7.004,24 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €

### 09 ALBAÑILERIA

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para adaptarse á realidade da obra.

Existe un incremento importante na partida de zorra á consecuencia da execución da barreira estabilizadora que se inclúe no capítulo 02 Movemento de terras, modificación derivada da xeotecnia real existente na obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

UNIDAD DE OBRA	PROYECTO ORIGINAL	PROYECTO	DIFERENCIA
----------------	-------------------	----------	------------

CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MODIFICADO N°1		MEDICIÓN	IMPORTE	IMPORTE	
				MEDICIÓN	IMPORTE				
09		ALBAÑILERIA					21.547,58 €	44.144,79 €	22.597,20 €
09.01	M <sup>2</sup>	PAVIMENTO HORMIGÓN HA-25 CON ARMADURA	12,83€	433,28	5.558,98 €	1.322,55	16.968,32€		11.409,33 €
09.02	M <sup>3</sup>	SUBBASE DE ZAHORRA SOLERA	15,78 €	413,28	6.521,56 €	786,85	12.416,49 €		5.894,93 €
09.03	M <sup>2</sup>	CESPED ARTIFICIAL DEPORTIVO DECORATIVO	17,93 €	528,00	9.467,04 €	823,20	14.759,98 €		5.292,94 €

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 da LCSP e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 205 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	MEDIC. OBRA	PRECIO	IMPORTE OBRA	
09		ALBAÑILERIA			5.894,93 €			16.702,27 €	22.597,20 €
09.01	M <sup>2</sup>	PAVIMENTO HORMIGÓN HA-25 CON ARMADURA	0,00	12,83€	0,00 €	889,27	12,83€	11.409,33 €	11.409,33 €
09.02	M <sup>3</sup>	SUBBASE DE ZAHORRA SOLERA	373,56	15,78 €	5.894,93 €	0,00	15,78 €	0,00 €	5.894,93 €
09.03	M <sup>2</sup>	CESPED ARTIFICIAL DEPORTIVO DECORATIVO	0,00	17,93 €	0,00 €	295,20	17,93 €	5.292,94 €	5.292,94 €

## 010 MANTENIMIENTO

Mantense o importe do proxecto orixinal

## SS- SEGURIDAD Y SALUD- GESTIÓN DE RESIDUOS

Mantense o importe do proxecto orixinal

## VI.- ORZAMENTO

Para a creación dos prezos contraditorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto aprobado.

As variacións recollidas no presente modificado N°1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC, así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes.

Nembargantes, aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no PCAP reitor do contrato, as modificacións referentes ás circunstancias derivadas da xeotecnia real da obra e ás derivadas das condicións das redes de servizos soterrados de evacuación de augas no entorno, obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, afectando aos seguintes capítulos:

02. MOVIMIENTO DE TIERRAS

03. RED DE DRENAJE





**09. ALBALIÑERÍA**

As modificacións recollidas nos citados capítulos non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP ao incluír novos prezos unitarios, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas. O importe das novas unidades de obra que é necesario introducir representa o 7,93% do orzamento inicial do contrato.

A totalidade das modificacións propostas neste expediente, así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da LCSP, incrementan o PEM do proxecto, como se resume nas seguintes táboas:

UNIDADES DE OBRA		PROYECTO ORIGINAL (P.O.) Importe E.M.	PROYECTO MODIFICADO Nº1 P.M. Importe E.M.	Modificación según Art. 205 de LCSP (Modificaciones no previstas en el PCAP por introducción de nuevos precios)		Variaciones según Art. 242,4i de LCSP		TOTAL	
Código	Descripción			IMPORTE OBRA	% S/P.O.	IMPORTE OBRA	% S/P.O.	IMPORTE OBRA	% S/P.O.
01	TRABAJOS PREVIOS	4.040,14 €	4.040,14 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
02	MOVIMIENTO DE TIERRAS	17.708,29 €	44.062,93 €	26.354,64 €	5,91%	0,00 €	0,00%	26.354,64 €	5,91%
03	RED DE DRENAJE	49.921,40 €	58.702,14 €	11.905,00 €	2,67%	-3.124,26 €	-0,70%	8.780,74 €	1,97%
04	RED DE RIEGO	20.370,60 €	20.370,60 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
05	RED ELÉCTRICA	71.537,82 €	72.319,50 €	0,00 €	0,00%	781,68 €	0,18%	781,68 €	0,18%
06	BASE DE ARIDOS	119.124,26 €	109.742,26 €	0,00 €	0,00%	-9.382,00 €	-2,10%	-9.382,00 €	-2,10%
07	SIEMBRA	23.238,00 €	21.406,80 €	0,00 €	0,00%	-1.831,20 €	-0,41%	-1.831,20 €	-0,41%
08	EQUIPAMIENTO	114.181,82 €	114.019,95 €	0,00 €	0,00%	-161,87 €	-0,04%	-161,87 €	-0,04%
09	ALBAÑILERÍA	21.547,58 €	44.144,79 €	5.894,93 €	1,32%	16.702,27 €	3,74%	22.597,20 €	5,06%
010	MANTENIMIENTO	2.440,00 €	2.440,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
SS	S.S. - G.R.	2.056,11 €	2.056,11 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
	<b>Total presupuesto</b>	<b>446.166,03 €</b>	<b>493.305,22 €</b>		0,00%				
	<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>446.166,03 €</b>	<b>493.304,72 €</b>	44.154,57 €		2.984,62 €		47.139,19 €	
	GASTOS XERAIS 13%	58.001,58 €	64.129,68 €	5.740,09 €		388,00 €		6.128,09 €	
	BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	26.769,96 €	29.598,31 €	2.649,27 €		179,08 €		2.828,35 €	
	<b>SUMA</b>	<b>530.937,57 €</b>	<b>587.033,21 €</b>	52.543,94 €		3.551,70 €		56.095,64 €	
	IVA 21%	111.496,89 €	123.276,97 €	11.034,23 €		745,86 €		11.780,08 €	
	<b>ORZAMENTO EXECUCIÓN CONTRATADA</b>	<b>642.434,46 €</b>	<b>710.310,19 €</b>	<b>63.578,17 €</b>		<b>4.297,55 €</b>		<b>67.875,72 €</b>	
	ORZAMENTO EXECUCIÓN CON BAIXA (12,55%= 0,1255)	561.833,25 €	621.193,14 €	55.601,51 €	<b>9,90%</b>	3.758,38 €	<b>0,67%</b>	59.359,89 €	<b>10,57%</b>

As variacións recollidas no presente modificado Nº1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC (aínda que obrigan a introdución de novos prezos) así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da LCSP, co seguinte resumo:

	E.M.	LÍQUIDO	%
--	------	---------	---

MODIFICACIONES NON PREVISTAS PCAP POR INTRODUCCIÓN DE NOVOS PREZOS	44.154,57 €	55.601,51€	9,90 %
VARIACIONES DE MEDICIONES	2.984,62 €	3.758,38 €	0,67 %
TOTAL	47.139,19 €	59.359,89 €	10,57%

As modificacións non previstas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o 7,93%) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o 9,90%) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

	E.M.	LÍQUIDO	%
IMPORTE UNIDADES DE OBRA NOVAS INTRODUCIDAS (ART. 205.2. C 2º, LCSP)	35.399,59 €	44.576,81 €	7,93%
VALOR DA ALTERACIÓN NA CUANTÍA DO CONTRATO POLAS MODIFICACIONES NON PREVISTAS PCAP POR INTRODUCCIÓN DE NOVOS PREZOS (ART. 205.2 C 3º (i), LCSP)	44.154,57 €	55.601,51€	9,90 %

#### **VI.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN**

Para a execución das actuacións proxectadas, considerase necesario a ampliación do prazo por DOUS (2) meses, a computar desde o día seguinte ao final do prazo de obra, tal e como se establece neste Proxecto Modificado N.º1.

#### **VII.- CONCLUSIÓNS**

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras do **“RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIONES NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO - CORUXO”**, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra, e que as mesmas encóntranse contempladas nos ámbitos do definido no apartado 14 b das FEC, tal como se define no presente informe.

Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Nembargantes, aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no prego de cláusulas



**Concello de Vigo**

*administrativas da licitación, as modificacións derivadas da xeotecnia real existente na obra así como das condicións das redes de servizos soterrados de evacuación de augas no entorno, obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato.*

*As modificacións derivadas das anteriores circunstancias citadas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o 7,93%) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o 9,90%) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

*Tódalas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo motivadas en xeral pola xeotecnia real existente na obra así como das condicións das redes de servizos soterrados de evacuación de augas no entorno, condicións que non puideron ser previstas no proxecto orixinal.*

*As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.*

*Os prezos contraditorios que se propoñen, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.*

*Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 do RD 10982001, recóllense no presente modificado, as variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que, se da cumprimento ao artigo 242.4 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014.”*

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

S.ord. 28/04/2022

**II.-** Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.-** En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 27 de maio de 2019, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas cos traballos previos, movemento de terra, rede de drenaxe, rede de rego, rede eléctrica, base de áridos, sementeira, equipamento, albanelería, mantemento, seguridade e saúde e xestión de residuos.
- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos ou grandes defectos nas existentes, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, instalacións, impermeabilizacións e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
  - Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

**IV.-** Asemade, en relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:



## Concello de Vigo

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais

contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

**V.-** Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 205 da LCSP.

Todas as modificacións propostas atópanse previstas no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa.

Nembargantes, aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no prego de cláusulas administrativas da licitación, as modificacións referentes ás citadas circunstancias, tanto as derivadas da xeotecnia real existente na obra como as derivadas das condicións das redes de servizos soterradas de evacuación de augas no entorno, obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Asemade, dita modificación exposta non é substancial, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían dita modificación de substancial, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

**VI.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)



3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artículo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**VII.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**VIII.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**XIX.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19.08.2021, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia dos redactores do proxecto, sen que formulara, en data 22.12.2021, consideracións ao mesmo. (Trámites 549, 565 e 566 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, en data 22.12.2021, respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámites 549, 563 e 564 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado pola Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 28.12.2021.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:





- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**XIX.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

#### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**1º.-** Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO - CORUXO”** redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Jerónimo Centrón Castaños e polo Enxeñeiro da Edificación Aurelio Adán Fernández, o que supón unha importe líquido de **59.359,89 € (10,57%)**, supoñendo un 9,90% (55.601,51 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205 da LCSP, e un 0,67% (3.757,38 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

**2º.-** Autorizar a ampliación do prazo da obra en 2 MESES.

**3º.-** Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 3420.6320061, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 56.183,32 euros (documento contable AD nº 202100090347) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 59.359,89 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 3.176,57 euros ó alza.

**4º.-** Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

**5º.-** Instar á mercantil CALFENSA PROYECTOS S.L., adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

**6º.-** Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **14(303).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO". EXPTE. 739/441.**

Visto o informe xurídico do 26/01/2022 e o informe de fiscalización do 20/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 29/12/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Antecedentes.**

**1º.-** Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de decembro de 2020, acordou aprobar o proxecto das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS (362.458,03 €), e con sinatura dixital de data 18 e 23 de novembro de 2020 respectivamente».

**2º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 13 de maio de 2021, acordou adxudicar a á OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-32.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441) por un prezo total de 279.708,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.544,51 euros.

Dito contrato foi formalizado en data 21 de xuño de 2021.

**3º.-** Na mesma data, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras ao Enxeñeiro en Xeomática e Topografía, D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

**4º.-** En data 16 de xullo de 2021 asínase a acta de comprobación do replanteo, dando comezo as obras o día seguinte.

**5º.-** Con data 16 de setembro de 2021, por razóns alleas ao contratista, se aproba a ampliación do prazo de execución, por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, sendo a nova data de finalización o 7 de decembro.

Con data 22 de outubro de 2021, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO".

**6º.-** Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 25 de outubro resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO".

**7º.-** Con data 10 de decembro de 2021, á Dirección Facultativa da obra solicita a continuación temporal das obras, polo que a Concelleira Delegado da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión



## Concello de Vigo

Municipal (por resolución de data 16.12.2021) , en data 17.12.2021 ditou resolución acordando á continuidade provisional das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO", nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 10.12.2021. En consecuencia emitíuse documento contable AD nº 202100132346 por importe de 51.440,05 euros.

8º.- Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 23 de decembro de 2021, no seguinte sentido:

"(...)

### **II.- MODIFICACIÓNS**

*Neste apartado descríbense as modificacións contidas no proxecto modificado n.º1.*

#### ***II.1.- Aparición de redes de servizos distintas da recollidas en proxecto.***

*Unha vez comezada a obra e o movemento de terras, permitiu comprobar que a localización dos servizos existentes era diferente á prevista no Proxecto, tanto en planta como en alzado, con trazados sinuosos e profundidades superiores as do proxecto, así como con maior lonxitude de canalizacións soterradas das previstas.*

*Asemade, a profundidade prevista para as gabias de saneamento e pluviais, atopábase calculada en función da profundidade dos pozos de rexistro existentes, pero a localización dunha fosa sen identificar obriga a aumentar a profundidade das escavacións, repercutindo no volume dos movementos de terra e na medición da entibación.*

*Estas circunstancias obriga a incrementar de forma moi importante o movemento de terras e polo tanto a demolición superficial de pavimento e a xestión de residuos o cal fai necesario, ante a afección a tanta porcentaxe de superficie de calzada, a renovación dun modo extensivo da capa de base do firme de calzada, non previsto en proxecto, para garantir a capacidade portante do terreo, afectado polas numerosas escavacións a profundidades superiores ás previstas en proxecto.*

*En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguintes capítulos do orzamento:*

- *Capítulo 1 : Demolicións e actuacións previas*
- *Capítulo 2 : Escavacións e recheos*
- *Capítulo 4: Rede de saneamento*
- *Capítulo 9 : Reposicións*
- *Capítulo 11 : Xestión de residuos*

### **III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN**

*En relación á xustificación das modificacións citadas indicar que no apartado 6 das FEC (Follas Específicas do Contrato) do PCAP reitor do contrato, enuméranse os aspectos e circunstancias que determinan a modificación, contemplándose as seguintes:*

- **ASPECTOS A MODIFICAR:** “as unidades de obra relacionadas cos traballos, demolición e actuacións previas, escavacións e recheos, rede de abastecemento, rede de saneamento, rede de pluviais, rede de iluminación, rede de rego, rede de electricidade/telecomunicacións, xardinería e sinalización, reposicións, xestión de residuos e seguridade e saúde”.

- **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

- “Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas en proxecto”.

- “Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidades, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto”.

- **LÍMITES DA MODIFICACIÓN:** 20% sobre o prezo do contrato

Tendo en conta o anterior, indicar que todas as modificacións propostas no presente proxecto modificado nº1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o recollido anteriormente.

#### **IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS**

O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica:

1.- Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.

2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas **houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada”.**

Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº1 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

#### **V.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**



Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.

**CAPÍTULO 1: DEMOLICIÓN E ACTUACIÓN PREVIAS**

Inclúense as variacións na demolición do pavimento, a causa do cambio de rasante das tubaxes e consecuente aumento de superficie afectada polas obras, motivadas polas aparición de redes de servizos distintas da recollidas en proxecto.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	EUROS
<b>1</b>		<b>DEMOLICIONES Y ACTUACIONES PREVIAS</b>			<b>12.723,46 €</b>		<b>15.450,99 €</b>	<b>2.727,53</b>
01.01	m2	Demolición pavimento hormigón o aglomerado	7,67 €	407,82	3.127,98 €	763,43	5.855,51 €	2.727,53
01.02	m	Corte de pavimento con sierra de disco	3,67 €	320,00	1.174,40 €	320,00	1.174,40 €	0,00
01.03	m2	Demolición solado acera y base hormigón	10,75 €	368,53	3.961,70 €	368,53	3.961,70 €	0,00
01.04	m2	Levantado bordillo granito o similar	6,10 €	258,16	1.574,78 €	258,16	1.574,78 €	0,00
01.05	ud	Desmontaje de farola	109,99 €	11,00	1.209,89 €	11,00	1.209,89 €	0,00
01.06	ud	Desmontaje señal vertical	8,49 €	5,00	42,45 €	5,00	42,45 €	0,00
01.07	m	Levantado y retirada cableado alumbrado	1,99 €	250,00	497,50 €	250,00	497,50 €	0,00
01.08	m3	Demolición macizo hormigón armado	110,50 €	5,00	552,50 €	5,00	552,50 €	0,00
01.09	m2	Compactación fondo superficie	0,75 €	776,35	582,26 €	776,35	582,26 €	0,00

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>1</b>		<b>DEMOLICIONES Y ACTUACIONES PREVIAS</b>			<b>2.727,53 €</b>			<b>0,00 €</b>	<b>2.727,53 €</b>
01.01	m2	Demolición pavimento hormigón o aglomerado	355,61	7,67 €	2.727,53 €	0,00	7,67 €	0,00	2.727,53 €
01.02	m	Corte de pavimento con sierra de disco		3,67 €		0,00	3,67 €	0,00	0,00 €
01.03	m2	Demolición solado acera y base hormigón		10,75 €		0,00	10,75 €	0,00	0,00 €
01.04	m2	Levantado bordillo granito o similar		6,10 €		0,00	6,10 €	0,00	0,00 €
01.05	ud	Desmontaje de farola		109,99 €		0,00	109,99 €	0,00	0,00 €
01.06	ud	Desmontaje señal vertical		8,49 €		0,00	8,49 €	0,00	0,00 €
01.07	m	Levantado y retirada cableado alumbrado		1,99 €		0,00	1,99 €	0,00	0,00 €
01.08	m3	Demolición macizo hormigón armado		110,50 €		0,00	110,50 €	0,00	0,00 €
01.09	m2	Compactación fondo superficie		0,75 €		0,00	0,75 €	0,00	0,00 €

**CAPÍTULO 2: ESCAVACIONES E RECHEOS**

*Inclúense as variacións na escavación, recheo das gabias e entibación a consecuencia da maior afección dos servizos existentes, motivadas polas aparición de redes de servizos distintas da recollidas en proxecto.*

*Asemade, inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para axustarse á realidade da obra.*

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:*

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICION	IMPORTE	MEDICION	IMPORTE	EUROS
<b>2</b>		<b>EXCAVACIONES Y RELLENOS</b>			<b>23.385,40 €</b>		<b>57.792,28 €</b>	<b>34.406,88</b>
02.01	m3	Excavación mecánica en zanja o pozo	13,50 €	379,05	5.117,18 €	1.155,03	15.592,91 €	10.475,73
02.02	m3	Excavación manual en zanja o pozo	51,99 €	66,91	3.478,65 €	284,86	14.809,87 €	11.331,22
02.03	m3	Relleno de zanja o pozo con suelos adecuados	5,86 €	356,72	2.090,38 €	1.083,35	6.348,43 €	4.258,05
02.04	m3	Relleno de zanja o pozo con préstamos	17,25 €	89,22	1.539,05 €	356,39	6.147,74 €	4.608,69
02.05	m2	Apertura de caja de 30 cm de espesor	8,43 €	669,20	5.641,36 €	669,20	5.641,36 €	0,00
02.06	m3	Relleno de plataforma con 15 cm de zavorra	26,39 €	100,38	2.649,03 €	100,38	2.649,03 €	0,00
02.07	m2	Entibación zanjas mediante planchas metálicas	19,79 €	145,01	2.869,75 €	333,65	6.602,93 €	3733,19

*Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:*

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>2</b>		<b>EXCAVACIONES Y RELLENOS</b>			<b>16.875,34 €</b>			<b>17.531,54 €</b>	<b>34.406,88 €</b>
02.01	m3	Excavación mecánica en zanja o pozo	353,38	13,50 €	4.770,63 €	422,60	13,50 €	5.705,10 €	10.475,73 €
02.02	m3	Excavación manual en zanja o pozo	99,25	51,99 €	5.160,01 €	118,70	51,99 €	6.171,21 €	11.331,22 €
02.03	m3	Relleno de zanja o pozo con suelos adecuados	330,91	5,86 €	1.939,13 €	395,72	5,86 €	2.318,92 €	4.258,05 €
02.04	m3	Relleno de zanja o pozo con préstamos	121,67	17,25 €	2.098,81 €	145,50	17,25 €	2.509,88 €	4.608,69 €
02.05	m2	Apertura de caja de 30 cm de espesor		8,43 €		0,00	8,43 €	0,00	0,00 €
02.06	m3	Relleno de plataforma con 15 cm de zavorra		26,39 €		0,00	26,39 €	0,00	0,00 €
02.07	m2	Entibación zanjas mediante planchas metálicas	146,88	19,79 €	2.906,76 €	41,76	19,79 €	826,43 €	3.733,19 €

### **CAPÍTULO 3: REDE DE ABASTECIMIENTO**

*Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para axustarse á realidade da obra.*



## Concello de Vigo

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICION	IMPORTE	MEDICION	IMPORTE	EUROS
<b>3</b>		<b>RED DE ABASTECIMIENTO</b>			<b>16.475,20 €</b>		<b>16.814,49 €</b>	<b>339,29</b>
03.01	ud	Conexión a red existente	339,29 €	2,00	678,58 €	3,00	1.017,87 €	339,29
03.02	m	Tubería fundición 100 mm	30,31 €	145,00	4.394,95 €	145,00	4.394,95 €	0,00
03.03	ud	Acometida domiciliaria	386,99 €	15,00	5.804,85 €	15,00	5.804,85 €	0,00
03.04	ud	Hidrante subterráneo	1.200,00 €	2,00	2.400,00 €	2,00	2.400,00 €	0,00
03.05	ud	By Pass provisional	650,00 €	1,00	650,00 €	1,00	650,00 €	0,00
03.06	ud	Calderería	600,00 €	1,00	600,00 €	1,00	600,00 €	0,00
03.07	ud	Arqueta de abastecimiento	448,49 €	3,00	1.345,47 €	3,00	1.345,47 €	0,00
03.08	ud	Valvula Compuerta Ø 100 mm	174,43 €	3,00	523,29 €	3,00	523,29 €	0,00
03.09	m	Refuerzo canalización diámetro <250	37,53 €	2,08	78,06 €	2,08	78,06 €	0,00

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>3</b>		<b>RED DE ABASTECIMIENTO</b>			<b>0,00 €</b>			<b>339,29 €</b>	<b>339,29 €</b>
03.01	ud	Conexión a red existente				1,00	339,29 €	339,29 €	339,29 €
03.02	m	Tubería fundición 100 mm		30,31 €	0,00 €	0,00	30,31 €	0,00	0,00 €
03.03	ud	Acometida domiciliaria		386,99 €	0,00 €	0,00	386,99 €	0,00	0,00 €
03.04	ud	Hidrante subterráneo		1.200,00 €	0,00 €	0,00	1.200,00 €	0,00	0,00 €
03.05	ud	By Pass provisional		650,00 €	0,00 €	0,00	650,00 €	0,00	0,00 €
03.06	ud	Calderería		600,00 €	0,00 €	0,00	600,00 €	0,00	0,00 €
03.07	ud	Arqueta de abastecimiento		448,49 €	0,00 €	0,00	448,49 €	0,00	0,00 €
03.08	ud	Valvula Compuerta Ø 100 mm		174,43 €	0,00 €	0,00	174,43 €	0,00	0,00 €
03.09	m	Refuerzo canalización diámetro <250		37,53 €	0,00 €	0,00	37,53 €	0,00	0,00 €

### CAPÍTULO 4: REDE DE SANEAMIENTO

Inclúense as variacións na rede de saneamento a consecuencia da maior lonxitude de canalizacións soterradas das previstas en proxecto, motivadas polas aparición de redes de servizos distintas da recollidas en proxecto.

Asemade, inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para axustarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICION	IMPORTE	MEDICION	IMPORTE	EUROS
<b>4</b>		<b>RED DE SANEAMIENTO</b>			<b>20.273,42 €</b>		<b>22.257,55 €</b>	<b>1.984,13</b>
04.01	m	Tubería PVC 315 mm	42,91 €	7,24	310,67 €	7,24	310,67 €	0,00
04.02	m	Tubería PVC 400 mm	63,00 €	123,07	7.753,41 €	139,93	8.815,59 €	1.062,18
04.03	ud	Pozo registro circular hasta 2,5 m	496,42 €	5,00	2.482,10 €	5,00	2.482,10 €	0,00
04.04	ud	Pozo registro circular entre 2,5 y 3,5	607,05 €	7,00	4.249,35 €	7,00	4.249,35 €	0,00
04.05	ud	Reposición de acometida	399,99 €	11,00	4.399,89 €	16,00	6.399,84 €	1.999,95
04.06	ud	Cambio a Tapa PAMREX	98,00 €	11,00	1.078,00 €	0,00	0,00 €	-1.078,00

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>4</b>		<b>RED DE SANEAMIENTO</b>			<b>3.062,13 €</b>			<b>-1.1078,00 €</b>	<b>1.984,13 €</b>
04.01	m	Tubería PVC 315 mm	0,00	42,91 €	0,00 €	0,00	42,91 €	0,00 €	0,00 €
04.02	m	Tubería PVC 400 mm	16,86	63,00 €	1.062,18 €	0,00	63,00 €	0,00 €	1.062,18 €
04.03	ud	Pozo registro circular hasta 2,5 m	0,00	496,42	0,00 €	0,00	496,42 €	0,00 €	0,00 €
04.04	ud	Pozo registro circular entre 2,5 y 3,5	0,00	607,05	0,00 €	0,00	607,05 €	0,00 €	0,00 €
04.05	ud	Reposición de acometida	5,00	399,99 €	1.999,95 €	0,00	399,99	0,00	1.999,95 €
04.06	ud	Cambio a Tapa PAMREX	0,00	98,00	0,00 €	-11,00	98,00 €	-1.078,00 €	-1.078,00 €

## CAPÍTULO 5: REDE DE PLUVIAIS

Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para axustarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICION	IMPORTE	MEDICION	IMPORTE	EUROS
<b>5</b>		<b>RED DE PLUVIALES</b>			<b>29.478,86 €</b>		<b>22.001,02 €</b>	<b>-7.477,84</b>
05.01	m	Tubería PVC 400 mm	63,00 €	141,60	8.920,80 €	141,60	8.920,80 €	0,00
05.02	ud	Sumidero	386,40 €	14,00	5.409,60 €	14,00	5.409,60 €	0,00
05.03	ud	Pozo registro circular hasta 2,5 m	496,42 €	7,00	3.474,94 €	7,00	3.474,94 €	0,00
05.04	ud	Pozo registro circular entre 2,5 y 3,5	607,05 €	4,00	2.428,20 €	4,00	2.428,20 €	0,00
05.05	ud	Reposición de acometida	399,99 €	18,00	7.199,82 €	2,00	799,98 €	-6.399,84
05.06	ud	Cambio a Tapa PAMREX	98,00 €	11,00	1.078,00 €	0,00	0,00 €	-1.078,00
05.07	ud	Arqueta de conexión sifónica	967,50 €	1,00	967,50 €	1,00	967,50 €	0,00





*Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:*

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>5</b>		<b>RED DE PLUVIALES</b>			<b>0,00 €</b>			<b>-7.477,84 €</b>	<b>-7.477,84 €</b>
05.01	m	Tubería PVC 400 mm		63,00 €	0,00 €	0,00	63,00 €	0,00 €	0,00 €
05.02	ud	Sumidero		386,40 €	0,00 €	0,00	386,40 €	0,00 €	0,00 €
05.03	ud	Pozo registro circular hasta 2,5 m		496,42 €	0,00 €	0,00	496,42 €	0,00 €	0,00 €
05.04	ud	Pozo registro circular entre 2,5 y 3,5		607,05 €	0,00 €	0,00	607,05 €	0,00 €	0,00 €
05.05	ud	Reposición de acometida		399,99 €	0,00 €	-16,00	399,99 €	-6.399,84 €	-6.399,84 €
05.06	ud	Cambio a Tapa PAMREX		98,00 €	0,00 €	-11,00	98,00 €	-1.078,00 €	-1.078,00 €
05.07	ud	Arqueta de conexión sifónica		967,50 €	0,00 €	0,00	967,50 €	0,00 €	0,00 €

**CAPÍTULO 6: REDE DE ALUMEADO**

*Mantense o importe do proxecto orixinal.*

**CAPÍTULO 7: REDE DE REGO.**

*Inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para axustarse á realidade da obra.*

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:*

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICION	IMPORTE	MEDICION	IMPORTE	EUROS
<b>7</b>		<b>RED DE RIEGO</b>			<b>9.276,42 €</b>		<b>6.087,27 €</b>	<b>-3.189,15</b>
07.01	m	Tubo para camisa red riego	6,18 €	507,00	3.133,26 €	222,00	1.371,96 €	-1.761,30
07.02	m	Tub PE bd Ø 32	5,01 €	507,00	2.540,07 €	222,00	1.112,22 €	-1.427,85
07.03	m	Tub PE bd Ø 16	3,59 €	25,80	92,62 €	25,80	92,62 €	0,00
07.04	ud	Arqueta de registro	185,00 €	3,00	555,00 €	3,00	555,00 €	0,00
07.05	ud	Boca de riego	219,98 €	8,00	1.759,84 €	8,00	1.759,84 €	0,00
07.06	ud	Electroválvula de PVC para riego	69,57 €	1,00	69,57 €	1,00	69,57 €	0,00
07.07	ud	Programador automático de riego	157,05 €	1,00	157,05 €	1,00	157,05 €	0,00
07.08	ud	Enlace distribuidor red de riego	357,93 €	1,00	357,93 €	1,00	357,93 €	0,00
07.09	ud	Kit conexión sectores riego	273,98 €	2,00	547,96 €	2,00	547,96 €	0,00
07.10	ud	Suministro e instalación anillo riego alcorque	3,66 €	7,00	25,62 €	7,00	25,62 €	0,00
07.11	m	Linea alimentación	2,50 €	15,00	37,50 €	15,00	37,50 €	0,00

*Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:*

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>7</b>		<b>RED DE RIEGO</b>						<b>-3.189,15 €</b>	<b>-3.189,15 €</b>
07.01	m	Tubo para camisa red riego	0,00	6,18 €	0,00	-285,00	6,18 €	-1.761,30 €	-1.761,30 €
07.02	m	Tub PE bd Ø 32	0,00	5,01 €	0,00	-285,00	5,01 €	-1.427,85 €	-1.427,85 €
07.03	m	Tub PE bd Ø 16	0,00	3,59 €	0,00	0,00	3,59 €	0,00 €	0,00 €
07.04	ud	Arqueta de registro	0,00	185,00 €	0,00	0,00	185,00 €	0,00 €	0,00 €
07.05	ud	Boca de riego	0,00	219,98 €	0,00	0,00	219,98 €	0,00 €	0,00 €
07.06	ud	Electroválvula de PVC para riego	0,00	69,57 €	0,00	0,00	69,57 €	0,00 €	0,00 €
07.07	ud	Programador automático de riego	0,00	157,05 €	0,00	0,00	157,05 €	0,00 €	0,00 €
07.08	ud	Enlace distribuidor red de riego	0,00	357,93 €	0,00	0,00	357,93 €	0,00 €	0,00 €
07.09	ud	Kit conexión sectores riego	0,00	273,98 €	0,00	0,00	273,98 €	0,00 €	0,00 €
07.10	ud	Suministro e instalación anillo riego alcorque	0,00	3,66 €	0,00	0,00	3,66 €	0,00 €	0,00 €
07.11	m	Linea alimentación	0,00	2,50 €	0,00	0,00	2,50 €	0,00 €	0,00 €

## CAPÍTULO 8: REDE ELECTRICIDADE/TELECOMUNICACIÓNS

Mantense o importe do proxecto orixinal.

## CAPÍTULO 9: XARDINERÍA E SINALIZACIÓN

Mantense o importe do proxecto orixinal.

## CAPÍTULO 10: REPOSICIÓNS

Inclúense as variacións no capítulo a causa do aumento da superficie do pavimento de formigón para garantir a capacidade portante do terreo, todas elas motivadas polas aparición de redes de servizos distintas da recollidas en proxecto.

Asemade, inclúense as variacións de medicións das partidas do capítulo para axustarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICION	IMPORTE	MEDICION	IMPORTE	EUROS
<b>10</b>		<b>REPOSICIONES</b>			<b>70.929,02 €</b>		<b>100.817,87 €</b>	<b>29.888,85</b>
10.01	m2	Fresado de pavimento > 600 m²	0,50 €	3.625,00	1.812,50 €	3.625,00	1.812,50 €	0,00
10.02	m2	Pavimento hormigón HA-25	31,95 €	104,32	3.333,02 €	417,28	13.332,09 €	9.999,07
10.03	m3	Hormigón en coronación zanjas	98,00 €	23,97	2.349,06 €	110,10	10.789,80 €	8.440,74
10.04	m2	Base pavimento peatonal hormigón en masa	12,98 €	672,20	8.725,16 €	672,20	8.725,16 €	0,00
10.05	m2	Pavimento losas granito de 60x40 gris Alba	52,20 €	461,95	24.113,79 €	566,20	29.555,64 €	5.441,85



**Concello de Vigo**

10.06	m2	Pavimento losas granito rojo Altamira	114,93 €	47,67	5.478,71 €	47,67	5.478,71 €	0,00
10.07	m	Bordillo recto de granito con chaflán gris Alba	46,29 €	308,00	14.257,32 €	418,00	19.349,22 €	5.091,90
10.08	ud	Pieza lateral vados de granito gris Alba	84,27 €	22,00	1.853,94 €	24,00	2.022,48 €	168,54
10.09	ud	Recrecido tapas circulares y cuadradas pozos	84,33 €	10,00	843,30 €	10,00	843,30 €	0,00
10.10	ud	Recrecido de tapas arquetas TELEFONICA	173,68 €	2,00	347,36 €	2,00	347,36 €	0,00
10.11	ud	Recrecido de tapas arquetas FENOSA	173,68 €	2,00	347,36 €	2,00	347,36 €	0,00
10.12	m2	Capa de rodadura de 5 cm espesor <1.600 m <sup>2</sup>	10,30 €	725,00	7.467,50 €	797,50	8.214,25 €	746,75

*Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204 e segundo o artigo 242.4i) da LCSP:*

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>REPOSICIONES</b>					<b>18.439,81 €</b>			<b>11.449,04 €</b>	<b>29.888,85 €</b>
10.01	m2	Fresado de pavimento > 600 m <sup>2</sup>		0,50 €			0,50 €	0,00 €	0,00 €
10.02	m2	Pavimento hormigón HA-25	312,96	31,95 €	9.999,07 €	0,00	31,95 €	0,00 €	9.999,07 €
10.03	m3	Hormigón en coronación zanjas	86,13	98,00 €	8.440,74 €	0,00	98,00 €	0,00 €	8.440,74 €
10.04	m2	Base pavimento peatonal hormigón en masa	0,00	12,98 €	0,00 €	0,00	12,98 €	0,00 €	0,00 €
10.05	m2	Pavimento losas granito de 60x40 gris Alba	0,00	52,20 €	0,00 €	104,25	52,20 €	5.441,85 €	5.441,85 €
10.06	m2	Pavimento losas granito rojo Altamira	0,00	114,93 €	0,00 €	0,00	114,93 €	0,00 €	0,00 €
10.07	m	Bordillo recto de granito con chaflán gris Alba	0,00	46,29 €	0,00 €	110,00	46,29 €	5.091,90 €	5.091,90 €
10.08	ud	Pieza lateral vados de granito gris Alba	0,00	84,27 €	0,00 €	2,00	84,27 €	168,54 €	168,54 €
10.09	ud	Recrecido tapas circulares y cuadradas pozos	0,00	84,33 €	0,00 €	0,00	84,33 €	0,00 €	0,00 €
10.10	ud	Recrecido de tapas arquetas TELEFONICA	0,00	173,68 €	0,00 €	0,00	173,68 €	0,00 €	0,00 €
10.11	ud	Recrecido de tapas arquetas FENOSA	0,00	173,68 €	0,00 €	0,00	173,68 €	0,00 €	0,00 €
10.12	m2	Capa de rodadura de 5 cm espesor <1.600 m <sup>2</sup>	0,00	10,30 €	0,00 €	72,50	10,30 €	746,75 €	746,75 €

**CAPÍTULO 11: VARIOS.**

*Mantense o importe do proxecto orixinal.*

**12.- CAPÍTULO 12: XESTIÓN DE RESIDUOS.**

Inclúense as variacións no capítulo a causa do aumento dos traballos de movementos de terras, motivadas polas aparición de redes de servizos distintas da recollidas en proxecto.

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO ORIGINAL		PROYECTO MODIFICADO		DIFERENCIA
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICION	IMPORTE	MEDICION	IMPORTE	EUROS
<b>12</b>		<b>GESTION DE RESIDUOS</b>			<b>5.646,80 €</b>		<b>10.835,55 €</b>	<b>5.188,75</b>
12.01	m3	Gestión residuos firmes y pavimentos	25,00 €	172,98	4.324,50 €	316,31	7.907,75 €	3.583,25
12.02	m3	Gestión residuos pavimentos y zanjas	10,00 €	132,23	1.322,30 €	292,78	2.927,80 €	1.605,50

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

UNIDAD DE OBRA			Modificación según Art. 204 de LCSP			Variaciones según Art. 242.4i de LCSP			VARIACIÓN TOTAL
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	MEDICION OBRA	PRECIO	IMPORTE	EUROS
<b>12</b>		<b>GESTION DE RESIDUOS</b>			<b>5.188,75 €</b>			<b>0,00 €</b>	<b>5.188,75 €</b>
12.01	m3	Gestión residuos firmes y pavimentos	143,33	25,00 €	3.583,25 €	0,00	25,00 €	0,00 €	3.583,25 €
12.02	m3	Gestión residuos pavimentos y zanjas	160,55	10,00 €	1.605,50 €	0,00	10,00 €	0,00 €	1.605,50 €

### 13.- CAPÍTULO 13: SEGURIDADE E SAÚDE.

Mantense o importe do proxecto orixinal.

### VI. ORZAMENTO

As variacións recollidas no presente modificado Nº1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC, así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes.

A totalidade das modificacións propostas neste expediente, así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da LCSP, incrementan o PEM do proxecto, como se resume nas seguintes táboas:

### RESUMEN GENERAL

UNIDAD DE OBRA		PROYECTO ORIGINAL (P.O.)	PROYECTO MODIFICADO Nº1 P.M.	Modificación según Art. 204 de LCSP		Variaciones según Art. 242,4i de LCSP		TOTAL	
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	Importe E.M.	Importe E.M.	IMPORTE OBRA	% S/P.O.	IMPORTE OBRA	% S/P.O.	IMPORTE OBRA	% S/P.O.
1	DEMOLICIONES Y ACTUACIONES PREVIAS	12.723,46	15.450,99 €	2.727,53 €	1,08%	0,00 €	0,00%	2.727,53 €	1,08%
2	EXCAVACIONES Y RELLENOS	23.385,40	57.792,28 €	16.875,34 €	6,70%	17.531,54 €	6,96%	34.406,88 €	13,66%
3	RED DE ABASTECIMIENTO	16.475,20	16.814,49 €	0,00 €	0,00%	339,29 €	0,13%	339,29 €	0,13%



## Concello de Vigo

4	RED DE SANEAMIENTO	20.273,42	22.257,55 €	1.984,13 €	0,79%	-1.078,00 €	-0,43%	1.984,13 €	0,79%
5	RED DE PLUVIALES	29.478,86	22.001,02 €	0,00 €	0,00%	-7.477,84 €	-2,97%	-7.477,84 €	-2,97%
6	RED DE ALUMBRADO	27.626,98	27.626,98 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
7	RED DE RIEGO	9.276,42	6.087,27 €	0,00 €	0,00%	-3.189,15 €	-1,27%	-3.189,15 €	-1,27%
8	RED DE ELECTRICIDAD / TELECOMUNICACIONES	6.629,60	6.629,60 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
9	JARDINERIA Y SEÑALIZACION	12.375,54	12.375,54 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
10	REPOSICIONES	70.929,02	100.817,87 €	18.439,81 €	7,33%	11.449,04 €	4,55%	29.888,85 €	11,88%
11	VIARIOS	12.916,94	12.916,94 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
12	GESTION DE RESIDUOS	5.646,80	10.835,55 €	5.188,75 €	2,06%	0,00 €	0,00%	5.188,75 €	2,06%
13	SEGURIDAD Y SALUD	3.986,80	3.986,80 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
TOTAL PRESUPUESTO		<b>251.724,44</b>	<b>315.592,89 €</b>						

<b>PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>251.724,44 €</b>	<b>315.592,89 €</b>	<b>46.293,56 €</b>		<b>17.574,88 €</b>		<b>63.868,44 €</b>	
GASTOS GENERALES 13%	32.724,18 €	41.027,08 €	6.018,16 €		2.284,73 €		8.302,90 €	
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	15.103,47 €	18.935,57 €	2.777,61 €		1.054,49 €		3.832,11 €	
<b>SUMA</b>	<b>299.552,09 €</b>	<b>375.555,54 €</b>	<b>55.089,33 €</b>		<b>20.914,10 €</b>		<b>76.003,45 €</b>	
IVA 21%	62.905,94 €	78.866,66 €	11.568,76 €		4.391,96 €		15.960,72 €	
<b>PRESUPUESTO EJECUCIÓN CONTRATA</b>	<b>362.458,03 €</b>	<b>454.422,20 €</b>	<b>66.658,09 €</b>		<b>25.306,06 €</b>		<b>91.964,17 €</b>	
<b>PRESUPUESTO EJECUCIÓN CON BAJA</b>	<b>279.708,86 €</b>	<b>350.677,61 €</b>	<b>51.440,05 €</b>	<b>18,39%</b>	<b>19.528,69 €</b>	<b>6,98%</b>	<b>70.968,74 €</b>	<b>25,37%</b>

As variacións recollidas no presente modificado Nº1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da LCSP, co seguinte resumo:

	<b>E.M.</b>	<b>LÍQUIDO</b>	<b>%</b>
MODIFICACIÓN PREVIAS NO PCAP (Art.204 da LCSP)	46.293,56 €	51.440,05 €	18,39%
VARIACIÓN DE MEDICIÓN (Art.242.4.i da LCSP)	17.574,88 €	19.528,69 €	6,98%
<b>TOTAL</b>	<b>63.868,44 €</b>	<b>70.968,74 €</b>	<b>25,37%</b>

### **VII.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN**

Para a execución das actuacións proxectadas, considerase necesario a ampliación do prazo UN MES, a computar dende desde o día seguinte ao final do prazo de obra, tal e como se establece neste Proxecto Modificado N.º1.

### **VIII. CONCLUSIONES**

*As citadas modificacións, propostas no presente Proxecto Modificado N.º1 das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO", se estiman que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial, que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra, e que as mesmas encóntanse contempladas nos ámbitos do definido no apartado 6 b das FEC, tal como se define no presente informe.*

*Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.*

*As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.*

*En relación ás unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato non supera as limitacións establecidas no PCAP do contrato, xa que no apartado do 6.d das FEC, límites da modificación, sinálase que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.*

*Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 do RD 10982001, recóllense no presente modificado, as variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que, se da cumprimento ao artigo 242.4 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014."*

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;



b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.-** En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 5 de marzo de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas cos traballos, demolición e actuacións previas, escavacións e recheos, rede de abastecemento, rede de saneamento, rede de pluviais, rede de iluminación, rede de rego, rede de electricidade/telecomunicacións, xardinería e sinalización, reposicións, xestión de residuos e seguridade e saúde.
- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas en proxecto.
  - Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidades, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

**V.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou

conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**VII.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**VIII.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**XIX.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:





## Concello de Vigo

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25.10.2021, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia dos redactores do proxecto, sen que formulara, en data 26.11.2021, consideracións ao mesmo. (Trámites 475, 486 e 489 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, en data 24.11.2021 respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámites 472, 487 e 488 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 23.12.2021.

6º.- Recóllese no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 204 da LCSP respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**XIX.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO” redactado polo Enxeñeiro Técnico en Xeomática e Topografía, D. Pablo Saavedra Salgueiro e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños., o que supón unha importe líquido de **70.968,74 € (25,37 %)**, supoñendo un 18,39 % (51.440,05 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, e un 6,98 % (19.528,69 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 1 MES.

3º.- Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1532.619.0064, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 51.440,05 euros (documento contable AD nº 202100132346) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 70.968,74 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 19.528,69 euros ó alza.

4º.-Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

5º.- Instar á mercantil OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

6º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(304).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE “CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT”. EXPTE. 5424/443.**

Visto o informe de fiscalización do 20/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 18/04/2022, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o técnico de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 21.05.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat a favor da empresa GEN Arquitectos SL.



## Concello de Vigo

**II.-** A devandita empresa presentou borrador de proxecto de “CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT”, redactado polo Arquitecto Javier Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (365.958,93 €)

**III.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 07.02.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 08.02.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación se desenrola nunha edificación de titularidade municipal con n.º 80 de Ben inmoble, sito na rúa Xavier Sensat n.º 8 e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Previa desmontase de báculos de iluminación e mobiliario existente, e levantamento de bordos, así como o correspondente acopio do mesmo. Procederase por medios mecánicos e manuais, do corte e demolición da soleira existente a fin de proceder a escavación para ubicación de zapatas e gabias. Unha vez efectuada a escavación ata a cota definido no proxecto, procederase a formación dos pozos de cimentación de formigón ciclopeo (HM-15/P/40I), para a continuación efectuar a capa de formigón de limpeza de uns 10 cm., de espesor aproximadamente.
- A continuación efectuarse a formación de zapatas e vigas riosros de formigón armado HA-25/B/30/IIa, coa corresponde armadura e perfilado do terreo, posterior colocación de placas de ancoraxe de aceiro laminado.
- Una vez efectuada a cimentación efectuarase a correspondente colocación de estrutura autoportante segundo o dimensionado de proxecto, conformada con aceiro laminado S275JR, cos seus correspondente cortes e axustes necesarios en obra, así como a axudas necesarias para a súa posta en obra (soldaduras, material auxiliar etc.).
- Posterior de colocación de cuberta inclinada de placas de policarbonato celular, e elemento de lona tensada, así como faldóns verticais de chapa nervada de aceiro prelacado, cos correspondentes canalóns de recollida de augas, baixantes e conexión a rede pluviais existentes.
- Reposición de báculos de iluminación, bordos, reposición de soleira cortado a base soleira de formigón, dotación de iluminación no patio, así como as canalizacións correspondentes.
- Posterior acabado a base de tratamento superficial no pavimento da pista, así como tratamento protector dos elementos metálicos que conforman a estrutura, e mobiliario definido no proxecto.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, de data 26.01.2022, autorizando a instalación da cuberta sobre o patio de uso escolar, por atoparse en terreos afectados por servidumes aeronáuticas establecidas para o aeroporto de Vigo, segundo Real Decreto 2278/1986, do 25 de setembro, polo que establecen as novas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 1986, con corrección de erros en BOE núm. 288, do 2 de decembro de 1986).

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 13.04.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*A actuación proposta a efectos urbanísticos atopase en solo urbano consolidada, previsto no PXOU 93, con ordenanza 3,3, Zonas culturas e sociais, na I.O.P., propónse como equipamento, ordenanza 13 e nova PXOU. En fase de exposición o público, atopase en situación urbanístico como sistema de equipamento, sendo polo tanto dita actuación axeitada a norma urbanística, como así se sinala no proxecto anexo 2.6  
Dispón de autorización da Axencia Estatal de Seguridad Aérea de data 26/01/22.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

#### CONCLUSIÓN:

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, consideranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei..”*

#### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei



## Concello de Vigo

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de básico e de execución de “CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT”, redactado polo Arquitecto Javier Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (365.958,93 €), asinado dixitalmente en data 22.03.2022.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(305).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR”. EXPTE. 1062/441.**

Visto o informe xurídico do 20/04/2022 e o informe de fiscalización do 22/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 07/04/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 12.02.2018 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de mellora da pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor, a prol

do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil, D. Diego Conde Rodríguez.

II.- O Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil, D. Diego Conde Rodríguez presentou borrador de proxecto de "MELLORA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR".

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 27.09.2021, o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 28 e 29.09.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 07.10.2021 aprobou o proxecto de "MELLORA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR", redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil, D. Diego Conde Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL EUROS (463.000,00 €) e sinatura dixital de data 27.09.2021 (Expte. 4596-443).

IV.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 23 de febreiro de 2022, aprobou inicialmente o expediente núm. 74/ 142, aprobación inicial da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.68 (Seguridade e paviment. C.Campoamor), cun importe de 463.000,00 euros.

V.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 07.10.2021 e que se corresponde co expediente administrativo 4596-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez, de sinatura dixital de data 27.09.2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data s 11 e 12 de outubro de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13 de outubro de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 13 e 14 de outubro de 2021.
- E) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal en data 26 de outubro de 2021.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 30 de novembro e 1 de decembro de 2021.
- G) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de decembro de 2021.
- H) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 7 de decembro de 2021.
- I) Nova Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 24 e 25 de de febreiro de 2022.



## Concello de Vigo

- J) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 25.02.2022.
- K) Nova Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 4, 5 e 7 de marzo de 2022.
- L) Dilixencia de corrección do prego de cláusulas administrativas particulares de data 7 de decembro de 2021
- M) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con datas 7 e 8 de marzo de 2022.
- N) Nova Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 31 de marzo de 2022
- O) Certificado de existencia de crédito (RC 29226) de data 01.04.2022.
- P) Nova Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 4 de abril de 2022
- Q) Dilixencia de corrección do prego de cláusulas administrativas particulares de data 5 de abril de 2022
- R) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 5 de abril de 2022

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 27.09.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil, D. Diego Conde Rodríguez

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 5 de abril de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL EUROS (463.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 80.355,37 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.68 (Seguridade e paviment. C.Campoamor) provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	463.000,00 €
------	--------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(306).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECTORA DE AUGAS DE GALICIA DE DATA 6 DE ABRIL**





**Concello de Vigo**

**DE 2022, ADOPTADA NO EXPEDIENTE SANCIONADOR DH.D36.79243. EXPTE. 6954/440.**

Dáse conta do informe-prpposta do 25/04/2022, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**I. Antecedentes de feito**

1. En data 19.08.2021 notificouse o expediente DH.D15.79243 da entidade Augas de Galicia no que require a este concello a que acredite as medidas adoptadas para o cese dos vertidos existentes na rúa Fontiñas, denunciados en data 25.06.2021.
2. Cumprindo este requirimento, o 09.09.2021 este concello reitéralle a Augas de Galicia que se está a tramitar o proxecto “Eliminación de vertidos na rúa Fontiñas de Arriba” -expediente 5497/440- para a execución das obras dun colector municipal que intercepte os desaugadoiros domiciliarios e permita eliminar os vertidos, informando expresamente que, por tratarse duns vertidos domiciliarios dende propiedades privadas ao río Lagares sen atravesar viario público, a aprobación e execución do referido proxecto está condicionada pola necesaria cesión dos terreos polos seus titulares.
3. En data 27.09.2021, agora no seu expediente DH.D36.79243, Augas de Galicia require de novo ó concello para que no prazo de dous meses informe sobre o estado de tramitación do proxecto sinalado no anterior fáctico, advertindo que (lit.) *a desatención pode dar lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción tipificada no artigo 85 k) da Lei 9/2010, de augas de Galicia*, acordando en data 25.01.2022 o inicio do expediente sancionador fronte ó que, en data 03.03.2022, se alegou, resumidamente, a nulidade do procedemento sancionador e a falta de tipicidade do feito imputado ao considerarse que se trata da petición dunha información entre administracións públicas nun plano de igualdade e que, polo tanto, non pode incardinarse na infracción tipificada no referido art. 85 k) da citada lei.
4. En data 08.03.2022 formula Augas de Galicia a proposta de resolución proponendo unha sanción de 4.500 € , fronte a que en data 31.03.2022 alegouse a grave vulneración dos límites da potestade sancionadora e a infracción dos principios de legalidade e tipicidade, así como un ilegal cambio do obxecto do procedemento sancionador, alegacións que impoñen o inmediato arquivo do expediente sancionador.
5. Finalmente, en data 07.04.2022 notifícase a resolución da Directora de Augas de Galicia que ratifica a proposta de resolución, declarando responsable ao concello de Vigo da comisión dunha infracción de carácter leve tipificada no art. 85 k) da Lei 9/2010, de augas de Galicia, impoñendo unha sanción por importe de 4.500 € ó apreciar a existencia da agravante “transcendencia do vertido”.

**II.** O contido e argumentación da dita resolución permite recorrela en alzada e, no seu caso, nun posterior recurso contencioso-administrativo, con base nas seguintes alegacións:

S.ord. 28/04/2022

### **Primeira. Cambio do obxecto do procedemento sancionador.**

Non é certo o que refire a resolución no seu fundamento de dereito terceiro letra b) no que, ratificando a proposta de resolución, troca o obxecto do procedemento sancionador establecido claramente no requirimento previo de data 27.09.2021 e, coa significación xurídico-sancionadora correspondente, no acordo de iniciación do expediente sancionador que constitúe o prego de cargos; nestes esenciais documentos identifícase, entre outros, o obxecto do procedemento sancionador e o mesmo é (literalmente):

a) No requirimento de 27.09.2021:

*(...) E considerando que os feitos denunciados poderían dar lugar á incoación dun expediente sancionador por vertido non autorizado ou por incumprimento da autorización de vertido, de xeito que, de acordo co previsto no artigo 55 da Lei 39/2015, diríxese o presente*

#### *REQUIRIMENTO*

*Requírese ao CONCELLO DE VIGO para que no prazo de dous meses a contar dende a presente notificación **informe sobre o estado de tramitación** do proxecto indicado nas alegacións presentadas en data 09.09.21.*

*A desatención do presente requirimento podería dar lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción tipificada no artigo 85 k) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.*

b) No acordo de incoación (prego de cargos):

*(...) Precepto infrinxido: artigo 85 k) da Lei 9/2010 (...)*

*(...) Polo que en data 27.09.21 se require do Concello para que no prazo de dous meses, a contar dende a presente notificación, **informe sobre o estado de tramitación** do proxecto indicado nas alegacións presentadas en data 09.09.21. Transcorrido o prazo outorgado ao efecto, non se ten constancia de resposta, polo que o requirimento notificado en data 27.09.21 se considera desatendido. (...)*

Polo tanto o obxecto do procedemento sancionador, a acción imputada a este concello, é non atender a tal requirimento, e **o obxecto inalterable deste requirimento é informar do estado da tramitación dun determinado procedemento municipal**, da ahí que todas as alusións que, como fundamento, se fan na resolución distintas a tal obxecto no solo son inocuas, senón que infrinxen, entre outros, o principio de legalidade, coas inherentes consecuencias xurídicas.

Certamente o concello non informou en prazo sobre o *estado de tramitación* de tal procedemento municipal e elo orixinou a incoación do expediente sancionador, imputando a



comisión da infracción tipificada no artigo 85 k) da Lei 9/2010, de augas de Galicia, polo que o debate xurídico límitase a dilucidar se esa falta de resposta constitúe tal acción típica, sen esquecer que o concello xa lle tiña advertido en tempo á denunciante a dificultade na tramitación do expediente municipal ao afectar a execución das obras a propiedades privadas, o que obriga a utilizar os instrumentos xurídicos preceptivos (cesión, ou expropiación, ou constitución de servidume forzosa, sen esquecer tamén a preceptiva autorización das obras polo propio organismo denunciante), calquera delas está sometida ó cumprimento duns determinados requisitos legais que deben realizarse en determinados prazos (optouse por intentar conseguir a cesión negociada con todos os titulares).

### **Segunda. Infraccións dos límites da potestade sancionadora. Nulidade da resolución**

A documental que consta no expediente sancionador acredita feitos decisorios que omite a resolución recorrida, o certo é que o concello cumpriu o requirimento que xe lle fixo no expediente da denunciante DH.D15.79243, que agora inopinadamente, na proposta da resolución, se afirma que é o mesmo expediente que o actual DH.D36.79243, porque, ó parecer, houbo un erro material, erro que, coas consecuencias legais correspondentes que poden afectar ó dereito de defensa, nunca lle foi notificado a este concello; pois ben, se, como afirma agora a denunciante, é o mesmo expediente, o requirimento foi debidamente cumprido e non pode solaparse co fatuo argumento de que se trata, agora, da petición dun informe complementario sobre o estado dun determinado procedemento municipal.

A denunciante requiriu a este concello a que sinalase as medidas adoptadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados, o concello respondeu en tempo que xa está a tramitar (incluso dende antes de tal requirimento) o preceptivo expediente municipal con ese fin, faltando, mediante a incoación do oportuno expediente administrativo, a autorización de todos os propietarios dos terreos que é necesario ocupar; incluír agora no mesmo procedemento sancionador a petición dunha información complementaria, cuxo único obxecto é informar sobre o estado da tramitación do proxecto municipal, non supón a acción típica, culpable e sancionada no artigo 85 k) da citada lei autonómica, trátase da petición dunha información que ten as súas canles legais preceptivas específicas dentro do postulado da lealdade e igualdade entre administracións públicas, supoñendo un uso abusivo e ilegal da potestade sancionadora incluíla como acción sancionada nese precepto aínda que para elo se utilice torticeiramente o substantivo requirimento.

En definitiva, non existe a acción típica imputada a este concello por dúas razóns: porque este concello atendeu o requirimento e porque a petición de información sobre o estado de tramitación de tal cumprimento do requirimento non constitúe a acción sancionada no artigo 85 k) da Lei galega de augas.

### **Terceira.- Sobre a agravante aplicada na resolución e a súa improcedencia**

A pesares de ser unha lei autonómica que tan directamente afecta á denunciante, trabúcase a resolución impugnada en todo o que afirma na letra f) do fundamento terceiro.

a) O artigo 87º da Lei 9/2010 galega, que leva por rúbrica *criterios para a determinación e graduación da infracción*, no seu punto 1 non establece ningunha agravante senón que sinala os criterios para a maior ou menor gravidade das infraccións (leve, grave, moi grave), artigo que coincide co 117.1 do TRLA e co artigo 321 do RDPH.

b) Na resolución créase *ex novo*, valga o pleonasma, unha agravante non prevista no parágrafo 3 do citado precepto, único onde se establece legalmente a agravante que pode apreciarse, o que supón a vulneración do principio de legalidade.

c) A resolución aplica a inexistente agravante de “transcendencia do vertido” que dí prevista no art. 87.1; como xa xe dixo, neste punto do precepto non solo no se recolle ningunha agravante, senón que nunca alude, menciona, os termos “transcendencia de vertido”.

Por non existir, a propia resolución, orixinando unha indefensión e creando un novo criterio de determinación da gravidade da infracción e da sanción, non identifica a letra do precepto que está a aplicar, se se refire ao previsto na letra b) -transcendencia na seguridade das persoas ou bens- nin se motiva nin pode manterse por unha obvia razón, ¿cómo pode sosterse que afecta á seguridade de persoas e/ou bens que o concello non informe sobre o estado de tramitación do expediente municipal?

Concluíndo: a lei nin contempla a agravante que idea a resolución, nin sequera a contempla como criterio de determinación da gravidade da infracción e da sanción, e, se nunha interpretación ampla a considera incluída no art. 87º.1 b), a resolución non motiva como o non informar sobre o estado de tramitación do expediente municipal afecta a seguridade das persoas e bens.

#### **Cuarta. Conclusións**

En definitiva, o Concello cumpriu coas súas obrigas polo que nin existe a infracción imputada tipificada no artigo 85 k) da Lei 9/2010, de augas de Galicia, nin a agravante aplicada, o concello atendeu o requirimento informando á denunciante da tramitación dun proxecto de obras para evitar os vertidos, en non constitúe desobediencia, non constitúe a acción típica sancionada non informar en prazo do estado de tramitación de tal proxecto, existindo un uso ilegal da potestade sancionadora.

Polo exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. Interpoñer recurso de alzada contra a resolución da Directora de Augas de Galicia notificada o 07.04.2022, expediente sancionador DH.D36.79243, que impón ó Concello de Vigo unha multa por importe de 4.500 € pola comisión dunha infracción leve tipificada no



## Concello de Vigo

artigo 85 k) da Lei 9/2010, de augas de Galicia, solicitando o arquivo do expediente sancionador con base nas alegacións sinaladas neste informe.

2. Delegar no concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos a sinatura do recurso de alzada.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(307).- PROPOSTA DE ENCOMENDA REDACCIÓN PROXECTO “SUBSTITUCIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS”. EXPTE. 1251/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 25/04/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Area, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 22 de abril de 2022 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“SUBSTITUCIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS**. O devandito informe indica o seguinte:

*A rúa Salceda de Caselas, no barrio de Coia ten unha configuración “en fondo de saco”. Esta circunstancia, xunto coas pendentes existentes, determinan que a rede de saneamento desauge cara a rúa Tomiño, discorrendo no seu treito final polos xardíns dos edificios nº 13 e 15 da rúa Salceda de Caselas e baixo os edificios dos nº 1 e 3 da rúa Tomiño.*

*A rede de saneamento configúrase mediante un colector de formigón de 300 mm de diámetro e de profundidade media entornando aos 3,5 metros e que acada os 5,5 metros de profundidade en algúns puntos. O colector foi construído a mediados do pasado século, e tras unha recente rotura someteuse a unha inspección, detectando que o seu estado de conservación require da súa renovación, circunstancia esta especialmente necesaria tendo en conta a condición antes descrita de que parte do seu trazado discorre baixo a planta de edificacións privadas.*

**V.-** A vista deste informe, con data 22 de abril de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“SUBSTITUCIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS”**

**VI.-** O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“SUBSTITUCIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS”**.

#### ACORDO



**Concello de Vigo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade da actuación artística da “Sant Andreu Jazz Band” con motivo da conmemoración do día Internacional do Jazz. Expte. 9212/335.
- Recurso de alzada interposto contra acordo do tribunal cualificador do proceso selectivo da bolsa para nomeamentos interinos de técnicos medios en relacións laborais. Expte. 38642/220
- Proposta de creación dunha bolsa de emprego para nomeamentos interinos como técnicos medios en relacións laborais. Expte. 39781/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **19(308).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA “SANT ANDREU JAZZ BAND” CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO JAZZ. Expte. 9212/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 26/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación (PD. 21/06/19), que di o seguinte:

S.ord. 28/04/2022

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade da actuación artística da “SANT ANDREU JAZZ BAND” CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO JAZZ (PCAP)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de abril de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo da actuación artística da SANT ANDREU JAZZ BAND o día 30 de abril con motivo da celebración do “Día Internacional do Jazz” dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 13 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 13 de abril de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 32.670,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 27.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** O 21 de abril de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á FUNDACIÓN MAYEUSIS, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** O 25 de abril de 2022 FUNDACIÓN MAYEUSIS, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.





## Concello de Vigo

**Cuarto.-** O 25 de abril de 2022, reúnen-se a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal e constatouse a presentación da documentación esixida na cláusula 13.7A) do PCAP, sendo posible a emenda da solvencia técnica tras a clasificación (cláusula 18.1), polo que se procedeu á apertura da proposición económica contida no sobre B, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o grupo musical xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*.

De conformidade co criterio contemplado na cláusula 16 do PCAP, dado que o licitador non ofertou baixa a súa oferta non está incurso en presunción de anormalidade.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que o licitador non achegou no sobre A toda a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19) formularon proposta de clasificación ao órgano de contratación.

**Quinto.-** Con data do 25 de abril de 2022, a concelleira delegada de Contratación (por delegación da Xunta de Goberno local (acordos de datas 20.06.2019 e 05.09.2019) resolveu o seguinte:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade da actuación artística da “SANT ANDREU JAZZ BAND” CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO JAZZ (expte. 9.212-335) na seguinte orde decrecente:*

Orde	Licitador
1	FUNDACIÓN MAYEUSIS

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado, FUNDACIÓN MAYEUSIS (G-36.842.490), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación acreditativa da solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP:

*“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ao prezo do contrato.*

*Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.*

*Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.*

Esta resolución foi notificada ao licitador o mesmo día da súa sinatura.

**Sexto.-** Dentro do prazo concedido, o 26 de abril de 2022, FUNDACIÓN MAYEUSIS presentou a documentación requirida (documento nº 2200819169).

**Sétimo.-** Con data do 26 de abril de 2022 reuníronse a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19) para revisar a documentación presentada en cumprimento do previsto na cláusula 18.2 do PCAP, resultando correcta.

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, FUNDACIÓN MAYEUSIS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 25 e 26 de abril de 2022 de apertura dos sobres e revisión da documentación relacionada no artigo 140 da LCSP.



**Concello de Vigo**

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FUNDACIÓN MAYEUSIS (G-36.842.490) o procedemento negociado sen publicidade da actuación artística da “SANT ANDREU JAZZ BAND” CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO JAZZ por un prezo total de 32.670,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.670,00 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(309).- RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO DA BOLSA PARA NOMEAMENTOS INTERINOS DE TECNICOS MEDIOS EN RELACIÓNS LABORAIS. Exp. 38642/220**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/04/2022, asinado pola secretaria do órgano de selección do proceso selectivo referido e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- En data 09/04/2022 Y. M. Comesaña Míguez interpón recurso de alzada (doc nº 220072203) contra o acordo do tribunal cualificador do proceso selectivo de data 06/04/2022, publicado o día 07/04/2022, no que acordou respecto a agora recorrente o seguinte: *“Y. M. Comesaña Míguez (doc nº 220042761).-, presenta a alegación o día 27/03/2022. A alegación presentada é extemporánea toda vez que o prazo para presentar alegacións remataba o día 25 de marzo.*

*Existe un error material xa que os 1,7 puntos outorgados corresponde á valoración da experiencia profesional. Non superou ningún proceso selectivo nin acreditou formación*

S.ord. 28/04/2022

*complementaria valorable, polo que carece de puntos neste apartado. O erro non afecta á puntuación total.*

*En canto á alegación de que non se lle valorou a experiencia de mais de 20 anos como TRRL, a pesar de ter cumprimentado o requerimento do 18/02/2022, se lle indica a valoración da experiencia segundo a documentación aportada:*

*.Hogarlin.: código de cotización 05, non se corresponde coa categoría profesional de TMRL*

*Blanco Vázquez: dende o 07/03/2017 ao 19/08/2018, 17 meses: **1,7 puntos.***

*Vitrasa": Non se valora por corresponder seu posto a funcións administrativas*

*"Vigo Servicios, SIU" (acreditada vía Acta SMAC), non se valora por ser período anterior ao establecido nas Bases (12/10/2015-12/10/2021) "*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Admisibilidade do recurso

Interponse recurso de alzada por persoa lexitimada en tanto que a recorrente participa como aspirante no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de Técnico medio de relacións laborais, contra acto de trámite que non pon fin a vía administrativa e no prazo legalmente establecido (1 mes) segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da LPAC.

Procede admitir o recurso xa que o interesado presentou o recurso en tempo e forma.

### II.- Do recurso interposto

A Sra. Míguez Comesaña interpón recurso alegando en síntese que non se valorou a relación contractual en Vitrasa dende o 20/08/2018. Afirma que aínda que no contrato aparece indicado o posto de administrativo, achegou un documento que acredita un cambio de posto de traballo dende o 1/03/2021, no que se reflexa que dende esa data pasou do posto que exerceu dende o 20/08/2018 como Técnico de RRHH a Xefa de xestión de RRHH. Sobre a base do anterior, solicita que se valore a experiencia como técnico de RRHH dende a incorporación a Vitrasa o 20/08/2018, ampliándose as súas funcións de Técnico a Xefa de RRHH dende o 1/03/2021.

A xurisprudencia determina que as bases da oposición constitúen a «lei de oposición ou concurso», vinculando a Administración e aos que participan en ditas probas selectivas, (Tribunal Supremo, sentenza de 29 abril 2011, Rec. 287/2010).

As bases da convocatoria (BOP nº 186 de 27/09/2021), establecen no punto IV, apartado B o seguinte:

*"EXPERIENCIA PROFESIONAL .- ATA UN MÁXIMO DE 10 PUNTOS*

***1-** 0,30 puntos por cada mes completo de servizos presentados nos últimos 6 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes en funcións de Técnico Medio en Relacións Laborais, subgrupo A2, en calquera Administración Pública.*



**Concello de Vigo**

*Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración Pública correspondente. Non se terá en conta a fracción inferior a un mes.*

*2.- 0,10 por cada mes completo de servizos presentados nos últimos 6 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes en funcións de Técnico Medio en Relacións Laborais, subgrupo A2, no sector privado e en traballo por conta propia.*

***Os servizos indicados neste número 2 acreditaranse mediante informe de vida laboral ou certificación de cotizacións expedidas pola Seguridade Social, acompañada inexcusablemente do certificado ou informe da empresa correspondente, ou contratos de traballo ou nóminas onde consten o tempo traballado e o posto de traballo ocupado.***

A Sra. Comesaña basa seu recurso nunha carta ou comunicación da empresa ofrecéndolle o posto vacante de xefe de xestión de RRHH. Sin embargo esa documentación non pode ser tida en conta polo órgano de selección. Segundo o establecido literalmente nas bases da convocatoria, a única documentación que o órgano de selección pode valorar dentro do apartado de experiencia profesional no sector privado ou por conta propia, é o informe de vida laboral. No caso da recorrente consta o referido informe, de data 27/02/2022, no que figura data de alta na empresa o 20/08/2018, cun grupo de cotización 03, que se corresponde con “xefes administrativos e de taller” sen que consten modificacións.

Ademais, segundo as bases, o informe de vida laboral ten que ir acompañada inexcusablemente de certificado ou informe da empresa ou contrato de traballo ou nóminas. Neste caso a categoría profesional que consta no contrato de traballo aportado, tal e como recoñece a Sra. Comesaña, é a de administrativo.

Así as cousas, na vida laboral e no contrato de traballo, consta respectivamente que a categoría é de xefa de administrativa ou administrativa, pero en ningún caso, técnico medio de relacións laborais. En atención ao exposto, non é posible a estimación do recurso interposto.

**III.-** O órgano competente para resolver o recurso de alzada é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127 .1.h) da LRBRL., polo que sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de alzada interposto por Y. M. Comesaña Míguez contra o acordo do Tribunal cualificador de data 6/04/2022.

**SEGUNDO.-** Notificar á interesada informándolle que contra a presente resolución non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos

S.ord. 28/04/2022

casos establecidos no artigo 125.1 , segundo o establecido no artigo 122.3 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Procedemento Administrativo Común de las Administraci3ns P3blicas.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(310).- PROPOSTA DE CREACI3N DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO T3CNICOS MEDIOS EN RELACI3NS LABORAIS. Exp. 39781/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar f3ra da orde do d3a, de conformidade coa xustificaci3n que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

D3ase conta do informe-proposta de data 26/04/2022, asinado pola t3cnica de Adm3n. Xeral, a xefa da 3rea de Recursos Humanos e Formaci3n e pola concelleira-delegada de Xesti3n Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- Con data 13/09/2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formaci3n dunha bolsa de emprego na categor3a de T3cnico/a Medio de Relaci3ns Laborais, expte. 38173/220, que public3ronse no BOP de Pontevedra n3 186 de data 27 de setembro de 2021.

II.- Por Resoluci3n da Concelleira-delegada da 3rea de Contrataci3n, Patrimonio e Xesti3n Municipal de data 19/11/2021, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente 3 referida Bolsa, 3rgano de selecci3n, as3 como lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 38642/220.

III.- As3 mesmo, por Resoluci3n da Concelleira-delegada da 3rea de Contrataci3n, Patrimonio e Xesti3n Municipal de 10/12/2021 resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas correspondente 3 referida Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos.

IV.- Rematado o proceso selectivo referido, consta na correspondente acta do 3rgano de Selecci3n de data 25/04/2022 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en funci3n da puntuaci3n final obtida de maior a menor -orde descendente-:



## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS - NOME	PROCESOS SELECTIVOS (máx.: 20 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 ptos.)	FORMACIÓN ACADÉMICA (máx. 5 ptos.)	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máx. 2 ptos.)	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FDEZ PORTAS, A.		10		2	12
2	LAGO PORTELA, A.		10		2	12
3	PADÍN MARINO, E.		9,1		2	11,1
4	MÍGUEZ DA COSTA, C.		3,6	5	2	10,6
5	GRAÑA DIEGUEZ, A.L.		4	5	1,5	10,5
6	MÉNDEZ PUGA, M. M.		7,8		2	9,8
7	CAAMAÑO TORRES, A.		7,2		2	9,2
8	RGUEZ, C.		6,2		1	7,2
9	SANGIAO BASTIDA, I.		4,5		2	6,5
10	OTERO MEDRAÑO, A.		3,6		2	5,6
11	VIDAL LAZ, C.		0,3	5		5,3
12	OJEA PÉREZ, F. J.		3,3			3,3
13	CARNERO LÓPEZ, A.				2	2
14	TELLA DOVAL, J. M.				2	2
15	SÁNCHEZ CALO, B.				2	2
16	CID RORÍGUEZ, M.				2	2
17	BELLO ALONSO, M.				2	2
18	ALCOBRE SANTOS, M.				2	2

Nº	APELIDOS - NOME	PROCESOS SELECTIVOS (máx.: 20 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 ptos.)	FORMACIÓN ACADÉMICA (máx. 5 ptos.)	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máx. 2 ptos.)	PUNTUACIÓN TOTAL
19	DURÁN MARTÍNEZ,S.				2	2
20	GONZÁLEZ UCHA J. M.				2	2
21	AGEITOS FUENTES,L.		1,80			1,80
22	SUEIRO FDEZ, B.				1,75	1,75
23	COMESAÑA MÍGUEZ, Y. M.		1,7			1,7
24	VILAR ÁLVAREZ, S.				1,25	1,25
25	PORTA CAMPO, M. A.				1	1
26	MARTÍNS FDEZ, M <sup>a</sup> .C.	0,20			0,75	0,95
27	GIL ALONSO, M. E.				0,75	0,75
28	MÍGUEZ GARCÍA, J. M.				0,25	0,25
29	RGUEZ LORENZO,J.A					0
30	VARELA GUTIÉRREZ,F					0
31	GARCÍA GLEZ, M.					0
32	PRIETO VIEITEZ, A.					0
33	PINTOS PAZOS, S.					0
34	ÁLVAREZ LÓPEZ Y.					0
35	ABELEDON GONZÁLEZ A.					0
36	PÉREZ VÁZQUEZ, P.					0





## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS - NOME	PROCESOS SELECTIVOS (máx.: 20 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 ptos.)	FORMACIÓN ACADÉMICA (máx. 5 ptos.)	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máx. 2 ptos.)	PUNTUACIÓN TOTAL
37	MERINO MARIÑO, M.					0
38	VILAR GUIANCE, J.					0
39	ESTEVA RGUEZ, M.					0
40	VIDAL GUDE, M.					0
41	CREMONA GIL, G.					0
42	FDEZ TOMBILLA, CM					0
43	SÁNCHEZ BLANCO, O.					0
44	ROMERO HERMIDA S.					0
45	ALONSO REGUEIRO, I.					0
46	COSTA OTERO, E.					0
47	RGUEZ RGUEZ, M.					0
48	FDEZ MACIAS, A.					0
49	PÉREZ RGUEZ, A.					0
50	CUESTA IGLESIAS, M.L.					0
51	OTERO CASTRO, S.					0

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no

devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria, establecíase que unha vez rematada a valoración e sumadas as cualificacións correspondentes procederáse á publicación da relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións, por orde de puntuación e de maior a menor, en condicións de ser nomeados ou nomeadas funcionarios interinos en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP.

Así mesmo na base VII establecíase os e as aspirantes que superen a totalidade das probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados como persoal interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP, e normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se proceda á convocatoria de prazas de idénticas condicións en nova bolsa de emprego, ou se inclúan as prazas vacantes en vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de cinco anos.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu propoñer ao órgano competente a formación da bolsa de emprego de Técnico Medio de Relacións Laborais cos seguintes aspirantes ordenados de maior a menor a puntuación, logo de dirimidos os empates, polo que formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e que son os que se sinalan a continuación:



## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS - NOME	PROCESOS SELECTIVOS (máx.: 20 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 ptos.)	FORMACIÓN ACADÉMICA (máx. 5 ptos.)	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máx. 2 ptos.)	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FDEZ PORTAS, A.		10		2	<b>12</b>
2	LAGO PORTELA, A.		10		2	<b>12</b>
3	PADÍN MARINO, E.		9,1		2	<b>11,1</b>
4	MÍGUEZ DA COSTA, C.		3,6	5	2	<b>10,6</b>
5	GRAÑA DIEGUEZ, A.L.		4	5	1,5	<b>10,5</b>
6	MÉNDEZ PUGA, M. M.		7,8		2	<b>9,8</b>
7	CAAMAÑO TORRES, A.		7,2		2	<b>9,2</b>
8	RGUEZ, C.		6,2		1	<b>7,2</b>
9	SANGIAO BASTIDA, I.		4,5		2	<b>6,5</b>
10	OTERO MEDRAÑO, A.		3,6		2	<b>5,6</b>
11	VIDAL LAZ, C.		0,3	5		<b>5,3</b>
12	OJEA PÉREZ, F. J.		3,3			<b>3,3</b>
13	CARNERO LÓPEZ, A.				2	<b>2</b>
14	TELLA DOVAL, J. M.				2	<b>2</b>
15	SÁNCHEZ CALO, B.				2	<b>2</b>
16	CID RORÍGUEZ, M.				2	<b>2</b>
17	BELLO ALONSO, M.				2	<b>2</b>
18	ALCOBRE SANTOS, M.				2	<b>2</b>

Nº	APELIDOS - NOME	PROCESOS SELECTIVOS (máx.: 20 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 ptos.)	FORMACIÓN ACADÉMICA (máx. 5 ptos.)	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máx. 2 ptos.)	PUNTUACIÓN TOTAL
19	DURÁN MARTÍNEZ,S.				2	2
20	GONZÁLEZ UCHA J. M.				2	2
21	AGEITOS FUENTES,L.		1,80			1,80
22	SUEIRO FDEZ, B.				1,75	1,75
23	COMESAÑA MÍGUEZ,Y. M.		1,7			1,7
24	VILAR ÁLVAREZ, S.				1,25	1,25
25	PORTA CAMPO, M. A.				1	1
26	MARTÍNS FDEZ, M <sup>a</sup> .C.	0,20			0,75	0,95
27	GIL ALONSO, M. E.				0,75	0,75
28	MÍGUEZ GARCÍA, J. M.				0,25	0,25
29	RGUEZ LORENZO,J.A					0
30	VARELA GUTIÉRREZ,F					0
31	GARCÍA GLEZ, M.					0
32	PRIETO VIEITEZ, A.					0
33	PINTOS PAZOS, S.					0
34	ÁLVAREZ LÓPEZ Y.					0
35	ABELEDON GONZÁLEZ A.					0
36	PÉREZ VÁZQUEZ, P.					0



## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS - NOME	PROCESOS SELECTIVOS (máx.: 20 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 ptos.)	FORMACIÓN ACADÉMICA (máx. 5 ptos.)	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máx. 2 ptos.)	PUNTUACIÓN TOTAL
37	MERINO MARIÑO, M.					0
38	VILAR GUIANCE, J.					0
39	ESTEVA RGUEZ, M.					0
40	VIDAL GUDE, M.					0
41	CREMONA GIL, G.					0
42	FDEZ TOMBILLA, CM					0
43	SÁNCHEZ BLANCO, O.					0
44	ROMERO HERMIDA S.					0
45	ALONSO REGUEIRO, I.					0
46	COSTA OTERO, E.					0
47	RGUEZ RGUEZ, M.					0
48	FDEZ MACIAS, A.					0
49	PÉREZ RGUEZ, A.					0
50	CUESTA IGLESIAS, M.L.					0
51	OTERO CASTRO, S.					0

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 16 de xullo de 2021, adopto acordo de aprobación dos "criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo", (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 151, de 09/08/2021, no que se establece entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.*

*As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.*

*As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”*

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**“Primeiro.-** Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a Medio Relacións Laborais, que inclúe as persoas en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

Nº	APELIDOS - NOME	DNI
1	FERNÁNDEZ PORTAS, A.	***2197**
2	LAGO PORTELA, A.	***8726**
3	PADÍN MARINO, E.	***0365**
4	MÍGUEZ DA COSTA, C.	***7920**



## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS - NOME	DNI
5	GRAÑA DIEGUEZ, A. L.	***7547**
6	MÉNDEZ PUGA, M. M.	***7637**
7	CAAMAÑO TORRES,A.	***8627**
8	RODRÍGUEZ, C.	***8349**
9	SANGIAO BASTIDA, I.	***9597**
10	OTERO MEDRAÑO, A.	***1322**
11	VIDAL LAZ, C.	***8931**
12	OJEA PÉREZ, F. J.	***7186**
13	CARNERO LÓPEZ, A.	***5075**
14	TELLA DOVAL, J. M.	***5008**
15	SÁNCHEZ CALO, B.	***8910**
16	CID RORÍGUEZ,M.	***4579**
17	BELLO ALONSO,M.	***6675**
18	ALCOBRE SANTOS,M.	***9152**
19	DURÁN MARTÍNEZ,S.	***9996**
20	GONZÁLEZ UCHA J. M.	***4638**
21	AGEITOS FUENTES,L.	***3405**
22	SUEIRO FERNÁNDEZ, B.	***0757**
23	COMESAÑA MÍGUEZ,Y. M.	***4609**
24	VILAR ÁLVAREZ, S.	***0765**
25	PORTA CAMPO, M. A.	***7068**
26	MARTÍNS FERNÁNDEZ, M <sup>a</sup> .C.	***8183**
27	GIL ALONSO, M. E.	***3596**
28	MÍGUEZ GARCÍA, J. M.	***4034**
29	RGUEZ LORENZO, J. A.	***6745**
30	VARELA GUTIÉRREZ,F	***9468**
31	GARCÍA GONZÁLEZ, M.	***6794**
32	PRIETO VIEITEZ, A.	***1718**
33	PINTOS PAZOS, S.	***6312**
34	ÁLVAREZ LÓPEZ Y.	***2225**
35	ABELED0 GONZÁLEZ A.	***5580**

Nº	APELIDOS - NOME	DNI
36	PÉREZ VÁZQUEZ, P.	***5921**
37	MERINO MARIÑO, M.	***4507**
38	VILAR GUIANCE, J.	***5159**
39	ESTEVA RGUEZ,M.	***6053**
40	VIDAL GUDE, M.	***7421**
41	CREMONA GIL, G.	***8397**
42	FERNÁNDEZ TOMBILLA, C.M.	***0342**
43	SÁNCHEZ BLANCO,O.	***2887**
44	ROMERO HERMIDA S.	***5665**
45	ALONSO REGUEIRO, I.	***4882**
46	COSTA OTERO,E.	***1000**
47	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ,M.	***8637**
48	FERNÁNDEZ MACIAS,A.	***8704**
49	PÉREZ RODRÍGUEZ,A.	***5029**
50	CUESTA IGLESIAS, M.L.	***5823**
51	OTERO CASTRO, S.	***5015**

**Segundo.**- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(311).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,





**Concello de Vigo**

Yolanda Aguiar Castro.

A PRIMEIRA TTE. DE ALCALDE (RA 28/04/2022)  
M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego.